



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 15 de maio de 2026

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a. Ana M.^a Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a M^a José Caride Estévez
D^a Yolanda Aguiar Castro

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día quince de maio de dous mil vinte e seis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(378).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 6 de maio e ordinaria do 8 de maio de 2026. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(379).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO E ACTUALIZACIÓN DE LICENZAS ARCGIS DESKTOP E ARCGIS ONLINE. EXPTE. 10948/113.

Visto o informe xurídico do 08/05/2026 e o informe de fiscalización do 11/05/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 08/05/2026, asinado polo técnico responsable de modernización e innovación, o xefe do Servizo de Administración Electrónica e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/05/2026 09:41	Páxina 1 de 233
2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026	CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ANTECEDENTES

1.- En data 26/02/2026 o Xefe de servizo de Administración Electrónica, iniciou o expediente coa finalidade da contratación da adquisición e mantemento de un conxunto de licencias ArcGis dos sistemas GIS, tanto Desktop como Online, propiedade do Concello de Vigo.

2.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 26/02/2026 e co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.

- Documentos económicos sobre a existencia de crédito de data 16/03/2026 asinados pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 20/03/2026 asinado polo Técnico Responsable de Modernización e Innovación e polo Xefe do servizo de Administración Electrónica.

- Memoria xustificativa do contrato de data 20/03/2026, asinada polo Técnico Responsable de Modernización e Innovación e polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade da mesma data.

- Informe sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos o 15/04/2026.

- Memoria económica do contrato de data 08/05/2026, asinada polo Técnico Responsable de Modernización e Innovación e polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e do Concelleiro da área de Orzamentos e Facenda da mesma data.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos o 08/05/2026.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 2 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada polo Decreto da Alcaldía de data 19 de xuño do 2023 de estrutura das áreas, que se completa coa Resolución da Alcaldía do 20 de xuño do 2023 de delegación de competencias e Acordo da Xunta de Goberno Local de 22 de xuño de 2023 de delegación de competencias. A concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal mediante resolución de data 26/02/2026 autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 16 da LCSP, tramítase como un contrato de subministros.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexerán o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na Memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria co prezo como único criterio de valoración, conforme ao disposto no artigo 116 e 131 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 3 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto e ordinario coa finalidade de realizar a contratación do subministro e mantemento de un conxunto de licencias ArcGis dos sistemas GIS, tanto Desktop como Online, propiedade do Concello de Vigo, no que constan:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 26/02/2026 e co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.
- Documentos económicos sobre a existencia de crédito de data 16/03/2026 asinados pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 20/03/2026 asinado polo Técnico Responsable de Modernización e Innovación e polo Xefe do servizo de Administración Electrónica.
- Memoria xustificativa do contrato de data 20/03/2026, asinada polo Técnico Responsable de Modernización e Innovación e polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade da mesma data.
- Informe sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos o 15/04/2026.
- Memoria económica do contrato de data 08/05/2026, asinada polo Técnico Responsable de Modernización e Innovación e polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e do Concelleiro da área de Orzamentos e Facenda da mesma data.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos o 08/05/2026.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de **16.628,06 €**, que inclúe un IVE de 2.885,86 €, dende o 1 de xullo de 2026, segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:

Exercicio	Concepto	Partida/Proxecto	Base	IVE	TOTAL
2026	LICENCIAS DE PRODUCTOS INFORMÁTICOS	9207.2090000	13.742,20€	2.885,86	16.628,06
Total			13.742,20€	2.885,86	16.628,06



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 4 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

TERCEIRO.- Asumir o compromiso de dotar orzamentariamente o gasto de **33.256,12 €**, que inclúe un IVE de 5.771,72 €, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e exercicios:

Exercicio	Concepto	Partida/Proxecto	Base	IVE	TOTAL
2027	LICENCIAS DE PRODUCTOS INFORMÁTICOS	9207.2090000	13.742,20€	2.885,86	16.628,06
2028	LICENCIAS DE PRODUCTOS INFORMÁTICOS	9207.2090000	13.742,20€	2.885,86	16.628,06
Total			27.484,40 €	5.771,72 €	33.256,12 €

CUARTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(380).- PROXECTO DE CONVENIO COA FUNDACIÓN CASA CARIDAD DE VIGO-HOGAR S.JOSÉ PARA O SOSTEMENTO DO COMEDOR SOCIAL “LA ESPERANZA” (2026-2029). EXPTE. 290707/301.

Visto o informe xurídico do 07/04/2026 e o informe de fiscalización do 05/05/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 06/04/2026, asinado polo xefe de Área de Benestar Social e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. INFORME

I.1. Na necesidade de atender ás persoas que se atopan en situación ou risco de exclusión social reside a conveniencia de articular un sistema de axudas públicas a asociacións sen ánimo de lucro e institucións que teñan como obxectivo a atención inmediata a este colectivo.

I.2. Dentro destas asociacións ou institucións, a Concellería de Política Social do Concello de Vigo ven traballando desde hai tempo coa “Fundación Casa de Caridad – Hogar S. José”, entidade colaboradora que presta un servizo inestimable que cubre as necesidades básicas de persoas en estado de necesidade mediante o comedor social “La Esperanza”, que ofrece, ademais de comedor a mediodía, servizo de duchas e un roupeiro para homes e mulleres.

I.3. Rematada a vixencia do anterior Convenio 2022-2025, aprobado na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 05.05.2022 (Exp. núms. 233139/301 e 233138/301) e asinado

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 5 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

polas partes o 16.05.2022, estímase conveniente a continuación desta colaboración para os exercicios de 2026 a 2029, a fin de garantir un marco máis estable que permita unha mellor prestación deste servizo de atención ás persoas.

I.4. Para tal efecto, no orzamento da Concellería de Política Social do ano 2026 existe consignación de crédito, na aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.05 – “*FUNDACIÓN CASA DE LA CARIDAD DE VIGO-HOGAR S. JOSÉ*” (80.000€). As subvencións previstas para os exercicios posteriores de 2027, 2028 e 2029 (outros 80.000€/ano) estarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos deses anos e á inclusión desta liña de subvencións (“*Liña 1.6. Axudas de emerxencia*”) no novo Plan Estratéxico de Subvencións (PES) que substitúa ó vixente PES 2024-2026.

I.5. O seu réxime é o de concesión directa a teor dos artigos 22.2 da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 19.4 da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

I.6. A concesión desta subvención (nominativa) abeirase tanto na lexislación sectorial en materia de servizos sociais como na Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na que se indica que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de servizos sociais «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela*» e que «*non se entenderá como exercicio de novas competencias*», entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

I.7. Canto á vixencia deste Convenio, propónse que esta sexa de catro (4) anos (2026, 2027, 2028 e 2029), de acordo co previsto no Art. 49.h] da LRXSP e, especificamente, no Art. 31 da L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a «*garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio*».

En todo caso, como dixemos antes, as anualidades futuras quedarán necesariamente subordinadas ó crédito que se consigne no seu caso nos respectivos orzamentos de 2027, 2028 e 2029 e á inclusión desta subvención no PES.

II. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a proposta de convenio de colaboración elaborada, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar o «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “FUNDACIÓN CASA DE CARIDAD DE



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 6 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

VIGO – HOGAR S. JOSÉ” PARA O SOSTEMENTO DO COMEDOR SOCIAL “LA ESPERANZA” (2026 – 2029)»; recurso complementario dos municipais destinados á atención das necesidades básicas de alimentación de persoas en estado de necesidade.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto total de 320.000 €, a razón de 80.000€/ano, con cargo no exercicio de 2026 á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.05 – “Fundación Casa de la Caridad de Vigo-Hogar S. José”. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2027, 2028 e 2029) estarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais e á inclusión desta liña de subvencións (“Liña 1.6. Axudas de emerxencia”) no novo Plan Estratéxico de Subvencións (PES) que substitúa o vixente PES 2024-2026.

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “convocatoria instrumental” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

«CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “FUNDACIÓN CASA DE CARIDAD DE VIGO – HOGAR S. JOSÉ” PARA O SOSTEMENTO DO COMEDOR SOCIAL “LA ESPERANZA” (2026 – 2029)».

En Vigo, na Casa do Concello, o [data da sinatura electrónica]

COMPARECEN

Dunha parte,

A Concelleira da Área de goberno de Política Social e Participación cidadá do Concello de Vigo, D^a Yolanda Aguiar Castro, asistida pola Secretaria de Goberno local.

Doutra parte,

D.^a M^a del Carmen Cornejo-Molíns González, con DNI nº 35.997.870-H, Presidenta do Patronato da “Fundación Casa de Caridad de Vigo – Hogar S. José”, con enderezo para os efectos de notificación na rúa S. Francisco nº 69 de Vigo.

INTERVEÑEN

D^a. Yolanda Aguiar Castro, na súa condición de Concelleira da Área de goberno de Política Social e Participación cidadá do Concello de Vigo, de acordo coas Resolucións da Alcaldía – Presi-

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 7 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

dencia de estruturación dos servizos corporativos do Concello de Vigo e delegación de competencias, xenéricas e específicas, nos/as concelleiros/as (2023-2027), na Resolución do 25.09.2025 de delegación de competencias na Área de Goberno de Política Social e Participación Cidadá (BOPPO n.º 186, do 30.09.2025) e na Resolución do 20.06.2023, de delegacións xenéricas en concelleiros/as de Área de goberno e concelleiros/as delegados/as (BOPPO n.º 124, do 28.06.2023; Apdo. Primeiro, j).

Dª Mª del Carmen Cornejo-Molíns González, actuando en representación da «Fundación Casa de Caridad de Vigo – Hogar San José» (CIF G-36626174), segundo así resulta da documentación achegada ó expediente, asegurando a comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

A Secretaria de Goberno local, ós meros efectos de asistencia á Sra. Concelleira e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

As comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I.- Que a «Fundación Casa de Caridad de Vigo – Hogar San José» ten entre os seus obxectivos a atención e promoción das persoas en situación de desvantaxe social, desde o principio da autodeterminación e a promoción persoal e social. Adícase á atención das necesidades básicas das persoas excluídas ou en risco de exclusión social que residen, temporal ou permanentemente, en Vigo, proporcionándolles prioritariamente alimentación e aseo persoal, a través dun comedor social e dunha unidade de hixiene vinculada a este.

II.- Que o “Comedor de la Esperanza”, dependente da «Fundación Casa de Caridad de Vigo – Hogar San José», constitúe un equipamento propio dos servizos sociais de atención primaria da cidade, sendo esta Fundación unha entidade sen ánimo de lucro que ven asistindo ás persoas en estado de necesidade desde hai moitos anos en colaboración cos servizos sociais municipais.

III.- Que o Concello de Vigo é coñecedor da existencia dun colectivo de persoas en situación de emerxencia social que teñen a necesidade de acudir a este recurso para poder subsistir nunhas condicións minimamente dignas, sendo complementario dos recursos propios dos servizos sociais do Concello como, por exemplo, o comedor social do Albergue – CIIES da rúa Marqués de Valterra.

IV.- Que de acordo co disposto no Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «*avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social*»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 8 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residenciase na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da L.27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, considera que «*non se entenderá como exercicio de novas competencias*», entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela*» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

V.- Que a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

De feito, a propia L.13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrència competitiva na xestión das subvencións, por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrència pública.

Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

VI.- Que a subvención que se instrumenta mediante este Convenio de colaboración está prevista nominativamente nos orzamentos municipais para 2026, polo que ten a consideración de subvención directa segundo o disposto nos Arts. 28 da L.38/2003, xeral de subvencións e 26 da L.9/2007, de subvencións de Galicia, e, a mais abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión.

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 9 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

VII.- Que o presente convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de Execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Exposto o que antecede, as partes intervincentes conclúen este convenio a fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, con suxeición ás seguintes,

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da «Fundación Casa de Caridad de Vigo – Hogar San José» para o sostemento do comedor social “Comedor de la Esperanza” situado na rúa S. Francisco nº 69.

SEGUNDA.- A «Fundación Casa de Caridad de Vigo – Hogar San José» comprométese a colaborar coa Concellería de Política Social do Concello de Vigo na atención e promoción das persoas en situación de desvantaxe social e, concretamente a:

1º) Xestionar o funcionamento dun comedor social para a atención de persoas en situación ou risco de exclusión social con necesidades de manutención que residen temporal ou permanentemente neste Concello, sen distinción ideolóxica, relixiosa, étnica ou doutra clase.

2º) Atender no comedor social ás persoas derivadas polos servizos sociais de atención primaria do Concello de Vigo.

3º) Ofrecer, a través do citado equipamento, un servizo de almorzo ou xantar para persoas con necesidades de alimentación.

4º) Cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da L.9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5º) Presentar oficialmente toda a documentación relativa ó Convenio a través do Rexistro electrónico municipal, en cumprimento da obriga legal de relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas establecida no Art. 14.2.a) da L.39/2015, do 01 de outubro (LPACAP).

TERCEIRA.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á «Fundación Casa de Caridad de Vigo – Hogar S. José» unha subvención para cada un dos exercicios de (2026-2029) por importe máximo de 80.000€/ano; en total, polo periodo de vixencia do convenio: 320.000€. O gasto correspondente a 2026 imputarase a aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.05 – “FUNDACIÓN CASA DE LA CARIDAD DE VIGO-HOGAR S. JOSÉ”. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2027, 2028 e 2029) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos, á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais e á inclusión desta liña de subvencións (“Liña 1.6. Axudas de emerxencia”) no novo Plan Estratéxico de Subvencións (PES) que substitúa ó vixente PES 2024-2026.

A contía anual da subvención prevista calculouse de forma obxectiva e con base nas previsións da propia Fundación, acordándose polas partes que a achega municipal fose a razón de 1,75€/menú; o que representaría, aproximadamente, un 25% do custo das comidas servidas ás persoas derivadas polos servizos sociais municipais.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/05/2026 09:41	Páxina 10 de 233
2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026	CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

CUARTA.- Xustifícase expresamente o período de vixencia deste Convenio no disposto no Art. 31 da L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a *«garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio»*.

QUINTA.- O réxime de pagamentos acordado é o seguinte:

1. No ano 2026, o 50% da cantidade anual á sinatura do convenio. Nos anos 2027, 2028 e 2029, o 50% da cantidade anual, no primeiro trimestre do ano. Para tal efecto deberán achegar o proxecto para o exercicio en curso e a Memoria anual completa do exercicio anterior. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiaria como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario convenir un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.
2. O 50% restante, unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 31 de outubro de cada un dos catro (4) exercicios, mediante facturas orixinais (pagadas) ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, acreditativos dos gastos e presentación de Memoria anual. Ó anterior unirase unha certificación do cumprimento do Convenio asinada polo/a funcionario/a responsable do programa.

Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente previamente unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

SEXTA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

SÉTIMA.- En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de Subvencións.

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 11 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

OITAVA.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

NOVENA.- No caso de que a entidade beneficiaria leve a cabo algún tipo de accións de publicidade ou difusión das actividades deberá dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada previa conformidade da Concellería de Política Social e incluír de maneira explícita os seus logotipos de identificación corporativa.

DÉCIMA.- O Convenio perfeccionarase pola prestación do consentimento das partes, entrará en vigor no momento da súa sinatura e estará vixente ata a completa execución do proxecto ó que se refire. Para os efectos do establecido na L.40/2015 (Art. 49.h) e Disp. Adic. Oitava), o seu prazo de vixencia será de catro (4) anos (2026 – 2029), condicionado ó cumprimento dos obxectivos, á existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente en cada un dos exercicios e á inclusión desta liña de subvencións no novo Plan Estratéxico de Subvencións.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Calquera alteración do contido deste Convenio precisará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e instrumentarase mediante a correspondente *Addenda*.

DÉCIMO SEGUNDA.- O Convenio extinguirase, ordinariamente, polo cumprimento total das actuacións que constitúen o seu obxecto ou ben por acordo unánime das partes, por decisión xudicial declaratoria da súa nulidade ou por incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cadaquén. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. De se incumplir tal requirimento procederá a resolución do Convenio e, de ser o caso, a esixencia da indemnización que proceda polos danos e perdas ocasionados. En todo caso, tocante ós efectos da resolución do Convenio estarase ó disposto na súa normativa reguladora (Art. 52 LRXSP e ccdtes.).

DÉCIMO TERCEIRA.- Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión crearase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas coñecidos da actividade, coordinación e solución de controversias. Estará composta por dous representantes da «Fundación Casa de Caridad de Vigo – Hogar S. José» e dous técnicos municipais de Benestar social, presidida polo/a Concelleiro/a responsable da Área de servizos sociais do Concello (ou persoa na que delegue).

DÉCIMO CUARTA.- A «Fundación Casa de Caridad de Vigo – Hogar S. José» comprométese a someterse á lexislación vixente en materias sanitaria e de seguridade para as persoas usuarias do Servizo, facéndose responsable dos eventuais danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.

DÉCIMO QUINTA.- A «Fundación Casa de Caridad de Vigo – Hogar S. José» poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a correcta execución deste Convenio, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña a existencia de relación laboral de ningunha clase destas persoas co Concello de Vigo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/05/2026 09:41	Páxina 12 de 233
2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026	CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

DÉCIMO SEXTA.- A beneficiaria comprométese a presentar antes do día 1 de novembro de cada un dos catro exercicios (2026, 2027, 2028 e 2029) a documentación xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da L.38/2003 e 28 da L.9/2007, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do RD.887/2006, que conterá memoria de actuación xustificativa e memoria económica xustificativa.

Para tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá achegarse necesariamente a través da sé electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela e incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

-Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas.

Ademais, ata que estea operativa a aplicación informática que permita, mediante códigos QR, a xestión das demandas das persoas usuarias dos servizos sociais, a «Fundación Casa de Caridade de Vigo – Hogar S. José» remitirá á Concellería de Política Social, con periodicidade mínima trimestral, unha relación completa dos/as usuarios/as derivados/as polos servizos sociais municipais que foron atendidas no “Comedor de la Esperanza”, que permita ir verificando durante a súa execución o cumprimento do acordado neste Convenio.

-Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1. Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, datas de emisión e pagamento. Poden incluírse nesta relación as previsións de gastos periódicos ininterrompidos correspondentes ó período 01 de novembro – 31 de decembro de cada exercicio.
2. Nominas, contratos de traballo e documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social (RNT e RLC).
3. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
4. Unha declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:
 - Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
 - Que foron abonadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.
 - Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 13 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total (Base 38.4 execución orzamentos).

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

Será esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, reflectíndose nunha Táboa todos os gastos acreditados mediante as mesmas.

Se a beneficiaria da axuda solicitase a devolución dos xustificantes orixinais que se tiveron en conta para facer a fiscalización e o pagamento, se estes fosen facturas en papel, o servizo xestor das axudas procederá á súa devolución, obtendo os orixinais do expediente electrónico, que serán substituídas con copias validadas que serán enviadas polo servizo xestor do gasto, procedendo ó “*estampillado*” de todas as facturas orixinais retiradas, na que se fará constar, que a devandita factura foi tida en conta na conta xustificativa da subvención outorgada polo servizo, que quedará reflectida no corpo da factura. En ningún caso serán retirados os orixinais sen achegar copias compulsadas que substituirán aos orixinais.

No caso de xustificación con facturas electrónicas, no documento asociado á factura electrónica, farase constar esta circunstancia. De non ser posible esta acreditación, a xefatura do servizo, ante a solicitude do beneficiario, emitirá un informe no que se acreditará os números de facturas que se tiveron en conta para xustificar a subvención ante o Concello (Base 38.4.B] execución orzamentos).

DÉCIMO SÉTIMA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO OITAVA.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concillería de Política Social. O/a responsable técnico/a do Proxecto emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMO NOVENA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concillería de Política Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

VIXÉSIMA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 14 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

VISÉXIMO PRIMEIRA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos preceptos da LRXSP (L.40/2015) e da LPACAP (L.39/2015) relativos ó exercicio da potestade sancionadora.

VISÉXIMO SEGUNDA.- En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmasse que os datos da entidade beneficiaria e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social. A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto deste Convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan á entidade beneficiaria e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

VIXÉSIMO TERCEIRA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexeráse pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local, a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006, polos pactos que se conteñen neste Convenio, as Bases de execución dos vixentes Orzamentos municipais, o Plan Estratéxico de Subvencións (PES) e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Goberno Local, dou fe.

POLO CONCELLO DE VIGO

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/05/2026 09:41	Páxina 15 de 233
2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026	CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A CONCELLEIRA DA ÁREA DE GOBERNO DE POLÍTICA SOCIAL E PARTICIPACIÓN CIDADÁ,

Asdo.: Yolanda Aguiar Castro

Perante mín,
A SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL,

POLA «FUNDACIÓN CASA DE CARIDAD DE VIGO – HOGAR S. JOSÉ»,

Asdo.: M^a del Carmen Cornejo-Molíns González

4(381).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE “PROGRAMA DE COIDADORES DE BARRIO DO SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL” RESERVADO A EMPRESAS DE INSERCIÓN. EXPTE, 241946/301.

Visto o informe de fiscalización do 08/05/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 06/05/2026, asinado polo xefe de Área de Benestar Social, a xefa do Servizo de Benestar, o asesor xurídico adxunto a Benestar Social e conformado pola concelleira da Área de Goberno, o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda e pola letrada-titular de Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. A Xunta de Goberno Local (XGL) acordou, na súa sesión ordinaria do 31.03.2023, adxudicar á E.I.L. “CORMO INTEGRAL S.L.U.” (B-36.952.166) o procedemento aberto para a contratación do servizo de prestación do «Programa de coidadores de barrio» da Concelleira de Política Social do Concello de Vigo, reservado a empresas de inserción (Disposicións adicionais 4^a e 48^a da LCSP), por un prezo total de 1.832.686,31 € (Exp. n.º 241946/301).

I.2. O correspondente documento contractual foi asinado entre as partes o 08.05.2023, prestando o contratista a súa aceptación expresa ós Pregos de prescricións técnicas (PPT) e cláusulas administrativas (PCAP) que rexeron o procedemento.

I.3. Tanto no contrato (cláusula 4) como no PCAP (cláusula 7 e Apdo. 4.c] FEC) prevese a posibilidade de prorrogar, mediante acordo expreso da XGL, o seu prazo de execución inicial, que é de tres (3) anos, contado a partir do 16.06.2023, mediante dúas (2) prórrogas dun (1) ano de duración cada unha.

I.4. A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo “e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato” (cláusula 7.3 PCAP).

Non foi materialmente posible neste caso cumprir co citado preaviso no prazo establecido no PCAP, pero sí consta a conformidade expresa do actual contratista con esta primeira prórroga para o periodo 16.06.2026 – 15.06.2027 (Doc. n.º 260113053), nos termos da instancia presentada o 05.05.2026 no Rexistro electrónico municipal, asinada polo representante legal (administrador único) de E.I.L. “CORMO INTEGRAL S.L.U.”, anexada ó expediente n.º 241946/301 no trámite n.º 235, comprometéndose expresamente a “manter a



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 16 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

prestación do servizo respectando integramente as condicións e cláusulas estipuladas no contrato orixinal formalizado o pasado 8 de maio de 2023".

I.5. Tramítase a primeira desas dúas posibles prórrogas no expediente administrativo nº 241946/301 do Servizo de Benestar Social e consta nel a seguinte documentación:

- Resolución da Concelleira da Área de goberno de Política Social e Participación Cidadá do 05.05.2026 ordeando a incoación do procedemento administrativo para esta 1ª prórroga (trámite n.º 233).
- Comunicación ó contratista, efectuada e recibida en data 05.05.2026, dándolle traslado da Resolución de inicio do procedemento para a autorización expresa da 1ª prórroga do contrato (trámites núms. 234 – 235).
- Contrato formalizado entre o Concello de Vigo e a entidade "CORMO INTEGRAL S.-L.U." e Pregos de contratación (PPT e PCAP), que constan no mesmo documento contractual (trámite n.º 169).

II. NORMATIVA RELACIONADA

1. CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
2. EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
3. LCSP (L.9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público).
4. RXC (RD.1098/2001, do 12 de outubro, Regulamento xeral da Lei de contratos das Admóns. Públicas), no que non se opoña á LCSP.
5. RD.817/2009, do 8 de maio, Regulamento de desenvolvemento parcial da LCSP.
6. TRLRFL (RD.Lex.2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Farcendas locais).
7. LRBL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
8. TRRL (RD.Lex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
9. LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
10. L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
11. L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
12. RSCL (Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais).
13. LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
14. LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
15. LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
16. ROF (RD.2586/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime xurídico das Entidades locais).
17. L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
18. L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 17 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

19. L.39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.
20. Decreto 156/2007, de 19 de julio, polo que se regula o procedemento para a calificación das empresas de inserción laboral, se crea o seu rexistro administrativo e se establecen as medidas para o fomento da inserción sociolaboral.
21. Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regulan o rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia (DOG nº 14 do 20/10/2012).
22. Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento (DOG nº 63 do 30/03/2012).
23. Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.
24. Guía de Fiscalización da Contratación (versión 01_2021).

III. INFORME

Emítase este informe de acordo co disposto no Art. 175 do ROF, segundo o que os informes para resolver os expedientes redactaranse en forma de proposta de resolución e conterán unha enumeración clara e sucinta dos feitos, as disposicións legais aplicables e alegación razonada da doutrina e os pronunciamentos que debe conter a parte dispositiva.

III.1. COMPETENCIAS MUNICIPAIS EN MATERIA DE SERVICIOS SOCIAIS: XUSTIFICACIÓN.

III.1.1. De acordo co Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «*avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a personas en situación ou risco de exclusión social*»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

III.1.2. A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residenciase na Admón. autonómica.

III.1.3. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercéndose elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta*



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 18 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

III.1.4. Por último, reseñar que a Sentencia do Tribunal Constitucional do 03.03.2016, ditada no recurso de inconstitucionalidade formulado pola Asemblea de Extremadura contra a LRSAL, declarou inconstitucionais e nulos, entre outros, o Art. 57 bis da LRBRL na redacción dada polo Art. 1.17 da LRSAL (cláusula de garantía sobre compensación financeira ás EELL nos convenios que subscriban coas CCAA / *garantía de pagamento no exercicio de competencias delegadas*), a disposición adicional 11ª e as transitorias 1ª, 2ª e 3ª da LRSAL, referidas á asunción polas CCAA das competencias relativas a saúde, servizos sociais e inspección sanitaria, respectivamente, o que supón unha volta á situación anterior á LRSAL e a habilitación ás CCAA para atribuír tales competencias como propias ás CCLL. En definitiva, de acordo coa STC comentada, os municipios terán as competencias que lles atribúsen ou lles atribúan no futuro as leis do Estado e das CCAA, incluídas as relativas a educación, sanidade e servizos sociais.

III.2. PRIMEIRA (1ª) PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS – PROGRAMA COIDA-DORES DE BARRIO: XUSTIFICACIÓN.

III.2.1. Con carácter xeral para todos os contratos, o Art. 29.1 da LCSP preceptúa que a duración dos contratos do sector público deberá establecerse tendo en conta a natureza das prestacións, as características do seu financiamento e a necesidade de someter periodicamente a concorrência a realización daquelas, sen prexuízo das normas especiais aplicables a determinados contratos.

III.2.2. Con carácter xeral, o prazo máximo de duración dos contratos de servizos é de cinco (5) anos, incluídas as posibles prórrogas. Con todo, poderá establecerse nos contratos de servizos relativos ós servizos ás persoas un prazo de duración maior cando fose necesario para a continuidade daqueles tratamentos ás persoas usuarias nos que o cambio do prestador puidese repercutir negativamente (Art. 29.4 LCSP).

III.2.3. O contrato poderá prever, como é o caso, unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que poidan introducirse ó abeiro do establecido nos Arts. 203 a 207 da LCSP. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario sempre que o seu preaviso se produza, alomenos, con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato (a non ser que o Prego establecese un maior), sen que en ningún caso poida producirse a prórroga polo consentimento tácito das partes (Art. 29.2 LCSP).

III.2.4. O contrato formalizado con “CORMO INTEGRAL S.L.U.” é un contrato administrativo de servizos adxudicado mediante procedemento aberto e por un prazo inicial de tres (3) anos desde o 16.06.2023. Como xa se indicou anteriormente, está expresamente prevista

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 19 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

no propio contrato e no PCAP a posibilidade de ampliar a súa duración mediante dúas (2) prórrogas dun (1) ano de duración cada unha.

III.2.5. Tanto a Xefatura do Servizo de Benestar social (responsable das cuestións prácticas relativas á marcha do Servizo e da emisión das directrices ó/a coordinador/a do contratista) como a Xefatura desta Área (responsable do contrato) e a Concelleira de Política Social, consideran conveniente autorizar a prórroga por un (1) ano máis deste contrato, estimando correcta e satisfactoria ata o de agora a execución das prestacións pactadas co contratista e valorando tanto a imposibilidade de asumila con medios propios como a necesidade de garantir a continuidade dun Programa que ten como obxectivos xerais os seguintes:

- Prestar un servizo á cidadanía de Vigo máis vulnerable e con maiores dificultades de inclusión por razóns de idade, limitacións de mobilidade, discapacidades, carencia de rede familiar e/ou social, etc., a fin de que poidan realizar unha vida o máis normalizada posible, saír do seu aillamento e ampliar a súa rede social.
- Garantir a protección dos dereitos das persoas maiores.
- Promover o desenvolvemento dunha existencia digna e autónoma no medio habitual da persoa e en todos os ámbitos da vida, en condicións de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal.
- Incorporar ó mercado laboral a persoas en situación ou risco de exclusión social para que se convirtan en axentes activos do seu propio proceso de empregabilidade.

III.2.6. A prórroga que aquí se propón realizárase nas mesmas condicións inicialmente convidadas entre as partes, sen variación ningunha a respecto das prestacións estipuladas no contrato orixinal subscrito o 08.05.2023, que non foi obxecto de modificación desde a súa adxudicación. Tampouco será necesario neste caso reaxustar a garantía prestada.

III.2.7. O gasto total representado por esta primeira (1ª) prórroga sería de 610.895,44 € e poderá imputarse á aplicación nº 2310.227.99.02 (*“Programa de inserción laboral”*) dos orzamentos municipais; 330.901,70 € ó exercicio de 2026 (do 16.05.2026 ó 31.12.2026) e 279.993,74 € ó exercicio de 2027 (do 01.01.2027 ó 15.06.2027).

Por tratarse dun gasto de carácter plurianual, a efectividade da contía prevista para o exercicio de 2027 estará subordinada á existencia de crédito nos orzamentos dese ano (Art. 174 TRLRFL, Base nº 26).

III.2.8. Antes da súa aprobación polo órgano de contratación (XGL), deberán recabarse e achegarse ó expediente os preceptivos informes da Asesoría Xurídica municipal (Disp. Adic. 3ª, Apdo. 8 LCSP) e de fiscalización da Intervención xeral municipal, como resulta dos Arts. 214 do TRLRFL, 116.3 e DA 3ª Apdo. 3 e ccdtes. da LCSP, xustificando a existencia de crédito adecuado e suficiente para facer fronte ó custo representado por esta prórroga.

III.2.9. A competencia para aprobar a prórroga do contrato correspóndelle á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación que é (Art. 127 LRBRL e D.A. 2ª LCSP), por proposta do responsable do contrato (Cláusula 1, Apdo. 3 PCAP).



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 20 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

IV. CONCLUSIÓNS

Considérase axustada a Dereito a proposta de prorrogar por un (1) ano máis o contrato celebrado o 08.05.2023 polo Concello de Vigo coa entidade "CORMO INTEGRAL S.L.U.", toda vez que:

- Tanto a posibilidade de prorrogar o contrato como o número máximo de prórrogas admisibles están expresamente previstas na LCSP, no propio contrato (cláusula 4) e no Prego de cláusulas administrativas particulares (cláusula 7 e Apdo. 4.c] FEC).
- A concorrência para a súa adxudicación foi realizada tendo en conta xa a duración máxima do contrato, incluídas as prórrogas.
- As características do contrato de servizos formalizado para a execución do «Programa de coidadores de barrio» da Concellería de Política Social permanecerán inalterables.
- Constan, como fundamentación, as causas técnicas que xustifican esta prórroga.
- Consta igualmente no expediente a aceptación expresa do contratista a esta primeira (1ª) prórroga.
- Existiría crédito orzamentario para facer fronte ó gasto, a reserva do que sobre este extremo deba informar a Intervención xeral municipal.

V. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á XGL do Concello de Vigo a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Prorrogar de forma expresa por un periodo dun (1) ano, desde o 16.06.2026 e ata o 15.06.2027, o contrato de servizos de prestación do «Programa de coidadores de barrio» da Concellería de Política Social do Concello de Vigo, reservado a empresas de inserción (Disposicións adicionais 4ª e 48ª da LCSP), adxudicado pola Xunta de Goberno Local do 31.03.2023 á entidade "CORMO INTEGRAL S.L.U." (B-36.952.166) por un prezo total de 1.832.686,31 € (Exp. n.º 241946/301) e formalizado en documento administrativo o 08.05.2023, de conformidade co previsto na LCSP (L.9/2017) e nas cláusulas 4 do contrato e 7 e Apdo. 4.c] FEC do Prego de cláusulas administrativas particulares. O contrato prorrogase nas mesmas condicións inicialmente convidadas entre as partes, sen variación ningunha a respecto das prestacións estipuladas no contrato orixinal subscrito en 2023.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 610.895,44 € que representa esta prórroga a favor de "CORMO INTEGRAL S.L.U.", que poderá imputarse á aplicación nº 2310.227.99.02 ("Programa de inserción laboral") dos orzamentos municipais, correspondendo 330.901,70 € ó exercicio de 2026 (do 16.05.2026 ó 31.12.2026) e 279.993,74 € ó exercicio de 2027 (do

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 21 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

01.01.2027 ó 15.06.2027). Por tratarse dun gasto de carácter plurianual, a efectividade da contía prevista para o exercicio de 2027 estará subordinada á existencia de crédito nos orzamentos dese ano (Art. 174 TRLRFL, Base nº 26).

TERCEIRO.- Notificar este acordo ó contratista, con indicación de que contra él caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)».

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(382).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ANÁLISE DA REPERCUSIÓN MEDIÁTICA E PRESENZA DIXITAL DAS ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS NA CIDADE DURANTE AS CAMPAÑAS DO NADAL. EXPTE, 11598/106.

Visto o informe xurídico do 30/04/2026 e o informe de fiscalización do 06/05/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 12/05/2026, asinado polo xefe do Servizo de Comercio e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Mediante resolución do día 16.01.2026 o concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais acordou iniciar os trámites para a contratación do servizo de recollida de datos e resultados nas redes sociais, medios de comunicación e na contorna dixital.

2.- No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade e orden de inicio do expediente asinado polo xefe do Servizo de Comercio con data 16/01/2026.
- Resolución de inicio de expediente de contratación asinada polo concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais o día 16/01/2026.
- Prego de prescricións técnicas particulares asinado polo xefe do Servizo de Comercio o día 21/04/2026.
- Declaración de neutralidade do redactor do prego de prescrición técnica asinada o día 21.04.2026.
- Documentos económicos de retención de crédito asinados pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria o día 27/01/2026.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 22 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

- Memoria económica do contrato asinada polo xefe do Servizo de Comercio e polo concelleiro da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais o día 21/04/2026 e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda en data 22/04/2026.
- Memoria xustificativa do contrato asinada polo xefe do Servizo de Comercio e polo concelleiro da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais o día 23/04/2026.
- Informe do Servizo de Contratación sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato, asinado pola técnica de administración xeral e pola xefa da Área de Contratación e novos proxectos de data 27/04/2026.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada do servizo de análise da repercusión mediática e presenza dixital das actividades desenvolvidas na cidade durante as campañas do nadal, asinado pola técnica de administración xeral e pola xefa da área de contratación e novos proxectos con data 27/04/2026.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 116.1 da LCSP iníciase polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada por acordo da Xunta de goberno Local de 22/06/2023, posterior correccións mediante resolucións de Alcaldía de data 28/06/2024 e 25/09/2025, e acordo da Xunta de Goberno Local data 07/11/2025 nos concelleiros de Área. O concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especias mediante resolución de data 16/01/2026 autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

Segundo.- O procedemento elixido para a contratación é o aberto simplificado abreviado e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 159.6 e 116 LCSP

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e, nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexeran o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/05/2026 09:41	Páxina 23 de 233
2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026	CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na memoria xustificativa, xustifícase a insuficiencia de medios (116.4.f LCSP), o prezo e a súa determinación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é o aberto simplificado abreviado, e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 e 131.2 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), requírese o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente incorporárase o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xa incorporado ao expediente, xunto co informe da fiscalización previa que achegará a Intervención Xeral, uníranse ao procedemento con carácter previo á aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de contratos do sector público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada da prestación do servizo de análise da repercusión mediática e presenza dixital das actividades desenvolvidas na cidade durante as campañas do Nadal cun orzamento base de licitación máis IVE de doce mil trescentos dezaioito con trinta e un céntimos (12.318,31 €), segundo a seguinte distribución de anualidades:

ANUALIDADE	IMPORTE (sen IVE)	IVE	TOTAL
2026	3.521,06 €	739,42 €	4.260,48 €
2027	5.114,26 €	1.073,99 €	6.188,25 €



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 24 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

2028	1.545,10 €	324,47 €	1.869,57 €
TOTAL CONTRATO	10.180,42 €	2.137,89 €	12.318,31 €

SEGUNDO.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado polo xefe do Servizo de Comercio o día 21/04/2026, así como aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares para a contratación por este procedemento asinado polo técnico de administración xeral e pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 27/04/2026.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto por importe de 4.260,48 € con cargo a aplicación orzamentaria 4310.2270600 “Asistencias técnicas” e asumir o compromiso de dotar nos orzamentos iniciais dos exercicios 2027 e 2028, na aplicación orzamentaria 4310.2270600 “Asistencias técnicas”, crédito por importe de 6.188,25 € e 1.869,57 € respectivamente.

CUARTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista .

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(383).- RESOLUCIÓN DO CONTRATO DE “SERVIZO DE MANTEMENTO E REPARACIÓN, INCLUÍDO O SUBMINISTRO DOS REPOSTOS NECESARIOS PARA AS REPARACIÓN DOS VEHÍCULOS TIPO C1 DO PARQUE MÓBIL”. EXPTE. 7183/241.

Visto o informe xurídico do 05/05/2026 e o informe de fiscalización do 08/05/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 30/04/2026, asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/05/2026 09:41	Páxina 25 de 233
2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026	CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. (LPAC).
- Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (LHL)
- Real decreto 424/2017, do 28 de abril polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto do servizo de mantemento e reparacións, incluído o subministro dos repostos necesarios para as reparacións dos vehículos tipo C1 do Parque Móbil do concello de Vigo (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto do servizo de mantemento e reparacións, incluído o subministro dos repostos necesarios para as reparacións dos vehículos tipo C1 do Parque Móbil do concello de Vigo (PPT)
- Real Decreto Lexislativo 1/2020, do 5 de maio, polo que se aproba o texto refundido da Lei Concursal (LC)

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 12 de maio de 2022, a Xunta de Goberno Local (en adiante a XGL), acordou aprobar o expediente de contratación mixta do servizo de mantemento, reparacións e subministro dos repostos necesarios para as reparacións dos vehículos tipo C1 do parque móbil do Concello de Vigo, autorizar o gasto e abrir a licitación deste procedemento.

Segundo.- O 6 de outubro de 2022, tras a tramitación do procedemento de licitación, a Xunta de Goberno local, acordou:

“Adxudicar a TALLERES FONTÁN, S.L.U. (B-36.634.756) o procedemento aberto mixto para a contratación de servizo de mantemento e reparacións, incluído o subministro dos repostos necesarios para as reparacións dos vehículos tipo C1 do Parque Móbil do Concello de Vigo (15.161-445) coas seguintes condicións:

- a) O prezo máximo do contrato é de 240.544,86 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 41.747,46 euros.*
- b) Cunha porcentaxe de desconto único a aplicar aos prezos unitarios do capítulo no 2 do Anexo II do PPTP de subministro de pezas de recambios do 20 %.*
- c) Cunha porcentaxe de desconto único a aplicar aos prezos unitarios correspondentes ao capítulo nº 1 do Anexo II do PPTP de mantemento e reparación dos vehículos en talleres externos do 18%.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Terceiro.- Para responder do cumprimento deste contrato TALLERES FONTÁN, S.L.U. constitúiu na Tesourería Municipal garantía definitiva mediante aval por importe de 9.939,87 euros, e co número de operación 202200081444.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 26 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

Cuarto.- O 7 de novembro de 2022 formalizouse o contrato en documento administrativo por un prazo de 2 anos, con posibilidade de 2 prórrogas dun ano cada, comezando a súa execución ao día seguinte da formalización.

Quinto.- A Xunta de Goberno local, na sesión do 11 de outubro de 2024, aprobou a primeira prórroga dun ano de duración, polo período comprendido entre o 8 de novembro de 2024 e o 7 de novembro de 2025.

Sexto.- Na sesión do 24 de outubro de 2025 a Xunta de Goberno local, aprobou a segunda e derradeira prórroga dun ano de duración, polo período comprendido entre o 8 de novembro de 2025 e o 7 de novembro de 2026.

Sétimo.- Con data do 9 de decembro de 2025, TALLERES RODOSA SL, presenta escrito coa solicitude de cesión do contrato (documento nº 250351163 e 250351170).

Oitavo.- Por auto do Xulgado do Mercantil nº 3 de Pontevedra, de 17 de decembro de 2025, ditado no procedemento 1944/2025, declarouse en concurso voluntario de acredores a TALLERES FONTÁN, SL.

Noveno.- En data 30 de xaneiro de 2026 a XGL acordou:

“1º.- Autorizar a cesión do contrato do servizo de mantemento, reparacións e subministro dos repostos necesarios para as reparacións dos vehículos tipo C1 do parque móbil do Concello de Vigo (15.161-445), adxudicado a TALLERES FONTÁN, SLU por acordo da Xunta de Goberno Local de 6 de outubro de 2022 a favor de TALLERES RODOSA, SA.

2º.- A cesión quedará condicionada á constitución da garantía definitiva polo cesionario polo importe sinalado no fundamento xurídico III deste informe (9.939,87 euros) e á súa formalización en escritura pública, sen a cal carecerá de efectos, e a súa posterior comunicación ao Concello.

3º.- A subrogación do cesionario nos dereitos e obrigas derivados do contrato producirase dende a data do inicio da execución do mesmo.

4º.- Notificar este acordo aos interesados, ao servizo xestor e ao Servizo de Contabilidade”.

Este acordo foi notificado aos interesados en datas 3 e 13 de febreiro de 2026, respectivamente.

Décimo.- Por auto do Xulgado do Mercantil nº 3 de Pontevedra, de 9 de febreiro de 2026, ditado no procedemento 1944/2025, declarouse pechado o concurso voluntario de acredores de TALLERES FONTÁN, SL., por insuficiencia de masa activa, procedéndose ao arquivo dos autos. Este auto produce como efecto o peche provisional da folia aberta a mercantil TALLERES FONTÁN, SL, no Rexistro Mercantil.

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/05/2026 09:41	Páxina 27 de 233
2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026	CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Undécimo.- En data 17 de marzo de 2026, Talleres Rodosa presenta escrito no Rexistro Xeral deste Concello comunicando a súa negativa a formalizar a cesión.

Duodécimo.- O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos da área de Servizos Xerais, en data 18 de marzo de 2026 manifesta que:

“1.- Que dada a situación concursal desta empresa o contrato de servizos “mantemento e subministro de repostos necesarios para reparacións dos vehículos tipo C1 do parque móbil do concello de Vigo” co expdte 15161/445, non se atopa operativo debido a situación do adxudicatario e polo tanto a súa inacción.

2.- Informar órgano correspondente da imposibilidade a día de hoxe de manter operativos vehículos xa avariados e asignados a servizos esenciais como dos parques de bombeiros e policía local entre outros debido o incumprimento do contrato pola adxudicataria.

3.- Que entendo que a cesión non produciuse tal como establecía a XGL coa resolución do 30 de xaneiro do 2026 segundo expediente 7141/241.

4.- Que este contrato de servizos segundo necesidades, esta a corrente de pagos nas facturas emitidos como consecuencia dos servizos prestados polo contratista”.

Décimo terceiro.- En data 10 de abril de 2026, o responsable do contrato emite informe de situación da execución do contrato:

“Que o técnico que subscribe como responsable do contrato INFORMA da situación do contrato:

- O contrato formalizouse en documento administrativo en data 07/11/2022 adxudicado a mercantil TALLERES FONTAN SL co CIF B36634756, na súa Cláusula Cuarta figura o prazo do contrato, o cal é de dous anos, con dúas prórrogas de duración cada unha, estando prevista a finalización do contrato o 7 de Novembro do 2026.*
- Orzamento económico vixente e aprobado pola XGL o 24 de outubro do 2025 foi o seguinte para o último ano deste contrato:*

PERIODO	APLICACION ORZAMENTARIA	IMPORTE
Do 08/11/2024 ata o 31/12/2024	9202.214.00.00	5.500,00 €
	9202.221.11.00	4.500,00 €
Do 01/01/2025 ata o 07/11/2025	9202.214.00.00	54.272,43 €
	9202.221.11.00	56.000,00 €
	TOTAL	120.272,43 €



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 28 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

Tendo os seguintes documentos contables

PERIODO	APLICACION ORZA- MENTARIA	DOCUMENTO CONTABLE
Do 08/11/2024 ata o 31/12/2024	9202.214.00.00	ADRC 12025000143316
	9202.221.11.00	ADRC 12025000143324
Do 01/01/2025 ata o 07/11/2025	9202.214.00.00	AD 12026000002067
	9202.221.11.00	AD 12026000002071

Non se emitiu factura algunha polo contratista durante este período.

- Este contrato é segundo necesidades para realización do mantemento dos vehículos do parque móbil, dende o servizo e durante este período non se realizou nin se solicitou intervención algunha, as intervencións anteriores están rematadas. Tampouco actualmente existen facturas pendentes de abono o contratista como consecuencia dos servizos prestados.*
- O contratista presentou concurso de acredores no xulgado do mercantil segundo edictos no BOE de num 1944/2025 e NIG 36038447120250301903 de 15 de xaneiro de 2026 e 23 de Febreiro do 2026 e que teña constancia.*

Tras o exposto informo os efectos oportunos, reiterar a solicitude de resolución do contrato, non existindo reparo por este servizo en relación a devolución da garantía definitiva, por canto non existen incumprimentos culpables e imputables ao contratista, polo que non procede esixirle indemnización ningunha de danos e perdas”.

Décimo cuarto.- En data 10 de abril de 2026, a Concelleira da área de goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal, resolveu iniciar o procedemento de resolución deste contrato. Esta resolución foi notificada ao contratista o mesmo día e a recibiu o día 13 do mesmo mes e ano.

Décimo quinto.- Evacuado trámite de audiencia ao contratista, durante o prazo conferido para o efecto, este non presentou alegacións.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Natureza do contrato e lexislación aplicable

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación aplicable a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 29 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do CC), é dicir:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña ao TRLCSP

Determinada a lexislación aplicable cómpre determinar que tipo de contrato é o que nos ocupa, pois segundo o tipo de contrato aplicaranse distintas causas de resolución e os seus correspondentes efectos. Segundo o previsto na cláusula 2.1 do PCAP, trátase dun contrato mixto de subministros e servizos, sendo a porcentaxe de cada unha das prestacións subministros (50,30%) e servizos (49,70%) (apartado 2.A da FEC).

-II-

Da resolución dos contratos

A lexislación de contratos do sector público recoñece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de acordar a resolución dos contratos e determinar os seus efectos (artigos 190 da LCSP e 114.1 da TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato nas cláusulas 2.3 e 43 do PCAP.

A resolución é unha das formas de finalización do contrato administrativo. A lexislación contractual subsume baixo este termo todas as causas de extinción do vínculo contractual distintas da súa conclusión por cumprimento. Presupón, pois, a aparición dalgunha circunstancia na vida do contrato que impide ou fai inconveniente a súa prosecución ata a súa normal extinción. En definitiva, por resolución entende a lei todas aquelas causas de finalización anticipada do contrato. Neste senso establece o artigo 209 LCSP que os contratos se extinguirán por cumprimento ou resolución.

A lexislación de contratos, ao regular a resolución, establece por un lado unhas causas e efectos xenéricos aplicables a todo tipo de contratos, e por outro, dentro da regulación de cada tipo de contrato típico, establece unhas causas e efectos específicos para os mesmos. O contrato que nos ocupa é un contrato mixto de subministros e servizos. Consonte ao previsto no artigo 122.2, o PCAP detalla o réxime xurídico relativo aos seus efectos, cumprimento e extinción atendendo as diferentes prestacións fusionadas. Así, o PCAP que rexe este contrato regula a resolución na cláusula 42 nos seguintes termos:

“1.- A resolución do contrato rexerase polo establecido con carácter xeral nos artigos 211 a 213 da LCSP e especificamente para o contrato de subministros nos artigos 306 e 307 de devandita Lei.

2.- Serán causas de resolución:

- a) O incumprimento reiterado da normativa laboral, de Seguridade Social e de seguridade e saúde laboral, ou da Guía de Coordinación de Actividades Empresariais do Concello de Vigo, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 61 do 29 de marzo de 2011.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/05/2026 09:41	Páxina 30 de 233
2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026	CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

- b) *O incumprimento reiterado das obrigas aplicables en materia ambiental, social ou laboral establecidas no dereito da Unión Europea, o dereito nacional, os convenios colectivos ou polas disposicións de dereito internacional ambiental, social e laboral que vinculen ao Estado e en particular as establecidas nos convenios que se recollen no Anexo V da LCSP.*
- c) *A paralización total e absoluta da execución das prestacións obxecto deste contrato imputable ao contratista, por un prazo que exceda de 48 horas.*
- d) *A falsidade dos datos declarados polo contratista na súa oferta.*
- e) *O incumprimento do código ético recollido na cláusula 19.1 deste prego durante a execución do contrato.*

3.- A adscripción ao contrato dos medios persoais e materiais que se detallan no apartado 5.F das FEC terá o carácter de obriga esencial para os efectos do previsto no artigo 211.f) da LCSP. No entanto, o órgano de contratación se así o estima conveniente para o interese público, poderá optar por requirirle ao contratista o cumprimento desta obriga e imporlle as penalidades previstas na cláusula 37.2.a). Esta opción só poderá exercitarse unha vez.

4.- O incumprimento da condición especial de execución prevista na cláusula 28.1 deste prego terá o carácter de obriga esencial para os efectos do previsto no artigo 211.f) da LCSP, e será causa de resolución do contrato.

5.- No apartado 16.D das FEC poderán establecerse outras causas específicas de resolución do contrato.

6.- En caso de resolución do contrato por causa imputable ao contratista estarase ao disposto no artigo 213.3 e 213.5 da LCSP".

O apartado 16.D das FEC non establece ningunha causa específica de resolución deste contrato.

Dunha interpretación conxunta dos artigos 211 e 306 da LCSP, que establecen as causas de resolución dos contratos en xeral e as específicas do contrato de subministros respectivamente, podemos concluír que son causas de resolución deste contrato as seguintes:

Con carácter xeral (artigo 211 da LCSP):

- a) A morte ou incapacidade sobrevida do contratista individual ou a extinción da personalidade xurídica da sociedade contratista, sen prexuízo do previsto no artigo 98 relativo á sucesión do contratista.
- b) A declaración de concurso ou a declaración de insolvencia en calquera outro procedemento.
- c) O mutuo acordo entre a Administración e o contratista.
- d) A mora no cumprimento dos prazos por parte do contratista.
- e) A mora no pagamento por parte da Administración por prazo superior ao establecido no apartado 6 do artigo 198 ou o inferior que se tivese fixado ao abeiro do seu apartado 8.
- f) O incumprimento da obriga principal do contrato, e das restantes obrigacións contractuais esenciais, cualificadas como tales nos pregos ou no contrato. En concreto, no que nos ocupa, o PCAP consigna na cláusula 22 as seguintes:

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 31 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- A obriga do contratista de estar ao corrente dos pagamentos cos seus subcontratistas e subministradores no ámbito deste contrato.
- Nos contratos nos que opere a cesión de datos, a obriga do contratista de someterse á normativa nacional e da Unión Europea en materia de protección de datos.
- O cumprimento das prestacións esenciais obxecto do contrato.
- g) A imposibilidade de executar a prestación nos termos inicialmente pactados, cando non sexa posible modificar o contrato conforme aos artigos 204 e 205; ou cando dándose as circunstancias establecidas no artigo 205, as modificacións impliquen, illada ou conxuntamente, alteracións do seu prezo, en contía superior, en máis ou en menos, ao 20 por cento do prezo inicial do contrato, con exclusión do IVE.
- h) As que se sinalen especificamente para cada categoría de contrato nesta Lei.
- i) A falta de pagamento, durante a execución do contrato, dos salarios por parte do contratista aos traballadores que estiveran participando na mesma, ou o incumprimento das condicións establecidas nos Convenios colectivos en vigor para estes traballadores tamén durante a execución do contrato.

Para as prestacións de subministros (artigo 306 da LCSP):

- a) A desistencia antes da iniciación do subministro ou a suspensión da iniciación do subministro por causa imputable á Administración por prazo superior a catro meses a partir da data sinalada no contrato para a entrega agás que no prego se sinale outro menor.
- b) A desistencia unha vez iniciada a execución do subministro ou a suspensión do subministro por un prazo superior a oito meses acordada pola Administración, agás que no prego se sinale outro menor.

A lei na actualidade recolle un principio determinado pola xurisprudencia e a doutrina dos órganos consultivos (por todos, Ditame 985/2014, do 4 de decembro, do Consello de Estado), aplicable no caso de que concorran dous ou máis causas de resolución, que determina que “*Nos casos en que concorran diversas causas de resolución do contrato con diferentes efectos en canto ás consecuencias económicas da extinción, deberá atenderse á que aparece con prioridade de no tempo*” (artigo 211.2 da LCSP).

-III-

Da resolución do contrato de servizo de mantemento e reparacións, incluído o subministro dos repostos necesarios para as reparacións dos vehículos tipo C1 do Parque Móbil do concello de Vigo

No presente caso a causa de resolución concorrente é a declaración de concurso do contratista (artigo 211.b da LCSP). Tal e como se relatou nos antecedentes, TALLERES FONTÁN, SL., foi declarado en concurso voluntario de acredores por auto do Xulgado do Mercantil nº 3 de Pontevedra, de 17 de decembro de 2025, ditado no procedemento 1944/2025. O artigo 190 da LC, determina que os efectos da declaración de concurso sobre os contratos de carácter administrativo celebrados polo concursado coas Administracións Públicas rexeranse polo establecido na súa lexislación especial.

Hai que ter en conta que, a declaración de concurso do contratista non determina por si soa a resolución automática do contrato. Ilo obedece a que o concurso voluntario implica que o debedor conserva as súas facultades de administración e disposición, aínda que sometidas á intervención da administración concursal (artigo 106 LC), o que explica que a mera declaración concursal non equivale necesariamente a unha imposibilidade automática de cumprimento. Así, o artigo 28 da LC impón como contido obrigatorio do auto de declaración de concurso:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/05/2026 09:41	Páxina 32 de 233
2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026	CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

- Os efectos sobre as facultades de administración e disposición do debedor respecto de a masa activa.
- O nomeamento da administración concursal, con expresión das facultades do administrador ou dos administradores concursais nomeados.

Polo tanto, na normativa vixente de contratación pública, configúrase como unha causa de resolución potestativa para a Administración, agás que concorran outros elementos que obriguen a outra solución no caso concreto. Así se desprende do artigo 212.5 que prevé que, en determinados supostos, a Administración poida optar pola continuidade do contrato se resulta conveniente para o interese público e o contratista presta garantías suficientes. Polo tanto, esta Administración, ponderando o interese público e a viabilidade do cumprimento, deberá acordar a resolución ou, de ser o caso, a continuidade do contrato con garantías. A estes efectos deberá examinarse se o concurso non xera unha situación que faga imposible ou antieconómica a execución, caso no que pode optarse pola continuidade; pero se a situación concursal compromete a correcta execución, deberá optarse pola resolución.

No caso que nos ocupa, por auto do Xulgado do Mercantil nº 3 de Pontevedra, de 9 de febreiro de 2026, ditado no procedemento 1944/2025, declarouse pechado o concurso voluntario de acredores de TALLERES FONTÁN, SL., por insuficiencia de masa activa, procedéndose ao arquivado dos autos. Este auto produce como efecto o peche provisional da folla aberta a mercantil TALLERES FONTAN, SL, no Rexistro Mercantil. Consecuentemente xa non é posible continuar coa execución do contrato.

Ademais, hai que ter en conta, que o contratista solicitou a esta administración que se autorizase a cesión do contrato a un terceiro, ante a súa imposibilidade para facer fronte ao mesmo. Autorizada a cesión por acordo da XGL de 30 de xaneiro de 2026, esta non se formalizou en escritura pública, renunciando o cesionario a súa formalización, tal e como consta no escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello o día 17 de marzo do mesmo ano.

Á vista destas circunstancias é de interese público resolver o contrato, posto que o contratista xa non pode executalo.

-IV-

Do procedemento de resolución

Constatada a existencia dunha causa de resolución, procede iniciar o procedemento de resolución do contrato.

De conformidade co artigo 212.1 a resolución do contrato acordarase polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista, no seu caso, seguindo o procedemento que nas normas de desenvolvemento da LCSP se estableza, agás no suposto no artigo 211.1.i) (falta de pagamento de salarios aos traballadores), que non concorre neste contrato. Se ben hai que ter en conta que a lei limita a posibilidade de instar a resolución a aquela parte á que non lle sexa imputable a circunstancia que dera lugar a ela (artigo 212.2 da LCSP).

Aínda que o procedemento de resolución queda remitido á norma regulamentaria, o artigo 191 da LCSP establece, dous trámites de obrigado cumprimento: a audiencia ao contratista e o ditame do Consello de Estado ou órgano equivalente da Comunidade Autónoma respectiva cando se formule oposición pola súa parte.

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/05/2026 09:41	Páxina 33 de 233
2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026	CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

En espera do desenvolvemento regulamentario, o procedemento aplicable será o previsto no RLCAP, en vigor no que non se opoña ás novas disposicións legais. Con carácter supletorio aplicarase, como determina a disposición final 2ª.1 da LCSP, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común (LPAC).

Segundo o previsto nos artigos 191 da LCSP e 109 do RLCAP, a LHL e o Real decreto 424/2017, os trámites do procedemento de resolución son os seguintes:

- 1) Audiencia ao contratista por prazo de dez días naturais, dado que trátase dun procedemento contraditorio (artigos 191.1 da LCSP e 109 do RLCAP). Evacuado o trámite de audiencia, o contratista non presentou alegacións durante o prazo conferido ao efecto.
- 2) Audiencia ao avalista ou asegurador cando se propoña a incautación da garantía, no mesmo prazo anterior (artigo 109 do RLCAP). Neste caso non procede por canto non se propón a incautación da garantía.
- 3) Informe da Asesoría Xurídica (disposición final 2ª da LCSP e artigo 109 do RLCAP). Este trámite é posterior ao presente informe.
- 4) Fiscalización pola Intervención Xeral (disposición adicional 3ª da LCSP e artigos 214 da LHL e 16 do Real decreto 424/2017). Este trámite é posterior ao presente informe.
- 5) Informe preceptivo do órgano consultivo da Comunidade Autónoma cando se formule oposición á resolución por parte do contratista (artigos 191.3 da LCSP e 109 do RLCAP). No presente caso non é preciso solicitar o ditame por canto o contratista non formulou oposición.
- 6) Unha vez adoptado o acordo de resolución do contrato, que porá fin a vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigo 191.4 LCSP) deberá publicarse no perfil de contratante segundo o previsto no artigo 63.3e) da LCSP.

-V-

Dos efectos da resolución

Os efectos da resolución do contrato veñen regulados con carácter xeral no artigo 213 da LCSP. Nos catros primeiros apartados e no último establece as regras aplicables segundo a causa de resolución, e no apartado 5 establece regras comúns aplicables a todos os supostos.

A regra común aplicable a todos os supostos de resolución é que o acordo de resolución deberá conter un pronunciamento expreso acerca da procedencia, ou non, da perda, devolución ou cancelación da garantía definitiva que, no seu caso, fose constituída. Se ben, a devolución ou non da garantía, non depende dunha decisión discrecional da Administración contratante, senón da propia lei, que:

- no artigo 111.1 condiciona a devolución ou cancelación da garantía a que a resolución se producise sen culpa do contratista
- no artigo 213 establece a incautación da garantía para algunha das causas de resolución.

Con respecto ao suposto que nos ocupa, a lei non determina ningunha regra con relación á incautación ou devolución da garantía definitiva. No entanto, do xogo do citado artigo 111 e do 213.3 da LCSP podemos deducir que so se incautará a garantía definitiva en caso de concurso se ademais concorre incumprimento culpable do contratista, suposto no que este deberá, ademais, indemnizar á Administración os danos e prexuízos ocasionados no que excedan do impor-



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 34 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

te da garantía incautada. Informa ao respecto o responsable do contrato, no informe do estado de execución, que na anualidade en vigor do contrato non se teñen solicitado nin subministracións nin servizos polo que non hai pagos pendentes, e que *“non existindo reparo por este servizo en relación a devolución da garantía definitiva, por canto non existen incumprimentos culpables e imputables ao contratista, polo que non procede esixirlle indemnización ningunha de danos e perdas”*. Podemos concluír por tanto, que procede a devolución da garantía definitiva. No entanto, hemos de ter en conta que neste contrato se establece un prazo de garantía no apartado 11 da FEC:

- Garantías fronte ás reparacións dos vehículos en taller externo: mínimo de tres meses ou 2.000 km, e 1 ano en pezas.
- Garantías fronte aos subministro de materias ou pezas de recambio: 3 anos como mínimo dende a entrega.

Polo tanto, se ben o acordo de resolución se pronuncia a favor da devolución da garantía definitiva, esta non se producirá ata que remate o prazo de garantía e o responsable do contrato determine que non existen responsabilidades as que facer fronte coa mesma (artigo 111.1 da LCSP). Unha vez aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultasen responsabilidades devolverase a garantía constituída ou cancelarse o aval ou seguro de caución (artigo 111.2 da LCSP).

O acordo de devolución deberá adoptarse e notificarse ao interesado no prazo de dous meses desde a finalización do prazo de garantía. Transcorrido o mesmo, a Administración deberá abonar ao contratista a cantidade debida incrementada co interese legal do diñeiro correspondente ao período transcorrido desde o vencemento do citado prazo ata a data da devolución da garantía, se esta non se tivese feito efectiva por causa imputable á Administración.

Analizaremos os efectos específicos da resolución por declaración de concurso do contratista. Estes son:

- a) Poderá iniciarse o procedemento de contratación para a adxudicación dun novo contrato no momento de incoarse o expediente administrativo de resolución do contrato. Se ben a adxudicación deste quedará condicionada á terminación do expediente de resolución. Aplicarase a tramitación de urxencia a ambos os procedementos.

Esta medida, que serve para garantir a continuidade na execución do contrato en aras do interese público concorrente, resulta axeitada no presente caso. Tal e como informa o responsable do contrato, o 18 de marzo de 2026, os vehículos obxecto do contrato pertencen a servizos públicos obrigatorios consonte ao artigo 26 da LBRL como o de Policía Local e o de extinción de incendios. Neste momento urxe poder contar cun servizo de reparación dos mesmos, senón en caso de avaría deixaran de estar operativos para o seu uso nestes cometidos.

- b) O contratista quedará obrigado ata que se formalice o novo contrato, a adoptar as medidas necesarias por razóns de seguridade, ou indispensables para evitar un grave trastorno ao servizo público ou a ruína do construído ou fabricado, na forma e co alcance que determine o órgano de contratación. A falta de acordo, a retribución do contratista fixarase a instancia deste polo órgano de contratación, unha vez concluídos os traballos e tomando como referencia os prezos que serviron de base para a celebración do contrato.

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 35 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

O contratista poderá impugnar esta decisión ante o órgano de contratación que deberá resolver o que proceda no prazo de quince días hábiles.

Neste caso, non procede a adopción de medida ningunha.

- c) A Administración poderá intervir garantindo a realización das devanditas medidas ben cos seus propios medios, ben a través dun contrato cun terceiro cando o contratista non poida garantilas.

Tampouco procede a adopción de estas medidas.

Por último, hai que ter en conta os efectos específicos da resolución dos contratos de subministracións fixados no artigo 307. Este precepto, no seu apartado 1, recolle o dereito das partes a devolución dos bens e do importe dos pagos realizados, e cando non fora posible ou adecuado para a Administración, esta haberá de abonar o prezo dos efectivamente entregados e recibidos de conformidade. Consonte ao informe de situación da execución do contrato elaborado polo responsable do contrato non queda pendente de aboamento ningún subministro ou servizo, trátase dun contrato segundo necesidades e está ao día nos pagos das prestacións executadas. Non é posible, dado o obxecto do contrato, devolver ao contratista as pezas e recambios subministrados e que este devolva o prezo á Administración.

Á vista do exposto podemos concluír que os efectos da resolución do presente contrato son os seguintes:

- a) Procede a devolución da garantía definitiva
- b) Procede a iniciación dun procedemento de contratación para a adxudicación dun novo contrato no momento de incoarse o expediente administrativo de resolución do contrato. A adxudicación deste novo procedemento quedará condicionada á terminación do expediente de resolución.
- c) Aplicarase a tramitación de urxencia tanto ao procedemento de resolución como ao novo expediente de contratación.

-VI-

Do prazo para ditar resolución

A Administración ten a obriga de ditar resolución expresa en todos os procedementos que instrúa, e a notificala calquera que sexa a súa forma de iniciación (artigo 21 da LPAC), con excepción dos supostos de terminación do procedemento por pacto ou convenio, ou nos procedementos sometidos unicamente ao deber de comunicación previa á Administración.

Prevé o artigo 212.8 da LCSP, a diferenza das disposicións precedentes en materia de contratación, que o prazo máximo para instruír e ditar resolución nos procedementos de resolución é de oito meses, a contar, como establece o artigo 21.3 da LPAC, desde a data do acordo de iniciación no caso de incoarse o procedemento de oficio, ou desde que a solicitude tivo entrada no rexistro electrónico da Administración ou Organismo competente para a súa tramitación, nos supostos nos que sexa solicitada a resolución polo contratista.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 36 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

-VII- Recursos

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da notificación deste acordo, segundo o previsto nos artigos 8, 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa.

Alternativamente, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo un mes, computado de acordo co establecido no apartado 1 da disposición adicional décimo quinta da LCSP, ante o mesmo órgano que o ditou.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo en tanto non sexa resolto expresamente, ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto (artigo 123.2 da LCSP).

-VIII- Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

-IX- Proposta de acordo

A vista do exposto, propónse á XGL a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.- Resolver o contrato de servizo de mantemento e reparacións, incluído o subministro dos repostos necesarios para as reparacións dos vehículos tipo c1 do Parque Móbil do concello de Vigo, por concorrer a causa prevista no artigo 211.b da LCSP “A declaración de concurso ou a declaración de insolvencia en calquera outro procedemento” do contratista.

2º.- Acordar a devolución da garantía definitiva por canto non se aprecian incumprimentos culpables imputables ao contratista na resolución do contrato, conforme á normativa aplicable, se ben esta non se producirá ata que remate o prazo de garantía e o responsable do contrato determine que non existen responsabilidades as que facer fronte coa mesma.

3º.- Non procede indemnización de danos e perdas a favor de ningunha das partes por canto non constan incumprimentos culpables imputables a ningunha delas.

4º.- Iniciar o procedemento de contratación para a adxudicación do novo contrato, condicionada á terminación do expediente de resolución.

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 37 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

5º.- Declarar a urxencia da tramitación tanto do procedemento de resolución como do o procedemento de contratación para a adxudicación do novo contrato, en aplicación do artigo 213.6 da LCSP.

6º.- Anular a autorización e disposición do gasto por importe de 110.272,43 euros con cargo as aplicacións orzamentarias 9202/2211100 e 9202/2140000 (operacións contables AD2026000002071 por importe de 56.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 9202/2211100 e AD2026000002067 por importe de 54.272,43 euros con cargo á aplicación orzamentaria 9202/2140000).

7º.- Notificar este acordo ao interesado, informándolle que contra este acordo que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da notificación deste acordo, segundo o previsto nos artigos 8, 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa.

Alternativamente, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo un mes, computado de acordo co establecido no apartado 1 da disposición adicional décimo quinta da LCSP, ante o mesmo órgano que o ditou.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo en tanto non sexa resolto expresamente, ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto (artigo 123.2 da LCSP).

8º.- Publicar o acordo de resolución no perfil de contratante e no portal de transparencia”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(384).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “HUMANIZACIÓN DA RÚA MONDARIZ”. EXPTE. 2498/441.

Visto o informe de fiscalización de data 08/05/2026, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada en data 07/05/2026, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de “Humanización da rúa Mondariz” (2498-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 38 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de “Humanización da rúa Mondariz” (2498-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 6 de marzo de 2026 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “HUMANIZACIÓN DA RÚA MONDARIZ”, redactado polo enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Ignacio Teijeiro Calvo e polo arquitecto Pedro Iglesias Aymerich.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 17.12.2025.

Terceiro.-Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de SETECENTOS OITENTA MIL TRESCENTOS DEZAOITO EUROS CON SETENTA E SEIS CÉNTIMOS (780.318,76 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 135.427,22 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento vixente do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 1532 619 00 43 (Humanización Mondariz), proxecto de gasto 25153243, crédito provinte da incorporación de remanentes.

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 7 de novembro de 2025), o 16 de abril de 2026 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto para a contratación das obras de “Humanización da rúa Mondariz” (2498-441) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	NAROM, SL	95,89

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, NAROM, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 39 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.5 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente.”

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, NAROM, SL, o día 17 de abril de 2026, que presenta a documentación requirida o 28 do mesmo mes, dentro do prazo concedido.

Esta documentación, xunto coa que figura no expediente, consta de:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia no que figura a constitución da mercantil co seu obxecto social e o nomeamento do seu representante, así como como a súa clasificación no Grupo G – Subgrupo 6 – Categoría 4 e os certificados positivos de débedas da AEAT, a TGSS e a ATRIGA.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira e da solvencia técnica e profesional, tendo en conta que neste procedemento existe clasificación alternativa Grupo G – Subgrupo 6 – Categoría 3 presentan a clasificación Grupo G – Subgrupo 6 – Categoría 4.
- Seguro de caución por un importe de 29.410,28 € que cubre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, o certificado positivo de débedas do Concello de Vigo.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 7 de maio de 2026 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar NAROM, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/05/2026 09:41	Páxina 40 de 233
2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026	CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por NAROM, SL, de acordo cos informes de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor, de data 13 de abril de 2026 e co acordo da Mesa de Contratación, de data 16 do mesmo mes, polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula, por ser o único admitido, de conformidade coa cláusula 16.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a NAROM, SL o procedemento aberto para a contratación das obras de “Humanización da rúa Mondariz” (2498-441) por un prezo total do contrato de 711.728,74 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 123.523,17 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(385).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA OBRA E SUBMINISTRO DO MACROPARQUE DE XOGOS EN FINCA MATÍAS. EXPTE. 2220/441.

Visto o informe de fiscalización de data 08/05/2026, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada en data 07/05/2026, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto mixto para a contratación da obra e subministro do macroparque de xogos en Finca Matías (2220-441)

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 41 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto mixto para a contratación da obra e subministro do macroparque de xogos en Finca Matías (2220-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 22 de agosto de 2025 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación mixta da obra e subministro, a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria, do proxecto de “MACROPARQUE DE XOGOS NA FINCA MATÍAS”, redactado polo Enxeñeiro Industrial Daniel Prieto Renda.

Segundo.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares para a prestación do subministro, asinado pola enxeñeira de camiños, canais e portos e polo xefe da Área de Servizos Xerais o día 19.05.2025.

Cuarto.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola xefa do servizo de Contratación e pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos o día 07.08.2025.

Quinto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de DOUS MILLÓNS OITOCENTOS CORENTA E NOVE MIL SETECENTOS CORENTA E TRES EUROS con NOVENTA E OITO CÉNTIMOS (2.849.743,98 €).

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento vixente do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 1710.619.00.14 – proxecto de gasto 25171014, segundo a distribución de anualidades proposta:

2025	2.849.743,98 €
------	----------------

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 7 de novembro de 2025), o 16 de abril de 2026 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto mixto para a contratación da obra e subministro do macroparque de xogos en Finca Matías (2220-441) na seguinte orde descendente:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/05/2026 09:41	Páxina 42 de 233
2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026	CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

Orde	Licitador	Puntuación total
1	CIVIS GLOBAL, SLU	97,69
2	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, SL	97,17
3	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA	94,60
4	ORECO BALGON, SA	91,34

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVIS GLOBAL, SLU, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Lembrar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVIS GLOBAL, SLU, o día 17 de abril de 2026, que presenta a documentación requirida o 27 do mesmo mes, dentro do prazo concedido.

Esta documentación, xunto coa que figura no expediente, consta de:

- Os certificados de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia nos que figura a constitución da mercantil co seu obxecto social e o nomeamento do seu representante, así como como a súa clasificación no Grupo C – Subgrupo 2 – Categoría 2. No caso do certificado de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia figuran, asemade, os certificados positivos de débedas da AEAT, a TGSS e a ATRIGA.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira e da solvencia técnica e profesional, tendo en conta que neste procedemento existe clasificación alternativa Grupo G – Subgrupo 6 – Categoría 5 presentan a clasificación Grupo G – Subgrupo 6 – Categoría 6.
- Aval por un importe de 108.702,42 € que cubre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figura no expediente, o certificado positivo de débedas do Concello de Vigo.

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 43 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 7 de maio de 2026 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarse no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CIVIS GLOBAL, SLU, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CIVIS GLOBAL, SLU, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 6 e 10 de abril de 2026, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a CIVIS GLOBAL, SLU o procedemento aberto mixto para a contratación da obra e subministro do macroparque de xogos en Finca Matías (2220-441) por un prezo total do contrato de 2.630.598,66 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 456.550,18 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 44 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

9(386).- PROPOSTA DE DECLARACIÓN DE DESERTO DO PROCEDEMEN- TO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “MANTEMENTO E ME- LLORA DAS CONDICIÓNS DO CAMPO DE FÚTBOL DE SAMIL PARA GARAN- TIR A SEGURIDADE E INTEGRIDADE DOS SEUS USUARIOS”. EXPTE. 2493/441.

Sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada con data 07/05/2026, que di o seguinte:

12. Proposta de declaración de procedementos desertos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de “Mantenimento e mellora das condicións do campo de fútbol de Samil para garantir a seguridade e integridade dos seus usuarios” (2493-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación das obras de “Mantenimento e mellora das condicións do campo de fútbol de Samil para garantir a seguridade e integridade dos seus usuarios” (2493-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 27 de marzo de 2026 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto para a contratación das obras de “Mantenimento e mellora das condicións do campo de fútbol de Samil para garantir a seguridade e integridade dos seus usuarios” (2493-441)

Segundo.- A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 31 de marzo de 2026, rematando o prazo de presentación de ofertas o 27 de abril de 2026.

Terceiro.- Segundo consta no listado de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 29 de abril de 2026, non se presentou ningunha proposición para esta licitación.

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 45 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 7 de maio de 2026 acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a declaración de deserto deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 150.3 LCSP establece que non se poderá declarar deserta unha licitación existindo ofertas ou proposicións admisibles de acordo cos criterios establecidos nos pregos. A sensu contrario, a non existencia de proposicións admisibles leva á posibilidade de declaración de deserta da licitación.

No presente caso, non existen proposicións admisibles xa que non se presentou ningunha, tal e como consta no listado de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 29 de abril de 2026, o que impide a continuidade da tramitación do procedemento.

Segundo.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1.g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

Cuarto.- A declaración de deserto deberá publicarse no perfil do contratante do Concello de Vigo, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público, tal e como dispón o artigo 63.3 da LCSP.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Declarar deserto o procedemento aberto para a contratación das obras de “Mantemento e mellora das condicións do campo de fútbol de Samil para garantir a seguridade e integridade dos seus usuarios” (2493-441) por non terse presentado ningunha proposición.

Segundo.- Publicar o presente acordo no perfil de contratante en aplicación do establecido no artigo 63.3 da LCSP.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(387).- SUBVENCIÓN A FAVOR DA ENTIDADE CLUB CICLISTA RÍAS BAI-XAS PARA A ORGANIZACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO “VI VIGO COPA DE ESPAÑA DE CICLISMO”. EXPTE. 25385/333.

Visto o informe xurídico de 30/03/2026 e o informe de fiscalización do 06/05/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 20/03/2026, asinado polo xefe do



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 46 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

Servizo de Deportes e conformado polo concelleiro delegado de Deportes, o concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES

1.1.- Con data 12.01.26, José Luis Chamorro Pérez, en n/r da entidade Club Ciclista Rías Baixas, solicitou ó Concello de Vigo unha subvención para a organización na cidade de Vigo da VI Copa de España de Ciclismo.

1.2.- A solicitude de subvención inclúe un orzamento equilibrado de ingresos-gastos por un importe total de 45.129,00€.

1.3.- Xunto a dita solicitude, a entidade interesada presenta a seguinte documentación:

- Proxecto deportivo.
- Anexos I.1 (modelo solicitude), I.2 (Orzamento equilibrado de ingresos-gastos) e I.3 (declaración responsable).
- Certificado de ausencia de débedas coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e co Concello de Vigo.
- Certificado titularidade conta bancaria.
- CIF da entidade, DNI do representante legal e estatutos da entidade.
- Certificado de composición da Xunta directiva.
- Documento acreditativo dos dereitos de organización.

2.- FUNDAMENTOS

Primeiro.- Consideracións xerais

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación ó interese que ten para a cidade converterse en acolledora de eventos deportivos do máis alto nivel competitivo.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

Neste caso a VI Copa de España de Ciclismo é unha das competicións máis relevantes a nivel nacional na modalidade de ciclismo en ruta.

A Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 08.03.2024 un “Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo”.

Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/05/2026 09:41	Páxina 47 de 233
2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026	CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como “cidade do deporte”, inclúe o desenvolvemento dunha liña de apoio ó desenvolvemento de proxectos e eventos deportivos de interese xeral para a cidade de Vigo, dinamizados por diferentes entidades, e á promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a promover a celebración de eventos deportivos na cidade.

Neste ámbito, e tal como está configurada a dinamización do deporte, o Concello de Vigo ten interese no fomento de propostas de subvención que permitan, a través do apoio institucional, o desenvolvemento de proxectos e eventos deportivos vinculados con criterios e principios relacionados co calendario deportivo que, pola súa propia estrutura, impiden ou limitan a capacidade para planificar unha determinada actuación cun gran período de tempo previo á súa celebración, xa que na maioría dos casos estes calendarios se configuran a partir de decisións dos organismos nacionais ou internacionais que ostentan os dereitos das competicións e cuxos tempos de xestión non coinciden cos tempos de xestión das administracións.

A subvención proposta se atopa incluída no Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, contribuíndo, en liña co establecido no dito plan (Liña 4-.Fomento actividades sociais-4.5-.Dinamización de eventos deportivos) a potenciar a imaxe de Vigo como cidade do deporte acolledora de eventos deportivos como ferramenta de colaboración e apoio a entidades organizadoras e como medio de promoción turística creando un entorno de promoción do deporte vinculado ó espectáculo deportivo como ferramenta de ocio.

Segundo.- **O** carácter excepcional da subvención.

O carácter excepcional que dificulta a convocatoria pública desta proposta de subvención ven determinado pola singularidade e envergadura do proxecto.

Non é posible atopar eventos comparables na cidade de Vigo na modalidade, e incluso a nivel Galego, dada a súa singularidade, que podan igualar o seu nivel deportivo e o seu impacto social e deportivo nesta modalidade. A Copa de España de Vigo é unha das 11 que forman o circuíto nacional de Copas de España, sendo Vigo a sede da derradeira delas, acollendo ás mellores 28 escuadras do país, e tendo sido designada pola Federación Española de Ciclismo, tal como se acredita na documentación presentada xunto coa solicitude.

Dita relevancia deportiva e social queda avalada en primeiro lugar polo volume e calidade dos participantes. Non existe na cidade de Vigo ningunha oferta similar na modalidade, tendo en edicións anteriores a participación de case 200 ciclistas do máis alto nivel nacional. Esta cifra é moi relevante, e converte ó evento nun espectáculo deportivo de gran espectacularidade.

Nesta edición, o evento acollerá participantes de practicamente todos os recunchos do territorio nacional, incluíndo equipos de Galicia, Cantabria, Euskadi, Navarra, Aragón, Cataluña, Valencia, Castilla e León, Madrid, Extremadura, Murcia, Andalucía, Canarias e Baleares.

A especialización e a excelencia alcanzadas polo evento o colocan nunha categoría única e destacada na modalidade, outorgándolle un nivel óptimo de acollida na cidade.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 48 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

A entidade organizadora conta coa documentación acreditativa da posesión dos dereitos de organización emitida directamente pola Federación Española de Ciclismo.

Terceiro.- **O** interese público, social, económico o humanitario do proxecto a subvencionar e imposibilidade de convocatoria pública.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social, o que xustifica que se conceda directamente, consonte co artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. A súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

Na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, como o feito de que se trate dun proxecto de grande repercusión a nivel nacional, que conte cunha ampla promoción da actividade deportiva e o altísimo nivel deportivo da competición, que atraerá á cidade ós mellores equipos ciclistas do país.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade, o que supón un gran valor de carácter público e social.

Na Copa de España de Ciclismo que se vai celebrar en Vigo forma parte do Circuito das 11 mellores probas a nivel nacional, sendo a competición de Vigo a derradeira e converténdoa polo tanto na definitiva do calendario e onde se decide a clasificación xeral.

Na competición participan os mellores 25 equipos de España, conformando un pelotón de case 200 ciclistas.

A cobertura mediática do evento ten un carácter extraordinario, tendo presenza tanto en medios locais como Faro de Vigo, Atlántico Diario, La Voz de Galicia..., como diarios de tirada nacional como o diario AS.

A estes medios se engadirá o seguimento en TV e streaming en Teledeporte e Eurosport.

Estes datos identifican claramente a envergadura do evento que se vai desenvolver na cidade, cunha repercusión nacional extraordinaria, coa presenza dos e das mellores ciclistas do panorama nacional e cunha asistencia de público de gran volume, cuestións que se traducirán nun retorno importantísimo para a cidade de Vigo no plano social, económico e de promoción.

Esta competición ademais de servir de escaparate para a cidade, ofrecendo a oportunidade de mostrar a capacidade de Vigo como sede de grandes competicións nacionais, impulsará ó comercio local, promovendo obxectivos en liña cos obxectivos do Concello de Vigo neste ámbito.

As características propias do evento imposibilitan a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa, fundamentada, ademais, nos seguintes argumentos:

- Promoción do deporte vigués, favorecendo a consolidación de Vigo como “Cidade acolledora de grandes eventos deportivos”.
- Fomento de proxectos que propicien actuacións prioritarias na busca da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:
 - Promoción da marca Vigo como cidade do deporte.

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 49 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- Atracción de proxectos que supoñan a consolidación do tecido produtivo na súa relación do deporte.
- O impulso dunha oferta deportiva de calidade no ámbito dos eventos deportivos.
- Dinamización de propostas de interese de deporte-espectáculo de alto nivel.
- Creación de pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos para os e as deportistas vigueses mais mozos.
- Optimización dos recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Celebración de grandes competicións deportivas que potencien a práctica deportiva entre os deportistas vigueses e as deportistas viguesas.
- Promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional e consolidación de Vigo como “Cidade do Deporte”.

En relación á xustificación da subvención, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira da entidade deportiva, sen ánimo de lucro e, por outra, a propia finalidade da subvención, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que desenvolve o seu proxecto, a proposta exceptúa o cumprimento do establecido no art. 31.2 da L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de gastos nos que non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

En conclusión, e en relación co anteriormente exposto, considérase acreditado que a celebración deste evento deportivo ten un claro carácter de interese público e social para a cidade de Vigo, quedando xustificado ademais o seu carácter excepcional, o que fundamenta a proposta de tramitación dunha subvención, consonte co artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, cuxa concesión canalizarase a través dun convenio cuxo texto se someterá á aprobación por parte da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.

PROPOSTA

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- PRIMEIRO:** Aprobar a concesión dunha subvención por importe de 30.000,00€ á entidade CLUB CICLISTA RIAS BAIXAS CIF: G36842946 para a realización do evento deportivo “VI VIGO COPA DE ESPAÑA DE CICLISMO” de acordo coas condicións e compromisos que se detallan no texto do convenio anexo no presente expediente.
- SEGUNDO:** Autorizar e dispoñer o gasto de 30.000,00€ para subvencionar a organización da “V Vigo Copa de España de Ciclismo” a favor da entidade CLUB CICLISTA RIAS BAIXAS CIF: G36842946, segundo resulta da documentación do expediente nº 25385-333. Este crédito aplicarase con cargo á aplicación orzamentaria 3410.4890001 e a bolsa de vinculación do orzamento xeral vixente da Concellería de Deportes.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 50 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO

CONVENIO REGULADOR DA SUBVENCIÓN A FAVOR DA ENTIDADE CLUB CICLISTA RÍAS BAIXAS EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO “VI VIGO COPA DE ESPAÑA DE CICLISMO” (EXPTE. 25385/333).

Na Casa do Concello de Vigo, na data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, Javier Pardo Espiñeira, na súa calidade de segundo tenente de Alcalde e Concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes. (Resolución da Alcaldía do 28 de xuño de 2024)

Doutra, Jose Luís Chamorro Pérez como presidente da entidade CLUB CICLISTA RÍAS BAIXAS CIF: G36842946 e enderezo social en Avenida Castelao 3 4º B (36209), en Vigo, e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación que figura na documentación do expediente núm. 25385/333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- O obxecto deste convenio é fomentar o desenvolvemento na cidade de Vigo do proxecto deportivo “V Vigo Copa de España” organizado polo Club Ciclista Rías Baixas, que ostenta os dereitos de organización e representación en exclusiva do Evento deportivo, tal como acredita na documentación presentada no Concello de Vigo.

O Club Ciclista Rías Baixas propón a celebración na cidade de Vigo da “VI Copa de España de Ciclismo”, unha importante competición que converterá á cidade de Vigo, durante a súa celebración, no centro de atención internacional do ciclismo.

II.- Que a entidade Club Ciclista Rías Baixas organizará, a “VI Copa de España de Ciclismo” na cidade de Vigo, de gran e espectacularidade e cunha importante repercusión nos medios de comunicación.

III.- Que esta entidade se atopa en condicións de organizar a presente edición da VI Copa de España de Ciclismo na cidade de Vigo conforme ao programa e Presuposto de ingresos e gastos, presentados pola entidade organizadora.

IV.- A exclusividade do programa consta acreditada no proxecto presentado pola entidade.

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 51 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

V.- O Concello de Vigo está a potenciar a oferta deportiva que lle achega á cidadanía; neste sentido existe un grande interese en apoiar as manifestacións de deporte de alto nivel na cidade. De igual maneira, o Concello está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta deportiva diversificada que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores.

V.- Que na actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, xa que se trata dun evento único na modalidade. O carácter excepcional que dificulta a convocatoria pública desta proposta de subvención ven determinado pola singularidade e envergadura do proxecto.

A entidade organizadora conta coa documentación acreditativa da posesión dos dereitos de organización emitida directamente pola Federación Española de Ciclismo.

VII.- Que, conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente.

VIII.- Que este convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo art. 26.2 da Lei de Galicia 9/2007 e a Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo; contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio persegue.

IX.- Que o carácter deportivo se atopa entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.l e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

X.- Que o Club Ciclista Rías Baixas non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 25385-333.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita a celebración da Copa Vigo de España de Ciclismo, o CONCELLO e o Club Ciclista Rías Baixas conveñen a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- O Club Ciclista Rías Baixas comprométese a organizar a “VI Copa de España de Ciclismo” na Cidade de Vigo asumindo a responsabilidade única na organización e garantindo os medios materiais e humanos necesarios para tal fin e cumprindo cos obxectivos e actividades detalladas no proxecto. As súas responsabilidades incluirán:

1º.- Organizar a VI Copa Vigo de España de Ciclismo achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, así como cumprir a programación que consta



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 52 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

no Anexo deste expediente e asumir todos os gastos que se deriven da organización do evento deportivo.

2º.-Garantir a instalación e equipamentos axeitados ao proxecto contando coas homologacións e permisos necesarios.

3º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades.

4º.- Publicitar de xeito adecuado as actividades recollidas na programación. En todos os casos deberán figurar o logotipo do Concello de Vigo.

5º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do evento deportivo, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento.

6º.-Que en todas as comunicacións, informacións, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización do evento deportivo, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

7º.- Invitar ó Concello de Vigo a participar de forma activa na entrega dos premios principais do evento deportivo e á presentación, clausura e demais actos institucionais vinculados co mesmo.

8º.- Que en todas as actividades que se desenvolvan vinculadas co evento deportivo, con independencia dos patrocinios, deberá figurar nun lugar visible a imaxe institucional do Concello de Vigo, e concretamente:

- Nos actos de presentación, clausura e demais actos públicos.
- Nas zonas centrais e de máxima visibilidade na zona de xogo, espazo deportivo ou nos arcos de saída ou chegada se os houbera.
- Na páxina principal da WEB da entidade e do evento deportivo, así como en todas as comunicacións oficiais, documentación, entradas (se as houbera), lonas de publicidade ou carteis promocionais.

9º.- Realizar unha memoria do evento deportivo, que recolla resultados, colaboracións, clasificacións, actos, fotografías que inclúan a imaxe institucional durante o desenvolvemento do evento, etc... , e entregala ó Concello de Vigo xunto coa xustificación da subvención.

10º.-En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

11º.-Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción do Club Ciclista Rías Baixas (revista, web, etc).

2º.- Conceder directamente ó Club Ciclista Rías Baixas unha subvención por importe de 30.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.4890001 e a súa bolsa de vinculación do orzamento en vigor e a súa bolsa de vinculación mediante transferencia bancaria á conta corrente

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 53 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas coa organización do evento deportivo “Copa Vigo de España de Ciclismo”. A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á celebración do evento deportivo e ata o 15 de novembro de 2026.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao CONCELLO a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Tendo en conta a vixencia do convenio, a entidade deberá presentar a documentación para a xustificación no prazo comprendido entre a realización do evento deportivo e como máximo ata o 15 de Novembro de 2026. O pagamento do importe da subvención realizarase, por transferencia bancaria, á conta corrente facilitada pola entidade Club Ciclista Rías Baixas, da que é titular.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 54 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada de conformidade co indicado no artigo 29 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.

Sétimo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

Oitavo.- A beneficiaria terá de prazo ata o 15 de novembro de 2025 para xustificar o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, a entidade beneficiaria Club Ciclista Rías Baixas está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>

A tenor do disposto no artigo 81 do Regulamento da Lei 38/2003, establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.

A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 55 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel. As facturas presentadas terán que ser orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada citada no apartado anterior, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. Os gastos xustificativos con facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil presentarase en orixinal. As facturás cumpriran os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

En ningún caso se admitirán simples recibos ou xustificantes de caixa. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

- De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

Noveno.- No caso de que o Club Ciclista Rías Baixas se opoña expresamente a que o CONCELLO comprobe se aquela se atopa ao corrente nas súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro, a beneficiaria deberá acreditar estas circunstancias antes de proceder ao pagamento. De non haber tal oposición expresa, o CONCELLO recabará estes documentos de oficio, tal como establece o artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Décimo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito determinado correspondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen para a organización do evento deportivo “VI Copa Vigo de España de ciclismo”.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público para o contrato menor, a beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á subvención.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 56 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarse conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Décimo primeiro.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención para cada unha das anualidades e a axeitada xustificación de cada unha delas, será comprobada pola área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes. O persoal técnico do Servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo segundo.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Servizo de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo terceiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas terá que ser revisada polo Concello de Vigo. En toda a información editada figurará o logotipo do Concello de Vigo, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Deportes do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo quinto.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presente a entidade asinante e a presenza do persoal técnico do Servizo de Deportes nas propias actividades programadas.

Décimo sexto.- O presente convenio terá vixencia dende a súa sinatura ata o 15 de novembro de 2026 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación e non será prorrogábel.

Décimo sétimo.- A área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes, queda facultada para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

Décimo oitavo.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Décimo noveno - A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o se-

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 57 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

guimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015 e na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Deportes do Concello de Vigo.

Vixésimo.- A actividade obxecto deste convenio está destinada ao público en xeral, e o acceso á mesma será público e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre.

Vixésimo primeiro.- En cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións.

A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 20.8.b.

Vixésimo segundo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, en Vigo, na data da sinatura dixital

11(388).- SUBVENCIÓN A FAVOR DA ENTIDADE ESCUDERÍA RÍAS BAIXAS PARA A ORGANIZACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO 59 RALLY RÍAS BAIXAS 2026. EXPTE. 25470/333.

Visto o informe xurídico de 31/03/2026 e o informe de fiscalización do 08/05/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 23/03/2026, asinado polo xefe do Servizo de Deportes-director deportivo e conformado polo concelleiro delegado de Deportes, o concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/05/2026 09:41	Páxina 58 de 233
2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026	CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

1.- ANTECEDENTES

1.1.- Con data 16.03.26, Damián Giráldez Barreira, en n/r da ESCUDERÍA RÍAS BAIXAS solicitou, a través do rexistro xeral do Concello de Vigo a solicitude de subvención pola organización na cidade de Vigo do 59º Rallye Rías Baixas.

1.2.- A solicitude de subvención inclúe un orzamento equilibrado de ingresos-gastos por un importe total de 271.963,00€.

1.3.- Xunto a dita solicitude, a entidade interesada presenta a seguinte documentación:

- Proxecto deportivo.
- Documento acreditativo da exclusiva que ostenta a organizadora sobre o evento emitido pola Federación Española de Automobilismo.
- Certificado de ausencia de débedas coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e co Concello de Vigo.
- Anexos I.1 (modelo solicitude), I.2 (certificado de competicións) e I.3 (declaración responsable).
- Certificado titularidade conta bancaria.
- NIF da entidade, DNI do representante.
- Estatutos.

2.- FUNDAMENTOS

Primeiro.- Consideracións xerais

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación ó interese que ten para a cidade converterse en acolledora de eventos deportivos do máis alto nivel competitivo.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

Neste caso o Rallye Rías Baixas é un dos eventos máis relevantes a nivel Nacional, no ámbito dos deportes de motor.

A Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 08.03.2024 un “Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo”.

Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como “cidade do deporte”, inclúe o desenvolvemento dunha liña de apoio ó desenvolvemento de proxectos e eventos deportivos de interese xeral para a cidade de Vigo, dinamizados por diferentes entidades, e á promo-

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 59 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

ción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a promover a celebración de eventos deportivos na cidade.

Neste ámbito, e tal como está configurada a dinamización do deporte, o Concello de Vigo ten interese no fomento de propostas de subvención que permitan, a través do apoio institucional, o desenvolvemento de proxectos e eventos deportivos vinculados con criterios e principios relacionados co calendario deportivo que, pola súa propia estrutura, impiden ou limitan a capacidade para planificar unha determinada actuación cun gran período de tempo previo á súa celebración, xa que na maioría dos casos estes calendarios se configuran a partir de decisións dos organismos nacionais ou internacionais que ostentan os dereitos das competicións e cuxos tempos de xestión non coinciden cos tempos de xestión das administracións.

A subvención proposta se atopa incluída no Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, contribuíndo, en liña co establecido no dito plan (Liña 4-.Fomento actividades sociais-4.5-.Dinamización de eventos deportivos) a potenciar a imaxe de Vigo como cidade do deporte acolledora de eventos deportivos como ferramenta de colaboración e apoio a entidades organizadoras e como medio de promoción turística creando un entorno de promoción do deporte vinculado ó espectáculo deportivo como ferramenta de ocio.

Segundo.- **O** carácter excepcional da subvención.

O carácter excepcional que dificulta a convocatoria pública desta proposta de subvención ven determinado pola singularidade e envergadura do proxecto. Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo na partida orzamentaria 3410.4800005 conxuntamente co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

O obxectivo desta actuación de fomento, responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na busca da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

- 1.Promoción da marca Vigo como cidade do deporte.
- 2.Atracción de proxectos que supoñan a consolidación do tecido produtivo na súa relación do deporte.
- 3.O impulso dunha oferta deportiva de calidade no ámbito dos eventos deportivos.
- 4.Dinamizar propostas de interese de deporte-espectáculo de alto nivel.

Este proxecto fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén con eventos deportivos visibles que potencien a práctica deportiva.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/05/2026 09:41	Páxina 60 de 233
2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026	CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional e consolidación de Vigo como “Cidade do Deporte”

O Rally Rías Baixas cumpre a súa 59ª edición, sendo o Rally máis coñecido e emblemático a nivel autonómico e dos máis importantes a nivel nacional, formando parte da “Súper Copa de España de Rallyes”. Mantén a cidade de Vigo como centro neurálxico a nivel organizativo e directivo e localización da cerimonia de saída.

Este evento reunirá na cidade ós equipos oficiais de Renault, Dacia, Hyundai, Toyota, Peugeot, etc, así como varias das Copas de promoción de estas Marcas. Da mesma forma participarán os principais equipos Galegos da modalidade.

O evento deportivo na súa edición número 59 reunirá máis de 90 equipos, profesionais acreditados de medios de prensa, unha organización de 100 persoas e 600 voluntarios, cronometradores, responsables de ruta, peches de tramos, participantes de España, Francia e Portugal que poderán participar no evento, coa colaboración de protección civil, grada civil ou servizos sanitarios, para un evento totalmente gratuito o aire libre, e que supón un espectáculo deportivo de enorme nivel competitivo e espectacularidade, e cunha importante repercusión nos medios de comunicación.

Tendo en conta os antecedentes, se agarda a presenza de máis de 220.000 espectadores atendendo ós datos de edicións anteriores segundo a prensa especializada, o que converte a competición na máis seguida na cidade, ademais do seguimento que se poderá facer do evento en directo dun tramo de clasificación e das ceremonias de saída e entrega de premios a través da TVG2 Nacional e a TVG, DAZN, mantendo o streaming en directo de todo o Rallye.

Súmase a isto, o compoñente social e o valor promocional do deporte deste nivel. Considérase que a organización de este evento permite reforzar o compromiso coa sociedade e dar a coñecer o público das posibilidades de organización destes eventos deportivos, e tendo a oportunidade de incrementar o número de afeccionados e deportistas, coa repercusión mediática nos medios de comunicación, enlaces web, redes sociais, ademais de mostrar a Vigo como destino turístico-deportivo.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o “Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..” e que “...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”.

Terceiro.- O interese público, social, económico o humanitario do proxecto a subvencionar e imposibilidade de convocatoria pública.

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 61 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, como o feito de que se trate dun proxecto de grande repercusión a nivel nacional, que conte cunha ampla promoción da actividade deportiva e o altísimo nivel deportivo da competición, que atraerá á cidade a moitos dos es e das mellores pilotos do país.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social

Estes datos identifican claramente a envergadura do evento que se vai desenvolver na cidade, cunha repercusión internacional extraordinaria, coa presenza dos e das mellores deportistas do panorama nacional e cunha asistencia de público extraordinaria.

Esta competición ademais de servir de escaparate para a cidade, ofrecendo a oportunidade de mostrar a capacidade de Vigo como sede de grandes competicións nacionais, impulsará ó comercio local, promovendo obxectivos en liña cos obxectivos do Concello de Vigo neste ámbito.

As características propias do evento imposibilitan a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa, fundamentada, ademais, nos seguintes argumentos:

- Promoción do deporte vigués, favorecendo a consolidación de Vigo como “Cidade acolledora de grandes eventos deportivos”.
- Fomento de proxectos que propicien actuacións prioritarias na busca da potencia-
ción de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:
 - Promoción da marca Vigo como cidade do deporte.
 - Atracción de proxectos que supoñan a consolidación do tecido produtivo na súa relación do deporte.
 - O impulso dunha oferta deportiva de calidade no ámbito dos eventos deportivos.
 - Dinamización de propostas de interese de deporte-espectáculo de alto nivel.
 - Creación de pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos para os e as deportistas vigueses mais mozos.
 - Optimización dos recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
 - Celebración de grandes competicións deportivas que potencien a práctica depor-
tiva entre os deportistas vigueses e as deportistas viguesas.
 - Promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional e consolidación de Vigo como “Cidade do Deporte”.

En relación á xustificación da subvención, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira da entidade deportiva, sen ánimo de lucro e, por outra, a propia finali-
dade da subvención, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que de-
senvolve o seu proxecto, a proposta exceptúa o cumprimento do establecido no art. 31.2 da
L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de gastos nos que non será
necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao pro-
ceso de xustificación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/05/2026 09:41	Páxina 62 de 233
2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026	CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

En conclusión, e en relación co anteriormente exposto, considérase acreditado que a celebración deste evento deportivo ten un claro carácter de interese público e social para a cidade de Vigo, quedando xustificado ademais o seu carácter excepcional, o que fundamenta a proposta de tramitación dunha subvención. Ademais, a proposta de subvención consta nominativamente no orzamento da Concellería de deportes do ano 2026, polo que consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia cuxa concesión canalizárase a través dun convenio cuxo texto se someterá á aprobación por parte da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.

PROPOSTA

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión dunha subvención por importe de 50.000,00€ á entidade ESCUDERÍA RÍAS BAIXAS, CIF: G36645398 para a realización do evento deportivo “RALLY RÍAS BAIXAS 2026” de acordo coas condicións e compromisos que se detallan no texto do convenio anexo no presente expediente.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 50.000,00€ para subvencionar a edición do ano 2026 do “RALLY RÍAS BAIXAS 2026” a favor da entidade ESCUDERÍA RÍAS BAIXAS, CIF: G36645398 segundo resulta da documentación do expediente nº 25470-333. Este crédito aplicárase con cargo á aplicación orzamentaria 3410.4800005 do orzamento xeral vixente da Concellería de Deportes.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO

CONVENIO REGULADOR DA SUBVENCIÓN A FAVOR DA ENTIDADE ESCUDERÍA RÍAS BAIXAS EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO RALLY RÍAS BAIXAS 2026 (EXPTE. 25470/333).

Na Casa do Concello de Vigo, na data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, F. Javier Pardo Espiñeira, na súa calidade de segundo tenente de Alcalde e Concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes. (Resolución da Alcaldía do 28 de xuño de 2024)

Doutra, Damián Giráldez Barreira, na súa calidade de Presidente da Escudería Rías Baixas, CIF G.36645398 e enderezo social na Alameda do Torreiro, S/N na representación da mesma, tal e como consta no Expte. 25470-333.

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 63 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que o obxecto deste convenio é regular o outorgamento da subvención polo desenvolvemento na cidade de Vigo do proxecto deportivo “Rallye Rías Baixas 2026”, á entidade Escudería Rías Baixas que ostenta os dereitos de organización e representación en exclusiva do evento deportivo, tal como acredita na documentación presentada no Concello de Vigo.

II.- Que a entidade Escudería Rías Baixas organizará o “Rallye Rías Baixas”, de gran e espectacularidade e cunha importante repercusión nos medios de comunicación.

III.- Que a exclusividade do programa consta acreditada no proxecto presentado pola entidade.

IV.- O Concello de Vigo está a potenciar a oferta deportiva que lle achega á cidadanía. De igual maneira, o Concello está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta deportiva diversificada que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores da sociedade.

V.- Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Fomentar a ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais mocidade teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten con eventos deportivos visibles no seu entorno que potencien a práctica deportiva.

Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional e consolidación de Vigo como “Cidade do Deporte”

V.- Que, conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente, ao que hai que engadir que a subvención consta nominativamente no orzamento vixente da Concellería de deportes.

VII.- Que este convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo art. 26.2 da Lei de Galicia 9/2007 e a Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo; contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio persegue.

VIII.- Que o carácter deportivo se atopa entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.l e 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime lo-



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 64 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

cal, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

IX.- Que a entidade Escudería Rías Baixas non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese deportivo que para a cidade de Vigo representa a celebración do Rallye Rías Baixas, o CONCELLO e a Escudería Rías Baixas conveñen a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A Escudería Rías Baixas comprométese a organizar o “Rallye Rías Baixas 2026”, conforme ao programa recollido no Anexo deste Convenio, que comprende:

1º.- Organizar o Rallye Rías Baixas 2026 achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, así como cumprir a programación que consta no Anexo deste expediente.

2º.- Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio.

3º.- Garantir a instalación e equipamentos axeitados ao proxecto; dotar de material necesario co fin de acadar os obxectivos previstos no programa.

4º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades.

5º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.

6º.- Dar axeitada publicidade ao financiamento das actividades obxecto desta subvención, mediante a incorporación dos logotipos do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos os seus soportes publicitarios na proporción axustada ó nivel de financiamento, adoptando as medidas necesarias para difundir axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo concello de Vigo, incorporando a imaxe institucional do Concello de Vigo no material gráfico, na web, nas presentacións públicas, actividades e demais recursos de difusión utilizados.

7º.- Aboar as taxas, impostos e todos os demais gastos derivados dos permisos e da realización das actividades, incluíndo a xestión e aboamento da cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola utilización de música ambiente no desenvolvemento das actividades deportivas e de cultura urbana.

8º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida pro-

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 65 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

ducir en relación ao desenvolvemento do evento; a ENTIDADE entregará ao CONCE-
LLO copia da póliza antes do inicio das actividades.

9º.- Elaborar e cumprir o Plan de Autoprotección e Medidas de Emerxencia neces-
rias deseñado para o evento asinado por técnico competente.

10º.- Realizar unha memoria do evento deportivo, que recolla resultados, colaboracións,
clasificacións, actos, fotografías que inclúan a imaxe institucional durante o desenvolvemento do evento, etc... , e entregala ó Concello de Vigo no prazo de 45 días dende a finaliza-
ción do evento.

11º.-En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subven-
cións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

12º.-Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transpa-
rencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da Escudería Rías Baixas (revista, web, etc).

2º.- Conceder á Escudería Rías Baixas, unha subvención por importe de 50.000,00 euros,
co obxecto de coadxuvar ao financiamento da programación, organización e execución do Rallye Rías Baixas 2026.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a
mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou pri-
vados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao CONCELLO a obtención doutras subvencións,
axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación
deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xus-
tificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da
actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD
887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subven-
cións.

Cuarto.- Tendo en conta a vixencia do convenio, a entidade deberá presentar a documenta-
ción para a xustificación no prazo comprendido entre a realización do evento deportivo e co-
mo máximo ata o 15 de Novembro de 2026. O pagamento do importe da subvención realiza-
rase, por transferencia bancaria, á conta corrente facilitada pola entidade Escudería Rías Bai-
xas, da que é titular.

Ata o 50% do importe de cada anualidade da subvención proposta poderá ser abonado se a
entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio,
co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras
fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo
abono da subvención, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 66 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de
verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositará unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada de conformidade co indicado no artigo 29 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.

Sétimo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

Oitavo.- A beneficiaria terá de prazo ata o 15 de novembro de 2026 para xustificar o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, a entidade beneficiaria está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>

A tenor do disposto no artigo 81 do Regulamento da Lei 38/2003, establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 67 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, proveedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel. As facturas presentadas terán que ser orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada citada no apartado anterior, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. Os gastos xustificativos con facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil presentaránse en orixinal. As facturacións cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

En ningún caso se admitirán simples recibos ou xustificantes de caixa. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

- De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

Noveno.- No caso de que a Escudería Rías Baixas se opoña expresamente a que o CONCELLO comprobe se aquela se atopa ao corrente nas súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro, a beneficiaria deberá acreditar estas circunstancias antes de proceder ao pagamento. De non haber tal oposición expresa, o CONCELLO recabará estes documentos de oficio, tal como establece o artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 68 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

Décimo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito determinado correspondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen para a organización do evento deportivo “Rallye Rías Baixas 2026”.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público para o contrato menor, a beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Décimo primeiro.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención para cada unha das anualidades e a axeitada xustificación de cada unha delas, será comprobada pola área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes. O persoal técnico do Servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo segundo.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Servizo de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo terceiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas terá que ser revisada polo Concello de Vigo. En toda a información editada figurará o logotipo do Concello de Vigo, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Deportes do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 69 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Décimo quinto.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presente a entidade asinante e a presenza do persoal técnico do Servizo de Deportes nas propias actividades programadas.

Décimo sexto.- O presente convenio terá vixencia dende a súa sinatura ata o 15 de novembro de 2026 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación e non será prorrogábel.

Décimo sétimo.- A área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes, queda facultada para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

Décimo oitavo.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Décimo noveno - A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015 e na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Deportes do Concello de Vigo.

Vixésimo.- A actividade obxecto deste convenio está destinada ao público en xeral, e o acceso á mesma será público e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre.

Vixésimo primeiro.- En cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións.

A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 20.8.b.

Vixésimo segundo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 70 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, en Vigo, na data da sinatura dixital

12(389).- AUTORIZACIÓN DA EXECUCIÓN DAS OBRAS DE REFORMA DAS CATRO PISTAS DE PÁDEL DO COMPLEXO MUNICIPAL MQA BARREIRO. EXP-TE. 25258/333.

Visto o informe xurídico de data 11/05/2026 e o informe de fiscalización do 12/05/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 04/05/2026, asinado polo xefe do Servizo de Deportes-director deportivo, o xefe da Área de Investimentos e conformado pola concelleira da Área de Goberno (Resolución Alcaldía 30/04/2026) e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES:

1.- O Concello Pleno en sesión do 31/03/2006 acordou a xestión indirecta dos equipamentos deportivos a implantar nas parcelas do PERI 4 Barreiro II cunha piscina cuberta e da praza central do Polígono I do PERI II-12 a Florida B con outra piscina cuberta, a través da figura de contrato de xestión de servizo público con construción de obra.

2.- A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en sesión ordinaria do 18 de decembro de 2006, acorda a aprobación dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas para a contratación da xestión do servizo público con execución de obra de dúas piscinas cubertas na parcela da raza central do polígono 1 do peri II-12-A Florida B e na parcela do peri 4 Barreiro II.

3.- A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria de 23 de maio de 2007 e modificado pola sesión do 12 de xuño de 2007, acordou adxudicar a construción e explotación de dúas piscinas cubertas nas parcelas do PERI 4 Barreiro II e na praza central do polígono I do PERI II-12 A Florida B, coa determinación de xestión do servizo público (expte 6078/333), a favor da sociedade concesionaria a constituír por GAIA GD, SL e MOVEXVIAL, SL., formalizándose o contrato coa sociedade concesionaria Carrera Galicia, S.L., en escritura pública de data 15 de xuño de 2007. Posteriormente a Xunta de Goberno Local de 17 de marzo de 2008, deuse por enterada da transformación da sociedade Carrera Galicia S.L., na sociedade anónima con denominación AQA Vigo Xestión Deportiva, S.A.

4.- A Xunta de Goberno Local, en data do 17/03/2008, aprobou o proxecto básico e de execución das obras de construción e explotación das dúas piscinas cubertas nas parcelas do PERI 4 Barreiro II e na praza central do Polígono I do PERI II-12 a Florida B, prestados pola

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 71 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

empresa AQA Vigo Xestión Deportiva, S.A. e, por acordo de data 11/10/10, aprobou modificacións de ditos proxectos.

5.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o 23.09.2011 (Expte. 10312/333), acordou a aprobación definitiva da modificación do contrato de xestión do servizo público con execución de obra de dúas piscinas cubertas na parcela da praza central do polígono 1 do peri II-12-A Florida B e na parcela do peri 4 Barreiro II, adxudicado a concesionaria AQA Vigo Xestión Deportiva, S.A. en relación a ampliación da xestión do uso deportivo das pistas de pádel existentes no proxecto construtivo da piscina de Barreiro as instalacións anexas de 8 pistas de pádel que o Concello de Vigo esta a construír na parcela anexa o edificio da Piscina de Barreiro conforme o establecido no referido contrato, en base os seguintes criterios:

- a) O período de xestión das 8 pistas de pádel estará vinculado dende a finalización das obras, e o propio límite da concesión.
- b) Os criterios de xestión serán os mesmos aprobados nas normas de funcionamento para a instalación de Barreiro e coas tarifas de explotación definidas no presente expediente para os usos vinculados coas pistas de pádel.
- c) As 8 pistas de pádel, serán xestionadas pola empresa baixo a súa responsabilidade, consonte co estipulado na memoria de explotación que fundamente este acordo da modificación do contrato e de acordo coas particularidades que regulan o actual contrato segundo o estipulado no prego de condición que rexeu esta adxudicación. Asemade, deberá cumprir todos os requisitos legais necesarios, os cales non terán ningunha repercusión a favor da empresa en relación os prazos da concesión ni a proposta económica que fundamenta a mesma.

6.- A posta en funcionamento dos servizos vinculados a contratación da xestión do servizo público con execución de obra de dúas piscinas cubertas na parcela da praza central do polígono 1 do peri II-12-A Florida B e na parcela do peri 4 Barreiro II, ten como referencia inicial de apertura da Piscina da Florida o pasado 1 de novembro de 2010 e posteriormente, o 1 de febreiro de 2011 entrou en funcionamento a Piscina de Barreiro.

I.- O réxime xurídico aplicable ao contrato que nos ocupa e o que resulta fundamentalmente do R.D.L. 2/2002, de 16 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas e o R.D. 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da citada Lei, aplicables ao contrato en virtude da Disposición transitoria primeira da lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, sen prexuízo das demais normas que puideran resultar de aplicación, en especial, o RSCCLL de 17 de xuño de 1955.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS:

De acordo co PCAP, o obxecto do contrato centrase explotación das piscinas cubertas a construír nas parcelas do PERI 4 Barreiro II e na praza central do polígono I do PERI II-12 A Florida B, de acordo coas obrigas contractuais recollidas no PCAP e no PPTP, así como as derivadas da oferta realizada polo adxudicatario en relación ao proxectos de execución das obras, como ao proxecto de explotación.

O prego de cláusulas administrativas particulares establece na súa cláusula 26.2 como obriga para o Concello "Outorgar ao concesionario e, no seu caso, á empresa construtora, as



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 72 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

autorizacións e licenzas necesarias para a realización das obras e para o funcionamento da actividade”, e na cláusula 24.11 como obriga do concesionario que este “deberá manter en perfecto estado de conservación (seguridade, limpeza e estética) as instalacións e demais elementos das instalacións deportivas, de conformidade coas especificacións establecidas no seu Programa de funcionamento e conservación. A administración municipal poderá ditar instrucións neste sentido que serán de obrigado cumprimento”.

En relación á xestión da oferta deportiva contemplada no proxecto de explotación, nos atopamos como parte substancial do contido descritivo na oferta lo licitador, un desglose pormenorizado das diversas actividades, as cales conforman de forma xeral unha ampla oferta de actividades físico deportiva para todas as idades.

En relación ao programa e oferta de actividades a desenvolver dentro do obxecto do contrato, é necesario indicar que a actividade físico deportiva ven experimentando nos últimos anos unha continua evolución, tanto en relación ás demandas deportivas, como aquela que aparece da mellora tecnolóxica aplicada os equipamentos deportivos. Esta realidade leva implícito que os servizos deportivos vinculados directamente as actividades físico-deportivas de recreo e ocio, teñan a necesidade de ir adaptando a súa oferta os requirimento dos usuarios, os cales hoxe en día, valoran de forma moi destacada a mellora das condicións de práctica deportiva, e en concreto, na súa relación coa presente proposta, coa práctica deportiva do pádel, ao obxecto de mellorar a experiencia das persoas usuarias deste tipo de servizo.

En relación a ditas demandas sobre a mellora dos servizos deportivos que se ofrecen nas instalacións de AQA Vigo de Barreiro, debemos indicar que este centro deportivo ven adecuando a súa programación deportiva cada ano e incorporando novas actividades.

De acordo a estas necesidades xa foi realizada dúas actuacións de mellora nas instalacións de acordo coa autorización da Xunta de Goberno Local, de data 6 de setembro de 2018 e 24 de maio de 2019 para a dar continuidade ó proceso de modernización da oferta deportiva fundamentada principalmente no complexo deportivo AQA Vigo de Barreiro, e tendo en conta os seguintes aspectos principais:

- a.- Análise dos cambios de tendencias na evolución dos servizos deportivos.
- b.- Análise da evolución real dos usos deportivos desta instalación.

Derivadas destas dúas xustificacións AQA Vigo propoñe as seguintes actuacións:

1.- Necesidade de transformación das pistas de pádel do Centro Deportivo de Barreiro:

A memoria presentada por AQA Vigo, xustifica a necesidade de transformar catro pistas de pádel de muro de ladrillo en catro pistas de pádel con muro de cristal cubertas cunha estrutura de lona téxtil, como resposta á baixa utilización actual destas infraestruturas cuxa demanda é marxinal debido á evolución do perfil do deportistas e á implantación da modalidade, co obxectivo de incrementar a utilización das instalacións, mellorar a competitividade do centro no mercado do pádel e garantir a rendibilidade e sostibilidade operativa.

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 73 de 233



2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Os datos de usos indicados, así como o análise das suxestións e queixas dos usuarios son determinantes na identificación e xustificación desta necesidade.


A proposta de mellora proxecta transformar catro pistas de pádel existentes en catro pistas de cristal cubertas, o que incrementaría o uso actual das mesmas.





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102



As actuacións previstas para a execución desta obras atópanse definidas no proxecto redactado polo arquitecto Xosé A. García Vázquez. Ditas actuacións cuantifican o gasto nun total s/IVE de TRESCENTOS QUINCE MIL TRES CENTOS SEIS EUROS CON CORENTA E UN CÉNTIMOS. (315.306,41€).

Anéxase a esta proposta o proxecto de básico de execución do arquitecto Xosé García Vázquez.

Polo cal a proposta da realización da obra de transformación de catro pistas de pádel de muro de ladrillo descubertas en catro pistas de pádel de cristal cubertas cunha estrutura de lona téxtil.

III.- Proposta:

Atendendo á natureza do contrato que rexe esta concesión, debemos atender ós pregos que regulan o presente contrato de “xestión de servizo público con execución de obra” na modalidade de concesión, polo cal o alcance da proposta que presenta a mercantil AQA Vigo Xestión Deportiva, S.A.U, como adxudicataria desta concesión, céntrase nunha solicitude de autorización de realización de unha obra para a mellora dos servizos que presta, co obxecto de manter a competitividade necesaria dos servizos que presta en relación á demanda deste tipo de servizos.

En relación as obrigas de AQA Vigo, como adxudicatario desta concesión, se atopa a condición da explotación das instalacións obxecto do contrato do modo disposto nos pregos, e de

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo
2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

Data impresión: 25/05/2026 09:41 Páxina 75 de 233
CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

acordo coa súa oferta, polo cal a proposta obxecto deste expediente centrase nunha necesidade de mellorar a capacidade da xestión a través de realizar unha mellora das instalación co obxectivo de garantir o cumprimento dos indicadores de usos previstos no plan de explotación.

A solicitude proposta por AQA Vigo, responde ós criterios dunha xestión adecuada a necesidade do servizo público vinculado ao contrato, e ademais, ven a cumprir coas orientacións transmitidas desde o Concello de Vigo no ámbito de desenvolver aquelas medidas que podan mellorar tanto a calidade, como a propia oferta a executar dende este tipo de instalacións.

Dentro das competencias do Concello de Vigo o PCAP indica na cláusula 26.2. a competencia propia de *“outorgar ao Concesionario e, no seu caso, á empresa construtora as autorización e licenzas necesarias para a realización das obras e para o funcionamento da actividade”*. Por outra banda o apartado 5 da cláusula 26 indica tamén como obriga do Concello de Vigo a de *“outorgar ao Concesionario as facultades necesarias para o adecuado desenvolvemento do contrato”*, polo cal a solicitude realizada por AQA Vigo Xestión Deportiva, S.A.U, en relación a autorización das obras para a transformación de catro pistas de pádel de muro de ladrillo descubertas en catro pistas de pádel con muro de cristal cubertas cunha estrutura de lona téxtil, deben ser consideradas como unha actuación necesaria para manter a capacidade de xestión que require esta instalación, posibilitando a competitividade da mesma en relación as novas ofertas deportivas do sector.

Os custes previstos para a execución das obras previstas nesta solicitude, no representan por si mesmos valores de desequilibrio no proxecto global de xestión, xa que os importes de referencia sobre os custes previstos para a execución da obra non representan en si mesmo un importe substancial no ámbito deste contrato, senón que os mesmos deben ser considerados como novas necesidades para manter o equilibrio na xestión e poder manter os indicadores do plan de xestión nos usos desta instalación.

En base os datos aportados por AQA Vigo, como concesionario deste contrato de xestión de servizo público, pode indicar que a proposta non contempla ningún indicador que poda xerar un desequilibrio económico da concesión, senón que as propostas de mellora, teñen por obxecto a necesidade de responder a evolución real das demandas deste sector e posibilitar o mantemento da capacidade competitiva deste tipo de instalación, e todo isto, salvagardando os condicionantes da futura evolución da demanda deportiva sobre os servizos que se veñen prestando no ámbito desta concesión, que deberán ser avaliadas en base os resultados de explotación deste centro nos vindeiros anos, de acordo coas obrigas establecidas nos pregos e condicionantes da execución dos servizos que se prestan.

Polo exposto, a proposta de transformación de catro pistas de pádel de muro de ladrillo descubertas en catro pistas de pádel con muro de cristal cubertas cunha estrutura de lona textil no Centro deportivo de Barreiro recollidos neste informe, responde a unha necesidade xustificada no ámbito da propia concesión, e polo tanto, considerase oportuno proceder a autorizar a execución das citadas actuacións.

No informe dos arquitectos Municipais do 11.03.26 faise constar que:

REVISIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL PXOM DE VIGO, aprobación Pleno 26/05/2025, publicado no B.O.P.P.O. o 04/08/2025 (DOGA 30/06/2025), resultando



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 76 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

de aplicación as determinacións recollidas no Art. 73.4 referido ós Sistemas Xerais, por atoparse incluído no SX-EQ-DE-360. De acordo cas condicións aplicables a instalacións existentes, nestes ámbitos resultarán permisibles as ampliacións ata un 30% dos valores de edificabilidade existentes. A actuación plantexada atópase dentro deste rango, polo que resulta permisible.

CONDICIÓN TÉCNICAS: O proxecto recolle a xustificación dos apartados normativos esixibles, ca correspondente memoria de cumprimento dos requisitos aplicables do CTE. Previamente ó inicio das obras deberá presentarse o correspondente Proxecto de execución.

Con data 28.04.26 a Enxeñeira Municipal da Oficina de Supervisión de Proxectos ITO e asistencia municipal, informa que “Os custes unitarios incluídos no proxecto considéranse axeitados para a execución do contrato, estímase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei”

A tramitación deste expediente realízase dende a Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes, de acordo coas competencias propias en materia de seguimento de empresas concesionarias de servizos públicos, e sobre todo en relación as obrigas derivadas da mesma sobre o seguimento da execución das obras.

En relación ao obxecto deste expediente, e competencia da Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación a adopción do acordo que se propón.

Por todo o exposto e previo informe xurídico e da intervención xeral, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguintes acordos:

Primeiro: Autorizar a AQA Vigo Xestión Deportiva, S.A.U, na súa condición de concesionaria do contrato de xestión do servizo público con execución de obra de dúas piscinas cubertas na parcela da raza central do polígono 1 do peri II-12-A Florida B e na parcela do peri 4 Barreiro II, a realización das obras de transformación de catro pistas de pádel de muro de ladrillo descubertas en catro pistas de pádel con muro de cristal cubertas cunha estrutura de lona textil do Complexo Municipal MQA Barreiro definidas no proxecto redactado polo arquitecto Xosé A. García Vázquez cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS QUINCE MIL TRESCENTOS SEIS EUROS CON CORENTA E UN CÉNTIMOS (315.306,41 EUROS).

Segundo: En execución deste acordo AQA, Vigo SA, deberá proceder á correspondente acreditación das actuacións vinculas a este acordo unha vez realizadas, comunicando a finalización das mesmas para a ser obxecto de recepción das mesmas.

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 77 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(390).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE “VIVA SUECIA”: VIGO EN FESTAS 2026. EXPTE. 10620/335.

Visto o informe xurídico do 06/05/2026 e o informe de fiscalización do 07/05/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 04/05/2026, asinado pola xefa do Servizo de Festas e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións lexisladas vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución do 12/03/2026, a concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal resolveu iniciar o expediente de contratación do espectáculo do artista “VIVA SUECIA” dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2026”

Segundo.- No expediente tramitado para o efecto consta a seguinte documentación:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), coa resolución da concellería delegada que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 12/03/2026.
- Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2026, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 19 de decembro de 2025 e publicado no perfil de contratante, dentro do obxecto contractual “Servizo de contratación de actuacións artísticas singulares para “Vigo en Festas 2026”.
- O 17 de outubro de 2025 publicouse na Plataforma de Contratación do Estado unha “Convocatoria pública para a selección de actuacións artísticas ou espectáculos para



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 78 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

o auditorio de Castrelos e outras localizacións no verán 2026”, no marco do expediente 10551-335.

- Con data 11 de marzo de 2026 publicouse na Plataforma de Contratación do Estado unha primeira programación das actuacións artísticas ou espectáculos. Entre as propostas seleccionadas consta a da artista “VIVA SUECIA”.
- Memoria económica de data 12/03/2026, relativa aos seguintes extremos:
 - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
 - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
 - Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
- Retención de crédito de data 16/03/2026 (operación nº 12026000023472).
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP) de data 17/03/2026.
- Memoria xustificativa, de data 17/03/2026, relativa aos seguintes extremos:
 - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP).
 - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP) e, no seu caso, a xustificación do establecemento de limitacións aos licitadores (artigo 99.4 da LCSP).
 - Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP)
 - Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
 - Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).
 - Xustificación da non fixación dos criterios para a consideración de ofertas anormalmente baixas (só cando son distintos aos previstos con carácter xeral nos pregos ou ben no RLCAP).
 - Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Informe do Servizo de Contratación do 14/04/2026 sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Consta acreditado no expediente, segundo informe do Servizo de Contratación de data 14/04/2026, que a mercantil ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, SL, ten cedidos os dereitos de exclusiva para levar a cabo a actuación de “VIVA SUECIA” o día 14/08/2026 no Auditorio de Castrelos.

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 79 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- Prego de cláusulas administrativas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 30/04/2026.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo órgano de contratación. Por resolucións de Alcaldía de delegacións competenciais de data 20/06/2023, 28/06/2023 e resolución de modificación de delegación de competencias do 28 de xuño de 2024, vixentes no momento da iniciación deste expediente, corresponde á Concelleira da área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal o inicio do expediente.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas particulares redactado pola Xefa do Servizo de Festas e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento negociado sen publicidade, por canto, de acordo co artigo 168.a 2º LCSP, por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só pode encomendarse a un empresario determinado.

Consta acreditado no expediente que ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS SLU, tal e como se puxo de releve nos antecedentes, ostenta os dereitos de exclusiva para a realización de este concerto.

Cuarto.- Con carácter previo á aprobación do expediente, emitírase informe preceptivo da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP).

Quinto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional 2ª.4 da LCSP). A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

PROPOSTA

Por todo o exposto, e previo informe xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

“Primeiro: Aprobación do expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria para a contratación do espectáculo do artista “VIVA SUECIA” dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2026”.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/05/2026 09:41	Páxina 80 de 233
2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026	CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 17/03/2026 e o prego de cláusulas administrativas particulares do 30/04/2026.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe de 459.800,00 euros, sendo o valor estimado do contrato de 380.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(391).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE “IVÁN FERREIRO”: VIGO EN FESTAS 2026. EXPTE. 10623/335.

Visto o informe xurídico do 05/05/2026 e o informe de fiscalización do 07/05/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 04/05/2026, asinado pola xefa do Servizo de Festas e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución do 12/03/2026, a concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal resolveu iniciar o expediente de contratación do espectáculo do artista “IVAN FERREIRO” dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2026”

Segundo.- No expediente tramitado para o efecto consta a seguinte documentación:

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 81 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), coa resolución da concellería delegada que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 12/03/2026.
- Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2026, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 19 de decembro de 2025 e publicado no perfil de contratante, dentro do obxecto contractual “Servizo de contratación de actuacións artísticas singulares para “Vigo en Festas 2026”.
- O 17 de outubro de 2025 publicouse na Plataforma de Contratación do Estado unha “Convocatoria pública para a selección de actuacións artísticas ou espectáculos para o auditorio de Castrelos e outras localizacións no verán 2026”, no marco do expediente 10551-335.
- Con data 11 de marzo de 2026 publicouse na Plataforma de Contratación do Estado unha primeira programación das actuacións artísticas ou espectáculos. Entre as propostas seleccionadas consta a da artista “IVAN FERREIRO”.
- Memoria económica de data 12/03/2026, relativa aos seguintes extremos:
 - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
 - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
 - Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2º do RLCAP).
- Retención de crédito de data 16/03/2026 (operación nº 1202600023474).
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP) de data 17/03/2026.
- Memoria xustificativa, de data 17/03/2026, relativa aos seguintes extremos:
 - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP).
 - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP) e, no seu caso, a xustificación do establecemento de limitacións aos licitadores (artigo 99.4 da LCSP).
 - Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP)
 - Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
 - Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 82 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

- Xustificación da non fixación dos criterios para a consideración de ofertas anormalmente baixas (só cando son distintos aos previstos con carácter xeral nos pregos ou ben no RLCAP).
 - Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Informe do Servizo de Contratación do 14/04/2026 sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
 - Consta acreditado no expediente, segundo informe do Servizo de Contratación de data 14/04/2026, que a mercantil ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, SLU, ten cedidos os dereitos de exclusiva para levar a cabo a actuación de “IVAN FERREIRO” o día 15/08/2026 no Auditorio de Castrelos.
 - Prego de cláusulas administrativas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 30/04/2026.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iníciase polo órgano de contratación. Por resolucións de Alcaldía de delegacións competenciais de data 20/06/2023, 28/06/2023 e resolución de modificación de delegación de competencias do 28 de xuño de 2024, vixentes no momento da iniciación deste expediente, corresponde á Concelleira da área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal o inicio do expediente.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas particulares redactado pola Xefa do Servizo de Festas e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento negociado sen publicidade, por canto, de acordo co artigo 168.a 2º LCSP, por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só pode encomendarse a un empresario determinado.

Consta acreditado no expediente que ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS SLU, tal e como se puxo de releve nos antecedentes, ostenta os dereitos de exclusiva para a realización de este concerto.

Cuarto.- Con carácter previo á aprobación do expediente, emitirase informe preceptivo da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP).

Quinto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional 2ª.4 da LCSP). A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/05/2026 09:41	Páxina 83 de 233
2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026	CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

PROPOSTA

Por todo o exposto, e previo informe xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria para a contratación do espectáculo do artista “IVAN FERREIRO” dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2026”.

Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 17/03/2026 e o prego de cláusulas administrativas particulares do 30/04/2026.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe de 217.800,00 euros, sendo o valor estimado do contrato de 180.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(392).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA ESPECÍFICA DE SUBVENCÍONS DO SERVIZO DE IGUALDADE A ENTIDADES DEPORTIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A PROMOCIÓN DO DEPORTE FEMININO DO ANO 2026. EXPTE. 14521/224.

Visto o informe xurídico de data 07/05/2026 e o informe de fiscalización do 12/05/2026, sométese a aprobación o informe-proposta da xefa de Igualdade e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Este expediente recolle as bases reguladoras e a convocatoria do procedemento para a concesión de subvencións a entidades deportivas con personalidade xurídica propia, que teñan o seu enderezo social ou delegación en Vigo, carezan de ánimo de lucro, contén con un número mínimo de 10 licenzas femininas ou 1 licenza feminina de deporte adaptado e reúnan os demais requisitos establecidos nas bases reguladoras, co obxecto de promover o deporte feminino mediante a contribución ao financiamento dos gastos ocasionados polo



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 84 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

seu funcionamento e a súa actividade deportiva na tempada 2025/2026 ou do ano 2026 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada se corresponda co ano natural.

O deporte é un pilar básico para a saúde e o benestar, tanto físico como psicolóxico, que potencia a estima das persoas que o practican, ao igual que o coñecemento do seu propio corpo, motivando un estilo de vida con hábitos saudables. Así mesmo, o deporte é un medio para afirmar a personalidade dun xeito integral, que lle aprende a quen o practica cualidades como o liderado, a autosuperación, o compañeirismo e a autoestima. O deporte tamén é un espazo socializador que axuda na prevención de prácticas discriminatorias e violentas e a súa práctica, en igualdade de condicións para mulleres e homes, repercute nunha sociedade máis igualitaria.

Porén, a participación das mulleres no ámbito deportivo foi tardía e, aínda hoxe, a súa presenza é menor en case todas as modalidades da práctica recreativa, competitiva e/ou profesional, así como en todas as estruturas que conforman o sistema deportivo.

O *Anuario de Estadísticas Deportivas 2025*, que é unha publicación elaborada pola Subdirección Xeral de Estatística e Estudos do Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes, recolle unha selección dos resultados estatísticos máis relevantes do ámbito deportivo elaborados a partir das múltiples fontes estatísticas dispoñibles. O Anuario é unha ferramenta útil para o coñecemento da situación do sector deportivo en España e da súa evolución. Estes son algúns dos resultados máis significativos:

Emprego vinculado ao deporte

A *Enquisa de Población Activa*, estatística oficial pertencente ao Plan Estatístico Nacional elaborada polo Instituto Nacional de Estatística, permite estimar o emprego en determinadas actividades económicas e ocupacións vinculadas ao deporte.

Os datos medios do ano 2024 indican que existen diferencias significativas por sexo entre o emprego vinculado ao ámbito deportivo e o emprego total: no emprego vinculado ao ámbito deportivo o 59,8% son homes mentres que no conxunto do emprego a porcentaxe de homes é do 53,6%.

Deporte Federado

Os principais resultados da *Estatística de Deporte Federado*, elaborada polo Consello Superior de Deportes coa colaboración da Subdirección Xeral de Estatística e Estudos do Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes e das federacións deportivas españolas, indican que, no 2024, o 75,1% das licenzas federadas corresponden a homes e só o 24,9% a mulleres.

Polo que respecta aos/ás Deportistas de Alto Nivel (DAN), no ano 2024, o 59,0% dos deportistas de alto nivel son homes e o 41,0% son mulleres.

Formación do persoal adestrador

A *Estatística de Formación de Persoal Adestrador Deportivo* elaborada polo Consello Superior de Deportes coa colaboración das federacións deportivas españolas e das comunidades e cidades autónomas, ofrece información relativa á formación realizada polas federacións deportivas ou polas administracións autonómicas competentes en materia de deporte. Esta formación é diferente das ensinanzas deportivas oficiais do sistema educativo.

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 85 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

O número do persoal adestrador formado no ámbito estritamente federativo durante o ano 2023 foi de 8.817: o 71,4% son homes e o 28,6%, mulleres.

Polo que se refire ás formacións promovidas pola administración deportiva das comunidades ou cidades autónomas, durante o 2023, o número de persoal adestrador formado foi de 4.919: o 60,2% son homes e o 39,8%, mulleres.

Hábitos deportivos

A *Enquisa de Hábitos Deportivos en España 2024/2025*, elaborada polo Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes e o Consello Superior de Deportes coa colaboración do Instituto Nacional de Estadística, e que pertence ao Plan Estadístico Nacional, mostra que a práctica deportiva, independentemente da frecuencia, continúa sendo superior nos homes con respecto ás mulleres, situándose en términos anuais en 66,2% e 59,5%, respectivamente.

A enquisa tamén proporciona indicadores relativos á idade de inicio da práctica deportiva: o 59,4% da poboación que practica deporte iniciou esta actividade antes dos 15 anos. Por sexo, o 70,5 % dos homes comezaron a facer deporte antes dos 15 anos fronte ao 47,7% das mulleres.

Campionatos universitarios e en idade escolar

A *Explotación da Base de Datos de Campionatos de España Universitarios e en Idade Escolar*, pertencente ao Inventario de Operacións Estadísticas da Administración do Estado, permite dispoñer de determinados indicadores relativos á participación e aos resultados neste ámbito. Os resultados relativos a 2024 indican que:

En canto aos Campionatos de España Universitarios, o número total de deportistas participantes alcanzou os 5.402: 2.914 homes, o 53,9%, e 2.488 mulleres, o 46,1%.

Nos Campionatos de España en Idade Escolar, o número total de deportistas participantes foi de 11.406: 5.902 homes, o 51,7%, e 5.504 mulleres, o 48,3%.

Con respecto á nosa Comunidade autónoma, segundo o Instituto Galego de Estatística, no ano 2024, do total de 301.028 licenzas deportivas, 224.464 pertencen a homes e 76.564, a mulleres, o que supón o 74,6% e o 25,4%, respectivamente.

As porcentaxes de participación das mulleres e nenas nas entidades deportivas da cidade de Vigo son semellantes ás de Galicia e de España. Segundo os datos obtidos do *Informe de impacto de xénero sobre o proxecto de orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2026* do Servizo de Deportes:

- Na convocatoria de subvencións a entidades deportivas, do total de 24.291 licenzas valoradas, só 6.564 pertencen a deportistas femininas (o 27,03%).
- No programa municipal de escolas deportivas participaron 2.383 escolares femininas dun total de 5.240, o que supón o 45,47%.
- Nas subvencións orientadas a deportistas de alto nivel da cidade de Vigo, só se beneficiaron 15 deportistas femininas dun total de 43 deportistas.

Tamén é salientable a menor repercusión que teñen nos medios de comunicación a participación deportiva e os logros conseguidos por mulleres ou nenas deportistas. As competicións masculinas adoitan contar cun maior impacto social e con máis recursos e interese que as femininas. Esta invisibilización repercute de forma negativa na percepción das deportistas sobre a súa práctica deportiva, na afluencia de público ás competicións femininas



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 86 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

e no acceso das entidades deportivas con licenzas femininas ao financiamento. Ademais, o feito de ter menos referentes de mulleres deportistas reflectidas nos medios, un dos principais axentes socializadores, obstaculiza o acceso das nenas e mulleres á práctica deportiva.

Estes datos apuntan a que, a pesar dos avances, prevalecen desequilibrios importantes por razón de sexo no deporte, tanto na súa práctica como na participación en directivas de federacións e entidades deportivas ou, mesmo, no eido profesional, e avalan a necesidade de establecer políticas públicas para corrixir esa situación de desigualdade e para fomentar o acceso, a permanencia e a promoción das nenas e mulleres no ámbito deportivo.

O artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece que o Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, nas materias de promoción do deporte e de promoción da igualdade entre homes e mulleres, así como contra a violencia de xénero.

Na mesma liña, a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, dispón, no seu artigo 80.2, que o municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma, entre outras, nas materias de actividades deportivas e de execución de programas propios destinados á muller.

Así mesmo, a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, imponse aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes e fai referencia ao ámbito do deporte. O seu artigo 29 establece que *“todos os programas públicos de desenvolvemento do deporte incorporarán a efectiva consideración do principio de igualdade real e efectiva entre mulleres e homes no seu deseño e execución”*, así como que *“o Goberno promoverá o deporte feminino e favorecerá a efectiva apertura das disciplinas deportivas ás mulleres, mediante o desenvolvemento de programas específicos en todas as etapas da vida e en todos os niveis, incluídos os de responsabilidade e decisión”*.

Como normativa específica da Comunidade autónoma galega cómpre mencionar:

- A Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia. O seu artigo 71 establece que a Administración autonómica promoverá a igualdade entre mulleres e homes na actividade deportiva, favorecerá a apertura efectiva de todas as disciplinas deportivas ás mulleres, visibilizará os referentes femininos en todo tipo de deportes e potenciará o pluralismo deportivo e os eventos nos que participen mulleres.
- A Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia. O seu artigo 3.b) establece como principio reitor da Lei *“o dereito de todos os cidadáns a coñecer e a practicar deporte de forma libre, voluntaria e democrática, en termos de igualdade e sen discriminación algunha”* e o artigo 5.3 dispón que *“no exercicio das competencias atribuídas á Administración autonómica, integrarase a dimensión da igualdade de oportunidades entre as mulleres e os homes e evitarse calquera elemento de discriminación directa ou indirecta”*.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na sesión ordinaria do 6 de febreiro de 2026, aprobou o V Plan integral de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes da

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 87 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

cidade de Vigo 2026-2030, que foi ratificado polo Pleno do 23 de febreiro de 2026. No referente ao ámbito deportivo, o Plan establece, entre os seus obxectivos xerais, fomentar o acceso de mulleres e nenas á práctica do deporte e impulsar a igualdade neste ámbito e, entre os seus obxectivos específicos, introducir a perspectiva de xénero na planificación das actividades deportivas municipais a través de accións e ferramentas concretas, visibilizar as mulleres deportistas e fomentar o deporte como axente de igualdade e contra a violencia de xénero. O Plan estrutúrase en 25 liñas de traballo. A liña de traballo 13: *deporte en igualdade*, inclúe, entre outras, as seguintes medidas:

- Fomentar a participación das mulleres nas xuntas directivas dos clubs deportivos e nas entidades deportivas e promover unha presenza equilibrada de mulleres e homes nas porcentaxes de socias e socios.
- Apoiar e visibilizar as mulleres deportistas viguesas e promocionar os beneficios do deporte como ámbito para o empoderamento.
- Referenciar a cidade de Vigo como unha cidade que apoia o deporte feminino.
- Incluír imaxes igualitarias e contra a violencia de xénero nas campañas, lemas e imaxes dos eventos deportivos organizados polo Concello de Vigo.
- Sensibilizar en igualdade e na prevención da violencia de xénero a través da actividade física e deportiva, implicando a clubs, entidades e escolas deportivas da cidade.

Por todo o exposto, o Concello de Vigo quere promover o deporte feminino a través do apoio ás entidades deportivas da cidade que fomenten a participación e a promoción das nenas e mulleres nas distintas modalidades deportivas. Este apoio materializarase mediante a contribución ao financiamento dos gastos ocasionados polo funcionamento destas entidades deportivas durante a tempada deportiva 2025/2026 ou do ano 2026 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada se corresponda co ano natural. No ano 2017, o Concello, a través da convocatoria específica das subvencións do Servizo de Igualdade para a promoción do deporte feminino, destinou 27.000 euros para esta finalidade e foron beneficiarias desta liña de subvencións un total de 56 entidades deportivas. Nos anos seguintes incrementouse este importe a 45.000 euros e aumentaron as entidades beneficiarias. Así, no ano 2025, 83 entidades deportivas viguesas beneficiáronse desta liña de subvencións.

No exercicio 2026, o Concello de Vigo destina un crédito máximo de 45.000 euros para estas subvencións, que se fará efectivo con cargo á aplicación orzamentaria específica 2311 4890000 *Promoción da igualdade e do deporte feminino* do orzamento vixente do Servizo de Igualdade.

O crédito previsto, a liña estratéxica, os obxectivos estratéxicos a conseguir, o réxime de control e seguimento e a modalidade de concesión destas axudas están previstos no Plan Estratéxico de Subvencións 2024-2026 do Concello de Vigo, aprobado pola Xunta de Goberno Local o 8º de marzo de 2024. Concretamente, estas subvencións están incluídas na liña estratéxica “4.8. Actividades de defensa da igualdade de xénero”, cuxos obxectivos, entre outros, son:

- Promover o acceso, permanencia e promoción das nenas e mulleres nas prácticas deportivas.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 88 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

- Apoiar economicamente aos clubs e ás entidades deportivas da cidade que fomenten a participación e a promoción das nenas e mulleres na competición das distintas disciplinas deportivas.
- Visibilizar e corrixir a segregación horizontal e vertical da participación das mulleres e nenas no deporte.
- Promover que se produza un aumento da repercusión nos medios sobre a participación das mulleres e nenas nas prácticas deportivas.

Estas subvencións contribúen ao logro de tales obxectivos posto que fomentan o acceso, a permanencia e a promoción das mulleres e nenas no deporte mediante o apoio económico ás entidades deportivas de Vigo que contén cun mínimo de 10 licenzas femininas ou 1 licenza feminina de deporte adaptado durante a tempada deportiva 2025/2026 ou do ano 2026 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada se corresponda co ano natural.

En canto a xustificación das subvencións concedidas, as bases reguladoras dispoñen que non terá que constar de forma expresa que os gastos imputados á subvención foron pagados con anterioridade á finalización do período de xustificación establecido nas bases en atención á escasa contía das axudas que se conceden e á insuficiente capacidade económica da maior parte das entidades que concorren. Os artigos 31.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia permiten a excepción á regra xeral de considerar gasto realizado o que ten sido efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado pola normativa reguladora da subvención, sempre que se dispoña de forma expresa nas bases reguladoras das subvencións.

A xestión e a concesión destas subvencións efectuaranse en réxime de concorrència competitiva e conforme os principios de publicidade, libre concorrència, obxectividade e transparencia.

En relación ao cumprimento dos requisitos para a concesión de subvencións en réxime de concorrència competitiva establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o presente expediente considera o establecido no artigo 20 da citada lei e recolle os mecanismos establecidos na Resolución do 15 de xuño de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas.

Estas subvencións réxense pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, nos seus preceptos básicos; a lexislación estatal básica en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; o Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e demais disposicións vixentes na materia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as bases de execución do orzamento do Concello de Vigo do exercicio 2026; o Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Vigo 2024-2026; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Polo exposto, e previo o preceptivo informe xurídico e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 89 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

“PRIMEIRO: Aprobar as bases reguladoras das subvencións do Servizo de Igualdade a entidades deportivas sen ánimo de lucro do Concello de Vigo para a promoción do deporte feminino do ano 2026 e os seus anexos I a VII, incorporados ao expediente.

SEGUNDO: Aprobar a convocatoria das subvencións do Servizo de Igualdade a entidades deportivas sen ánimo de lucro do Concello de Vigo para a promoción do deporte feminino do ano 2026 e o extracto da mesma (incorporados ao expediente), que se remitirán á Base de Datos Nacional de Subvencións segundo a Resolución do 15 de xuño de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas.

TERCEIRO: Aprobar a autorización de gasto por importe máximo de 45.000 euros (corenta e cinco mil euros), que se imputará á aplicación orzamentaria específica 2311 4890000 *Pro-moción da igualdade e do deporte feminino* do orzamento vixente do Servizo de Igualdade, para atender as solicitudes presentadas ao abeiro desta convocatoria.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

Bases reguladoras das subvencións do Servizo de Igualdade a entidades deportivas sen ánimo de lucro do Concello de Vigo para a promoción do deporte feminino do ano 2026

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

O deporte é un pilar básico para a saúde e o benestar, tanto físico como psicolóxico, que potencia a estima das persoas que o practican e o coñecemento do seu propio corpo, motivando un estilo de vida con hábitos saudables. Así mesmo, o deporte é un medio para afirmar a personalidade dun xeito integral, que lle aprende a quen o practica cualidades como o liderado, a autosuperación, o compañeirismo e a autoestima. O deporte tamén é un espazo socializador que axuda na prevención de prácticas discriminatorias e violentas e a súa práctica, en igualdade de condicións para as mulleres e os homes, repercute nunha sociedade máis igualitaria.

Porén, a participación das mulleres no ámbito deportivo foi tardía e, aínda hoxe, a súa presenza é menor en case todas as modalidades da práctica recreativa, competitiva e/ou profesional, así como en todas as estruturas que conforman o sistema deportivo.

O *Anuario de Estadísticas Deportivas 2025*, que é unha publicación elaborada pola Subdirección Xeral de Estatística e Estudos do Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes, recolle unha selección dos resultados estatísticos máis relevantes do ámbito deportivo elaborados a partir das múltiples fontes estatísticas dispoñibles. O Anuario é unha ferramenta útil para o coñecemento da situación do sector deportivo en España e da súa evolución. Estes son algúns dos resultados máis significativos:



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 90 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

Emprego vinculado ao deporte

A *Enquisa de Población Activa*, estatística oficial pertencente ao Plan Estatístico Nacional elaborada polo Instituto Nacional de Estatística, permite estimar o emprego en determinadas actividades económicas e ocupacións vinculadas ao deporte.

Os datos medios do ano 2024 indican que existen diferencias significativas por sexo entre o emprego vinculado ao ámbito deportivo e o emprego total: no emprego vinculado ao ámbito deportivo o 59,8% son homes mentres que no conxunto do emprego a porcentaxe de homes é do 53,6%.

Deporte Federado

Os principais resultados da *Estatística de Deporte Federado*, elaborada polo Consello Superior de Deportes coa colaboración da Subdirección Xeneral de Estatística e Estudos do Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes e das federacións deportivas españolas, indican que, no 2024, o 75,1% das licenzas federadas corresponden a homes e só o 24,9% a mulleres.

Polo que respecta aos/ás Deportistas de Alto Nivel (DAN), no ano 2024, o 59,0% dos deportistas de alto nivel son homes e o 41,0% son mulleres.

Formación do persoal adestrador

A *Estatística de Formación de Persoal Adestrador Deportivo* elaborada polo Consello Superior de Deportes coa colaboración das federacións deportivas españolas e das comunidades e cidades autónomas, ofrece información relativa á formación realizada polas federacións deportivas ou polas administracións autonómicas competentes en materia de deporte. Esta formación é diferente das ensinanzas deportivas oficiais do sistema educativo.

O número do persoal adestrador formado no ámbito estritamente federativo durante o ano 2023 foi de 8.817: o 71,4% son homes e o 28,6%, mulleres.

Polo que se refire ás formacións promovidas pola administración deportiva das comunidades ou cidades autónomas, durante o 2023, o número de persoal adestrador formado foi de 4.919: o 60,2% son homes e o 39,8%, mulleres.

Hábitos deportivos

A *Enquisa de Hábitos Deportivos en España 2024/2025*, elaborada polo Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes e o Consello Superior de Deportes coa colaboración do Instituto Nacional de Estatística, e que pertence ao Plan Estadístico Nacional, mostra que a práctica deportiva, independentemente da frecuencia, continúa sendo superior nos homes con respecto ás mulleres, situándose en términos anuais en 66,2% e 59,5%, respectivamente.

A enquisa tamén proporciona indicadores relativos á idade de inicio da práctica deportiva: o 59,4% da poboación que practica deporte iniciou esta actividade antes dos 15 anos. Por sexo, o 70,5 % dos homes comezaron a facer deporte antes dos 15 anos fronte ao 47,7% das mulleres.

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/05/2026 09:41	Páxina 91 de 233
2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026	CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Campionatos universitarios e en idade escolar

A *Explotación da Base de Datos de Campionatos de España Universitarios e en Idade Escolar*, pertencente ao Inventario de Operacións Estatísticas da Administración do Estado, permite dispoñer de determinados indicadores relativos á participación e aos resultados neste ámbito. Os resultados relativos a 2024 indican que:

En canto aos Campionatos de España Universitarios, o número total de deportistas participantes alcanzou os 5.402: 2.914 homes, o 53,9%, e 2.488 mulleres, o 46,1%.

Nos Campionatos de España en Idade Escolar, o número total de deportistas participantes foi de 11.406: 5.902 homes, o 51,7%, e 5.504 mulleres, o 48,3%.

Con respecto á nosa Comunidade autónoma, segundo o Instituto Galego de Estatística, no ano 2024, do total de 301.028 licenzas deportivas, 224.464 pertencen a homes e 76.564, a mulleres, o que supón o 74,6% e o 25,4%, respectivamente.

As porcentaxes de participación das mulleres e nenas nas entidades deportivas da cidade de Vigo son semellantes ás de Galicia e de España. Segundo os datos obtidos do *Informe de impacto de xénero sobre o proxecto de orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2026* do Servizo de Deportes:

- Na convocatoria de subvencións a entidades deportivas, do total de 24.291 licenzas valoradas, só 6.564 pertencen a deportistas femininas (o 27,03%).
- No programa municipal de escolas deportivas participaron 2.383 escolares femininas dun total de 5.240, o que supón o 45,47%.
- Nas subvencións orientadas a deportistas de alto nivel da cidade de Vigo, só se beneficiaron 15 deportistas femininas dun total de 43 deportistas.

Tamén é salientable a menor repercusión que teñen nos medios de comunicación a participación deportiva e os logros conseguidos por mulleres ou nenas deportistas. As competicións masculinas adoitan contar cun maior impacto social e con máis recursos e interese que as femininas. Esta invisibilización repercute de forma negativa na percepción das deportistas sobre a súa práctica deportiva, na afluencia de público ás competicións femininas e no acceso das entidades deportivas con licenzas femininas ao financiamento. Ademais, o feito de ter menos referentes de mulleres deportistas reflectidas nos medios, un dos principais axentes socializadores, obstaculiza o acceso das nenas e mulleres á práctica deportiva.

Estes datos apuntan a que, a pesar dos avances, prevalecen desequilibrios importantes por razón de sexo no deporte, tanto na súa práctica como na participación en directivas de federacións e entidades deportivas ou, mesmo, no eido profesional, e avalan a necesidade de establecer políticas públicas para corrixir esa situación de desigualdade e para fomentar o acceso, a permanencia e a promoción das nenas e mulleres no ámbito deportivo.

II

O artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece que o Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, nas materias de promoción do deporte e de promoción da igualdade entre homes e mulleres, así como contra a violencia de xénero.

Na mesma liña, a Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia, dispón, no seu artigo 80.2, que o municipio exercerá, en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/05/2026 09:41	Páxina 92 de 233
2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026	CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

Estado e da Comunidade autónoma, entre outras, nas materias de actividades deportivas e de execución de programas propios destinados á muller.

Así mesmo, a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, imponse aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes e fai referencia ao ámbito do deporte. O seu artigo 29 establece que *“todos os programas públicos de desenvolvemento do deporte incorporarán a efectiva consideración do principio de igualdade real e efectiva entre mulleres e homes no seu deseño e execución”*, e que *“o Goberno promoverá o deporte feminino e favorecerá a efectiva apertura das disciplinas deportivas ás mulleres, mediante o desenvolvemento de programas específicos en todas as etapas da vida e en todos os niveis, incluídos os de responsabilidade e decisión”*.

Como normativa específica da Comunidade autónoma galega cómpre mencionar:

- A Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia. O seu artigo 71 establece que a Administración autonómica promoverá a igualdade entre mulleres e homes na actividade deportiva, favorecerá a apertura efectiva de todas as disciplinas deportivas ás mulleres, visibilizará os referentes femininos en todo tipo de deportes e potenciará o pluralismo deportivo e os eventos nos que participen mulleres.
- A Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia. O seu artigo 3.b) establece como principio reitor da Lei *“o dereito de todos os cidadáns a coñecer e a practicar deporte de forma libre, voluntaria e democrática, en termos de igualdade e sen discriminación algunha”* e o artigo 5.3 dispón que *“no exercicio das competencias atribuídas á Administración autonómica, integrárase a dimensión da igualdade de oportunidades entre as mulleres e os homes e evitárase calquera elemento de discriminación directa ou indirecta”*.

O V Plan integral de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes da cidade de Vigo 2026-2030, aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 6 de febreiro de 2026 e ratificado polo Pleno do 23 de febreiro de 2026, establece, entre os seus obxectivos xerais, fomentar o acceso de mulleres e nenas á práctica do deporte e impulsar a igualdade neste ámbito e, entre os seus obxectivos específicos, introducir a perspectiva de xénero na planificación das actividades deportivas municipais a través de accións e ferramentas concretas, visibilizar as mulleres deportistas e fomentar o deporte como axente de igualdade e contra a violencia de xénero. O Plan estrutúrase en 25 liñas de traballo. A liña de traballo 13: *deporte en igualdade*, inclúe, entre outras, as seguintes medidas:

- Fomentar a participación das mulleres nas xuntas directivas dos clubs deportivos e nas entidades deportivas e promover unha presenza equilibrada de mulleres e homes nas porcentaxes de socias e socios.
- Apoiar e visibilizar as mulleres deportistas viguesas e promocionar os beneficios do deporte como ámbito para o empoderamento.
- Referenciar a cidade de Vigo como unha cidade que apoia o deporte feminino.
- Incluír imaxes igualitarias e contra a violencia de xénero nas campañas, lemas e imaxes dos eventos deportivos organizados polo Concello de Vigo.
- Sensibilizar en igualdade e na prevención da violencia de xénero a través da actividade física e deportiva, implicando a clubs, entidades e escolas deportivas da cidade.

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 93 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

III

O Concello de Vigo quiere promover o deporte feminino a través do apoio económico ás entidades deportivas da cidade que fomenten a participación e a promoción das nenas e das mulleres nas distintas modalidades deportivas. No ano 2017, o Concello de Vigo destinou 27.000 euros para esta finalidade e beneficiáronse un total de 56 entidades deportivas. Nos anos seguintes, este importe incrementouse a 45.000 euros e tamén aumentaron as entidades deportivas beneficiarias, así, no ano 2025, 83 entidades deportivas viguesas beneficiáronse destas subvencións.

No exercicio 2026, o Concello de Vigo destina un crédito máximo de 45.000 euros para estas subvencións, que se fará efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 2311°4890000 *Promoción da igualdade e do deporte feminino* do orzamento vixente do Servizo de Igualdade.

O crédito previsto, a liña estratéxica, os obxectivos estratéxicos que se queren conseguir, o réxime de control e de seguimento e a modalidade de concesión destas axudas están previstos no Plan Estratéxico de Subvencións 2024-2026 do Concello de Vigo, aprobado pola Xunta de Goberno Local o 8 de marzo de 2024. Concretamente, estas subvencións están incluídas na liña estratéxica “4.8. Actividades de defensa da igualdade de xénero”, cuxos obxectivos, entre outros, son:

- Promover o acceso, a permanencia e a promoción das nenas e mulleres nas prácticas deportivas.
- Apoiar economicamente os clubs e as entidades deportivas da cidade que fomenten a participación e a promoción das nenas e mulleres nas competicións das distintas modalidades deportivas.
- Visibilizar e corrixir a segregación horizontal e vertical da participación das mulleres e nenas no deporte.
- Promover que se produza un aumento da repercusión nos medios sobre a participación das mulleres e nenas nas prácticas deportivas.

Estas subvencións contribúen ao logro destes obxectivos posto que fomentan o acceso, a permanencia e a promoción das mulleres e das nenas no deporte mediante o apoio económico ás entidades deportivas de Vigo que contén cun mínimo de 10 licenzas femininas ou 1 licenza feminina de deporte adaptado durante a tempada deportiva 2025/2026 ou do ano 2026 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada se corresponda co ano natural.

A concesión destas subvencións efectuarase en réxime de concorrència competitiva e segundo os principios de publicidade, libre concorrència, obxectividade e transparencia.

As bases que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións.

BASES

PRIMEIRA.- OBXECTO DAS SUBVENCIÓNS

Estas subvencións teñen por obxecto promover o deporte feminino a través do apoio económico ás entidades deportivas de Vigo que fomenten a participación e a promoción das nenas e das mulleres nas distintas modalidades deportivas (equipos e/ou individuais). Este apoio materialízase na contribución ao financiamento dos gastos ocasionados polo funcionamento destas entidades deportivas do municipio de Vigo durante a tempada deportiva 2025/2026 ou do ano 2026 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada se corresponda co ano natural.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 94 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable correspondan ao funcionamento da entidade solicitante e sexan ocasionados pola actividade propia desta relacionada directamente coas licenzas femininas e os motivados pola participación ou organización das actividades deportivas dos equipos con licenzas femininas na tempada 2025/2026 ou do ano 2026 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada se corresponda co ano natural.

A tempada 2025/2026 ou 2026 estará definida para cada modalidade deportiva en función dos datos certificados polas respectivas federacións.

Tendo en conta o establecido no parágrafo anterior, terán a consideración de gastos subvencionables os seguintes:

- Licenzas federativas femininas.
- Viaxes, aloxamentos e comidas das deportistas femininas ou dos equipos femininos (inclúese o persoal técnico e o persoal adestrador) nos desprazamentos necesarios para as actividades deportivas de competición e/ou clasificación. Para que estes gastos sexan subvencionables, a entidade deberá xustificar a necesidade de levar a cabo os desprazamentos para participar nas actividades deportivas de competición e/ou clasificación. Ademais, as facturas por gastos de comidas que se presenten para xustificar a subvención concedida deberán indicar o menú, o prezo por menú e o prezo total, estando excluídas, en todo caso, as bebidas alcohólicas de calquera tipo.
- Inscricións en competicións e probas das deportistas femininas ou dos equipos femininos.
- Arbitraxes das competicións e probas das deportistas femininas ou dos equipos femininos.
- Salarios do persoal técnico e do persoal adestrador das deportistas femininas ou dos equipos femininos.
- Equipamento das deportistas femininas sempre que este equipamento leve o logo do Concello de Vigo.
- Material deportivo necesario para o adestramento ou a competición das deportistas femininas ou dos equipos femininos.
- Alugueiro de instalacións deportivas para a actividade deportiva das deportistas femininas ou dos equipos femininos, gastos telefónicos, de internet e de mantemento das aplicacións web e/ou presenza dixital.

Os gastos polo uso das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo non se poderán imputar á subvención concedida polo Servizo de Igualdade cando eses gastos formen parte da conta xustificativa da subvención concedida polo Servizo de Deportes deste concello. O Servizo de Igualdade solicitará, nese caso, información ao Servizo de Deportes.

Quedan excluídos, en todo caso, como gastos subvencionables os seguintes: adquisición de bebidas alcohólicas de calquera tipo, espectáculos, adquisición de patrimonio e gastos de investimento.

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 95 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

A beneficiaria deberá solicitar tres ofertas cando se trate de gastos por subministros ou servizos que excedan de 15.000 euros, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

En ningún caso se admitirán gastos cuxos prezos sexan superiores aos de mercado.

O órgano instructor poderá solicitar ao Servizo de Deportes tanta información e documentación teña ese Servizo sobre as entidades solicitantes, co obxecto de acadar un maior coñecemento e unha valoración máis axeitada das actividades das entidades presentadas a esta convocatoria.

TERCEIRA.- CRÉDITO ORZAMENTARIO

O crédito orzamentario máximo destinado a estas subvencións é de 45.000 euros (corenta e cinco mil euros) que se farán efectivos con cargo á aplicación orzamentaria 2311^o4890000 *Promoción da igualdade e do deporte feminino* do orzamento vixente do Servizo de Igualdade.

CUARTA.- COMPATIBILIDADE DAS SUBVENCÍONS

Estas subvencións son compatibles con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En ningún caso o importe total das subvencións e axudas percibidas de distintas entidades públicas e privadas poderá superar o custo da actividade subvencionada. Conforme o artigo^o34 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, cando se produza exceso das subvenciones percibidas de distintas entidades públicas respecto do custo da actividade, e as ditas subvencións foren compatibles entre si, a beneficiaria deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora. O reintegro do exceso farase a favor das entidades concedentes en proporción ás subvencións concedidas por cada unha delas. Porén, cando sexa a Administración a que advirta o exceso de financiamento, esixirá o reintegro polo importe total do exceso, hasta o límite da subvención outorgada por ela.

QUINTA.- REQUISITOS DAS BENEFICIARIAS

1.- Poderán solicitar e obter estas axudas as entidades deportivas que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.
- b) Que teñan personalidade xurídica propia e carezan de ánimo de lucro.
- c) Que se atopen ao corrente no cumprimento das súas obrigas fiscais co Concello de Vigo e coa Facenda pública estatal e autonómica, e das súas obrigas coa Seguridade Social.
- d) Que cumpran os demais requisitos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 96 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

- e) Que contén cun mínimo de 10 licenzas femininas na tempada 2025/2026 ou do ano 2026 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada se corresponda co ano natural. Exceptuarase do mínimo de licenzas ás entidades que contén, ao menos, con 1 licenza feminina de deporte adaptado.
- f) Que presenten a solicitude e a documentación complementaria preceptiva indicada na base 11ª.

2.- Quedan excluídas expresamente desta convocatoria:

- a) As solicitudes presentadas por federacións deportivas.
- b) As solicitudes presentadas por entidades pertencentes ou integradas en institucións oficiais.
- c) As solicitudes que se presenten fóra do prazo estipulado na convocatoria, calquera que sexa a causa da presentación extemporánea.

3.- As entidades solicitantes deberán acreditar que non están incursas nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia mediante unha declaración responsable (artigo 10.7 da Lei 9/2007). Esta declaración está incluída no anexo IV que as entidades deberán presentar xunto coa súa solicitude.

4.- As solicitantes tamén deberán acreditar estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social conforme establece o artigo 22 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Dado que a contía máxima da subvención que se lle pode conceder a cada beneficiaria é de 1.500 euros, esta acreditación farase por medio dunha declaración responsable (artigo 24.4 do Real decreto 887/2006). Esta declaración está incluída no anexo IV que as entidades deberán presentar xunto coa súa solicitude.

5.- Igualmente, as entidades solicitantes deberán atoparse ao corrente das súas obrigas co Concello de Vigo. Coa presentación da súa solicitude, a entidade autoriza ao órgano instrutor para pedir de oficio os datos e a documentación acreditativos de tal extremo aos departamentos municipais responsables.

SEXTA.- OBRIGAS DAS BENEFICIARIAS

Serán obrigas das beneficiarias das subvencións, sen prexuízo doutras establecidas nestas bases, as que seguen:

1.- Realizar a actividade deportiva subvencionada consonte co proxecto presentado e deixar constancia do financiamento municipal coa inclusión do logotipo do Concello de Vigo.

As entidades beneficiarias deben dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento da actividade subvencionada (artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia). Tanto nos actos públicos como en todo o material de difusión que se elabore, incluídas as notas de prensa e os formatos específicos para as redes sociais, as beneficiarias deben facer mención expresa da colaboración do Concello de Vigo, coa inclusión, nun lugar destacado dos diferentes soportes, do logotipo do Concello de Vigo. Se no financiamento interveñen outras entidades, a prelación en orde e tamaños será proporcional á contía da axuda achegada por cada unha delas.

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/05/2026 09:41	Páxina 97 de 233
2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026	CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2.- Responder da veracidade dos datos da solicitude e da documentación presentada, baixo a persoal responsabilidade da/s persoa/s que as subscriba/n.

3.- Utilizar unha linguaxe e unha imaxe non sexista en todo o soporte material e audiovisual que se empregue para a organización, difusión e execución das súas actividades.

4.- Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesarias, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas e ás doutros órganos da Administración estatal ou da Unión Europea, aos que se lles facilitará a información que requiran para estes efectos, todo isto de conformidade co disposto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e demais normativa regulamentaria de desenvolvemento. En particular, deberán prestar a colaboración requirida polas entidades encargadas polo Concello de Vigo de elaborar auditorías e informes, atendendo aos seus requirimentos e achegando a documentación complementaria solicitada. As beneficiarias deberán dispoñer dun control dos ingresos e dos gastos que imputen á actividade subvencionada e deberán conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

5.- Responder legalmente da falta de veracidade dos datos expostos e do incumprimento destas bases.

6.- Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización das actividades subvencionadas.

7.- Dispor das autorizacións necesarias para o desenvolvemento das súas actividades, así como cumprir os requisitos e as demais condicións que a lexislación vixente estableza.

8.- Aboar as taxas, os impostos, os permisos, os seguros e todos os demais gastos derivados da realización das actividades subvencionadas.

9.- Facilitar a información necesaria relativa ao desenvolvemento da actividade subvencionada que permita cumprir os requisitos de información de realización e de resultados previstos nestas bases. As entidades beneficiarias deberán realizar as actuacións precisas para recoller a información necesaria sobre as mulleres e nenas deportistas participantes en cada acción e os resultados obtidos, que deberán incluír na memoria final que acheguen para xustificar a subvención concedida.

10.- Comunicarlle ao Concello a obtención doutras subvencións, ingresos, axudas ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración pública ou entidade pública ou privada, así como calquera outra modificación das circunstancias que foron tidas en conta para a concesión da subvención e dos compromisos e obrigas asumidos polas beneficiarias. Esta comunicación deberase efectuar no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

11.- Cumprir a normativa de protección de datos persoais, en particular, o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais (Regulamento xeral de protección de datos) e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

As entidades beneficiarias serán responsables de informar de maneira fidedigna ás destinatarias finais do tratamento que levarán a cabo sobre os seus datos, conforme o especificado no artigo 13 do Regulamento xeral de protección de datos, para o que solicitarán o seu consentimento ex-



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 98 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

plícito. Así mesmo, as entidades beneficiarias serán responsables de custodiar a documentación que acredite o cumprimento destas obrigas.

12.- As demais obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

SÉTIMA.- CRITERIOS DE VALORACIÓN

A Comisión de Avaliación avaliará as solicitudes que reúnan os requisitos esixidos segundo os seguintes criterios e baremos de puntuación sobre un máximo de 26 puntos:

1.- Número de licenzas femininas na tempada deportiva 2025-2026 ou do ano 2026 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada se corresponda co ano natural. Ata un máximo de 16 puntos no caso das modalidades deportivas do apartado 1.1 e de 8 puntos no caso das modalidades deportivas do apartado 1.2:

1.1 Puntuación segundo o número de licenzas femininas (excepto: actividades subacuáticas, golf, hípica, judo, karate, montañismo, pádel, surf, taekwondo e tenis):

- a) Con menos de 35 licenzas femininas: 4 puntos
- b) Con 35 licenzas femininas e menos de 60: 6 puntos
- c) Con 60 licenzas femininas e menos de 85: 8 puntos
- d) Con 85 licenzas femininas e menos de 110: 10 puntos
- e) Con 110 licenzas femininas e menos de 135: 12 puntos
- f) Con 135 licenzas femininas e menos de 150: 14 puntos
- g) Con 150 licenzas ou máis: 16 puntos

1.2 Puntuación segundo o número de licenzas femininas para actividades subacuáticas, golf, hípica, judo, karate, montañismo, pádel, surf, taekwondo e tenis:

- a) Con menos de 70 licenzas femininas: 2 puntos
- b) Con 70 licenzas femininas e menos de 120: 3 puntos
- c) Con 120 licenzas femininas e menos de 170: 4 puntos
- d) Con 170 licenzas femininas e menos de 220: 5 puntos
- e) Con 220 licenzas femininas e menos de 270: 6 puntos
- f) Con 270 licenzas femininas e menos de 320: 7 puntos
- g) Con 320 licenzas ou máis: 8 puntos

Cando unha mesma entidade presente licenzas femininas correspondentes a varias modalidades deportivas, sexan do mesmo ou de distintos apartados (1.1 e 1.2), calcularase a puntuación que corresponda a cada modalidade e logo sumarse para acadar a puntuación total do apartado 1, co límite máximo de 16 puntos.

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/05/2026 09:41	Páxina 99 de 233
2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026	CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2.- Porcentaxe das licenzas femininas con respecto ao total das licenzas da entidade na modalidade deportiva na tempada 2025/2026 ou do ano 2026 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada se corresponda co ano natural. Ata un máximo de 5 puntos no caso das modalidades deportivas do apartado 2.1 e de 3 puntos no caso das modalidades deportivas do apartado 2.2:

2.1 Puntuación segundo a porcentaxe de licenzas femininas (excepto: actividades subacuáticas, golf, hípica, judo, karate, montañismo, pádel, surf, taekwondo e tenis):

- a) Ata o 20% de licenzas femininas: 1 punto
- b) Máis do 20% de licenzas femininas ata o 40%: 2 puntos
- c) Máis do 40% de licenzas femininas ata o 60%: 3 puntos
- d) Máis do 60% de licenzas femininas ata o 80%: 4 puntos
- e) Máis do 80% de licenzas femininas: 5 puntos

2.2 Puntuación segundo a porcentaxe de licenzas femininas para actividades subacuáticas, golf, hípica, judo, karate, montañismo, pádel surf, taekwondo e tenis:

- a) Ata o 20% de licenzas femininas: 1 punto
- b) Máis do 20% de licenzas femininas ata o 40%: 1,5 puntos
- c) Máis do 40% de licenzas femininas ata o 60%: 2 puntos
- d) Máis do 60% de licenzas femininas ata o 80%: 2,5 puntos
- e) Máis do 80% de licenzas femininas: 3 puntos

Cando unha mesma entidade presente licenzas correspondentes a varias modalidades deportivas, sexan do mesmo ou de distintos apartados (2.1 e 2.2), calcularase a porcentaxe de licenzas femininas de cada modalidade deportiva con respecto ao número total de licenzas da entidade nas modalidades deportivas para as que solicita a subvención. Calcularase a puntuación para cada modalidade deportiva e despois sumárase para acadar a puntuación total do apartado 2, co límite máximo de 5 puntos.

A documentación que se terá en conta para facer o recuento de licenzas, así como para clasificar as modalidades deportivas, será o anexo II cuberto e asinado pola federación correspondente.

Para estes efectos, o certificado da federación indicará todas as licenzas da entidade na súa modalidade deportiva, incluíndo todas as categorías e todos os equipos, sexan femininos, masculinos ou mixtos.

3.- Porcentaxe de mulleres que integran a actual xunta directiva da entidade. Ata un máximo de 5 puntos:

- a) Se ningunha muller forma parte da actual xunta directiva da entidade: 0 puntos
- b) Menos do 20% de mulleres: 1 punto
- c) Do 20% de mulleres ata menos do 40%: 2 puntos
- d) Do 40% de mulleres ata menos do 60%: 3 puntos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/05/2026 09:41	Páxina 100 de 233
2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026	CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

e) Do 60% de mulleres ata menos do 80%: 4 puntos

f) Do 80% de mulleres en diante: 5 puntos

OITAVA.- CONTÍA INDIVIDUALIZADA DAS SUBVENCÍONS

A contía da axuda concedida a cada beneficiaria determinarase en función do crédito orzamentario (45.000 euros), do importe que solicite e da puntuación derivada da aplicación dos criterios de valoración definidos nestas bases.

O crédito orzamentario dividirase entre a suma dos puntos acadados pola totalidade das solicitudes admitidas, obtendo desta forma o valor unitario do punto. A subvención para cada entidade calcularase multiplicando o valor unitario do punto polos puntos que obteña.

A contía mínima da subvención que cada entidade pode solicitar e obter é de 200 euros. Non terán dereito á subvención as entidades que, pola súa puntuación, non acaden unha axuda igual ou superior a 200 euros.

A contía máxima da subvención que cada beneficiaria pode solicitar e obter é de 1.500 euros.

Ningunha entidade poderá obter unha axuda superior á solicitada. Se, pola súa puntuación, lle correspondese unha axuda superior, reducirase a contía da axuda concedida ao importe que solicitou.

Se tras a repartición do crédito orzamentario entre as entidades beneficiarias, quedase crédito sobranter, este distribuirase entre as entidades que non acadaran o importe que solicitaron de forma proporcional a súa puntuación, tendo en conta o límite da contía solicitada pola entidade.

A subvención concedida, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

NOVENA.- PROCEDEMENTO PARA A CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS

O procedemento para a concesión destas subvencións é o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación destas bases reguladoras e da convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

DÉCIMA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes é de 10 días hábiles, que se contarán, nos termos do art. 30.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que opera como Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

DÉCIMO PRIMEIRA.- FORMA E LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES. DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

Cada entidade deportiva poderá presentar unha única solicitude, que deberá estar asinada electronicamente pola presidencia da entidade e reunir os requisitos esixidos nestas bases.

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 101 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

As entidades interesadas empregarán o formulario normalizado (anexo I) dispoñible na sede electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org>) para a presentación das súas solicitudes.

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos en cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), a través do Rexistro xeral do Concello de Vigo, ao que se accede pola sede electrónica, utilizando calquera dos medios de identificación e firma admitidos, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org>.

De conformidade co artigo 68.4 da LPAC, se algunha das entidades interesadas presenta a súa solicitude de forma presencial, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos considerárase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Todas as solicitudes, incluíndo as emendas telemáticas contempladas no parágrafo anterior, deben presentarse dentro do prazo de presentación de solicitudes. A Comisión de Avaliación non valorará as solicitudes que sexan presentadas con carácter extemporáneo e propondrá a súa denegación ao órgano competente.

As entidades solicitantes responsabilizaranse da veracidade dos datos contidos nas súas solicitudes.

A solicitude estará asinada electronicamente pola presidencia da entidade e súa presentación suporá que as entidades solicitantes coñecen e aceptan as presentes bases reguladoras.

A entidade indicará na súa solicitude (anexo I) a modalidade deportiva para a que solicita a subvención. Se solicita a axuda para varias modalidades deportivas, indicará cada unha delas.

Non se considerarán como modalidade deportiva as especialidades deportivas que estean vinculadas ou organizadas dentro da mesma modalidade deportiva. Para estes efectos, teranse en conta os apartados 2 e 3 do artigo 17 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia que establecen, respectivamente, que se entende por “modalidade deportiva o conxunto de prácticas e regras que conforman unha forma peculiar de práctica deportiva con carácter autónomo e diferenciado de calquera outra”, e “por especialidade deportiva aquela práctica deportiva que, pese a non reunir os requisitos para ser considerada modalidade deportiva, ten singularidade na súa práctica, aínda que vinculada ou organizada dentro dunha modalidade deportiva tanto por razóns históricas da súa práctica como pola existencia dun elemento de práctica común a todas elas”.

Excepto no ámbito dos deportes autóctonos da Comunidade autónoma, no que se poderán agrupar diferentes modalidades deportivas nunha única federación, só se poderá recoñecer unha federación deportiva por cada modalidade deportiva (art. 51.5º Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia).

A entidade que solicite a subvención para varias modalidades deportivas deberá achegar os certificados (anexo II) das distintas federacións deportivas. Con carácter excepcional, a Federación Galega de Deporte Autóctono e a Federación Galega de Deporte Adaptado poderán certificar varias modalidades deportivas. Nestes casos, a entidade deberá achegar un anexo II, cuberto e asinado pola Federación Galega de Deporte Autóctono ou pola Federación Galega de Deporte Adaptado segundo corresponda, por cada unha das modalidades deportivas incluídas na súa solicitude de subvención.

A documentación complementaria presentarse exclusivamente por medios electrónicos en cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/05/2026 09:41	Páxina 102 de 233
2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026	CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

mento administrativo común das administracións públicas (LPAC), a través do Rexistro xeral do Concello de Vigo, ao que se accede pola sede electrónica, utilizando calquera dos medios de identificación e firma admitidos, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org>.

Se a documentación complementaria se achegase de forma presencial, a entidade será requirida para emendala a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia electrónica, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

As entidades solicitantes responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten e dos datos contidos neles.

Xunto coa súa solicitude, as entidades interesadas presentarán a seguinte documentación complementaria:

1.- Anexo II. Certificado da federación

A entidade solicitante debe achegar o anexo II cuberto pola federación da modalidade deportiva para a que solicite a subvención e asinado pola secretaría e pola presidencia da federación. A entidade que solicite a axuda para varias modalidades deportivas deberá achegar os certificados (anexo II) das distintas federacións deportivas.

Con carácter excepcional, a Federación Galega de Deporte Autóctono e a Federación Galega de Deporte Adaptado poderán certificar varias modalidades deportivas. Nestes casos, a entidade deberá achegar un anexo II, cuberto e asinado pola Federación Galega de Deporte Autóctono ou pola Federación Galega de Deporte Adaptado segundo corresponda, por cada unha das modalidades deportivas incluídas na súa solicitude de subvención.

A federación correspondente indicará neste anexo todas as licenzas que a entidade deportiva ten na súa modalidade deportiva, incluíndo todas as categorías e todos os equipos, sexan femininos, masculinos ou mixtos.

2.- Anexo III. Orzamento equilibrado de ingresos e gastos

Neste anexo, que debe estar asinado pola secretaría e pola presidencia (electronicamente), a entidade solicitante indicará o orzamento previsto para a tempada 2025/2026 ou do ano 2026 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada se corresponda co ano natural.

Este orzamento terase en conta na fase de xustificación da subvención concedida: se a entidade beneficiaria declara un gasto total final na tempada inferior ao 100% do orzamento que indicou no anexo III, a axuda concedida será minorada proporcionalmente.

3.- Anexo IV. Declaración responsable

Neste anexo, a secretaría da entidade, co visto e prace da presidencia declara, entre outros, os seguintes puntos:

- Quen ten a condición de representante legal da entidade
- Outras axudas solicitadas ou concedidas na tempada de referencia

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/05/2026 09:41	Páxina 103 de 233
2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026	CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Que a entidade está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e o Concello de Vigo, e das súas obrigas coa Seguridade Social.
- Que a entidade non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria que recollen os apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4.- Anexo V. Certificado da composición da actual xunta directiva

A secretaría da entidade, co visto e praxe da presidencia, emitirá este certificado onde constará a composición da actual xunta directiva desagregada por sexo.

5.- CIF da entidade solicitante.

6.- Certificado da titularidade da conta bancaria da entidade solicitante expedido no ano 2026.

7.- Memoria das actividades que desenvolva a entidade na tempada de referencia, facendo especial fincapé nos aspectos cuantitativos e cualitativos da promoción do deporte feminino.

Esta memoria deberá incluír: descrición xeral da entidade, número de equipos por categoría e sexo, relación das competicións nas que participa cada un dos equipos con licenzas femininas ou, de ser o caso, as deportistas individuais e logros acadados, actuacións que a entidade leva a cabo orientadas á igualdade e valoración sobre o impacto de xénero na súa modalidade deportiva.

Segundo o establecido no art. 28.2 da LPAC, as persoas interesadas teñen dereito a non achegar os documentos que xa se atopen en poder da administración actuante ou fosen elaborados por calquera outra administración. A Administración municipal, salvo oposición expresa da entidade interesada, consultará e obterá electronicamente, a través das súas redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos u outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, os documentos que deban integrar o procedemento e que xa se atopen no seu poder ou que foran elaborados por calquera outra administración.

En relación co dereito a non presentar documentos que obren en poder da administración convocante, a entidade deberá indicar a data e o órgano ou a dependencia na que foron presentados ou, no seu caso, o número de expediente ou procedemento no que se fixeron valer.

O Servizo de Igualdade pode requirir ás entidades solicitantes que acheguen a información e a documentación complementaria que considere necesarias para comprobar que reúnen os requisitos esixidos para participar nesta convocatoria ou para a correcta avaliación das súas solicitudes.

DÉCIMO SEGUNDA.- EMENDA DA SOLICITUDE

Se a solicitude non está debidamente cumprimentada ou non se presenta a documentación esixida, requiriráselle á entidade solicitante que, no prazo máximo de 10 días hábiles, contados desde o día seguinte a aquel en que teña lugar a notificación do requirimento, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa advertencia de que, de non facelo, considerarase que desistiu da súa solicitude, de acordo co previsto no artigo 20.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, logo de que se dite a oportuna resolución ao abeiro do artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

As notificacións realizaranse por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, e entenderanse practicadas no momento no que



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/05/2026 09:41	Páxina 104 de 233
2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026	CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen 10 días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Remitiránelles ás interesadas os avisos da posta á disposición das notificacións ao enderezo de correo electrónico e/ou teléfono móbil que consten nas súas solicitudes. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

DÉCIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE

1.- Publicidade das bases reguladoras e da convocatoria

As presentes bases reguladoras e a convocatoria, conforme establece o artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicaranse en:

- a) As bases reguladoras: no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra (BOPPO), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org)
- b) A convocatoria: na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org)
- c) O extracto da convocatoria: a BDNS dará traslado ao BOPPO do extracto da convocatoria para a súa publicación, publicación que determinará o inicio do prazo de 10^º días hábiles para a presentación das solicitudes.

As bases reguladoras e a convocatoria, así como o modelo de solicitude e demais modelos normalizados que constitúen os seus anexos, publicaranse na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org) e na da Concellería de Igualdade (www.igualdadevigo.org).

2.- Publicidade das subvencións concedidas

As subvencións concedidas remitiranse ao portal de transparencia do Concello e á BDNS para a súa publicación con indicación da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputan, entidades beneficiarias, cantidades concedidas e finalidade das subvencións.

3.- Publicidade do financiamento público

As entidades beneficiarias deben dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento nas comunicacións e no desenvolvemento das actividades subvencionadas, facendo constar, nun lugar destacado dos diferentes soportes (equipamento, web, redes sociais, carteis publicitarios, etc.), o logotipo do Concello de Vigo, que se pode descargar da páxina web da Concellería de Igualdade (www.igualdadevigo.org). Se no financiamento interveñen outras entidades, a prelación en orde e tamaños será proporcional á contía achegada por cada unha delas.

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 105 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

DÉCIMO CUARTA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E A RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO. PRAZO E MEDIOS PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN

O Servizo de Igualdade encargárase da instrución do procedemento de concesión das subvencións e realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, de conformidade co previsto no art. 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

O órgano instructor poderá solicitar ao Servizo de Deportes canta información e documentación teña ese Servizo sobre as entidades solicitantes, co obxecto de acadar un maior coñecemento das solicitudes presentadas a esta convocatoria.

Todos os trámites administrativos que se deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

Para a valoración das solicitudes presentadas, constituirase unha Comisión de Avaliación. Esta comisión é o órgano colexiado composto pola concelleira delegada de Igualdade e Comercio, que actuará como presidenta, e por dúas técnicas adscritas ao Servizo de Igualdade, unha delas será, ademais, a secretaria.

Logo de excluír as solicitudes recibidas que non reúnan os requisitos que se indican na base 5ª, a Comisión de Avaliación avaliará as demais solicitudes segundo os criterios e os baremos indicados na base 7ª.

Unha vez avaliadas as solicitudes, a Comisión emitirá un informe motivado no que relacionará as entidades beneficiarias e a puntuación asignada a cada unha delas. A secretaria levantará unha acta que reflicta as deliberacións e acordos da Comisión.

O Servizo de Igualdade, en base ao informe da Comisión, formulará a proposta de resolución de concesión e denegación das subvencións solicitadas, que elevará á Xunta de Goberno Local.

O expediente de concesión das subvencións conterá o informe do órgano instructor no que conste que, da información que ten no seu poder, se desprende que as beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a estas axudas (artigo 21.4 parágrafo 6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución do procedemento de concesión e denegación destas subvencións. O prazo máximo para a instrución e a notificación da resolución expresa deste procedemento será de tres meses, que se contarán desde o último día do prazo de presentación de solicitudes. A resolución notificaráselles ás solicitantes no prazo de 10 días a partir da súa data, de acordo co previsto no artigo 40 da LPAC. Por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrência competitiva, a notificación poderá substituírse pola publicación da resolución na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). En todo caso, a resolución será obxecto de publicación na páxina web do Concello (www.vigo.org), de acordo co establecido no art. 45.1.b) da LPAC.

O vencemento do prazo máximo sen terse ditada e notificada a resolución, lexítima ás interesadas para entender desestimadas por silencio administrativo as súas solicitudes de subvención, sen prexuízo do disposto no artigo 25.1 da LPAC.

As notificacións efectuaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. As notificacións entenderanse efectuadas no



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 106 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

momento en que se produza o acceso ao seu contido, e rexeitadas cando transcorresen 10 días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Remitiránelles ás interesadas os avisos da posta á disposición das notificacións ao correo electrónico e/ou teléfono móbil que consten nas súas solicitudes. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

O acordo da Xunta de Goberno Local de concesión e denegación das axudas esgota a vía administrativa e contra el cabe interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun (1) mes de acordo cos artigos 123 e 124 da LPAC ou, directamente, recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses. Non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición interposto. Os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da notificación ou publicación ou desde o seguinte a aquel no que se produza a desestimación por silencio administrativo (artigo 30.4 LPAC).

As entidades beneficiarias deben comunicarlle ao Servizo de Igualdade a aceptación da subvención no prazo máximo de 10 días, que se contarán desde o día seguinte ao da notificación da concesión. A falta de manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.

A beneficiaria poderá renunciar á subvención concedida por calquera medio que permita a súa constancia. A renuncia será aceptada de plano pola administración concedente declarando concluso o procedemento correspondente (artigo 94 da LPAC).

DÉCIMO QUINTA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCÍONS

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acto da concesión da subvención deberá documentarse na conta xustificativa do gasto realizado.

A presentación da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio da beneficiaria na que se debe incluír, baixo a responsabilidade da declarante, os xustificantes de gasto ou calquera outro documento con validez xurídica que permitan acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

1.- Prazo de xustificación

As beneficiarias deberán presentar a conta xustificativa con data límite o **16 de outubro de 2026** (incluído).

Transcorrida a data límite (16/10/2026, incluído) sen que a entidade beneficiaria presentase a conta xustificativa, requiriráselle para que a presente no prazo improrrogable de quince días (artigo 70.3 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións).

No caso de que xustificación presentada fora defectuosa e/ou incompleta, concederase á entidade beneficiaria un prazo improrrogable de 10 días hábiles para a súa emenda. Se a entidade non atende o requirimento no prazo indicado, procederase á revogación da subvención concedida e, de ser o caso, á esixencia de reintegro da contía percibida e dos xuros de demora previa a resolución ditada nos termos previstos no artigo 21 da LPAC.

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 107 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

2.- Cantidade a xustificar

A entidade beneficiaria deberá presentar xustificantes de gasto por un importe total que non poderá ser inferior á contía da subvención concedida.

Ademais, a entidade deberá xustificar o gasto total final na tempada de referencia mediante unha das seguintes opcións:

- Certificación que acredite que o gasto total final da entidade na tempada de referencia é de € (punto 3 do anexo VI), ou
- Presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto, ou
- Presentación de copias de facturas polo gasto non subvencionado.

Cando a beneficiaria xustifique un gasto total final na tempada de referencia inferior ao orzamento que indicou no anexo III, procederase a minorar proporcionalmente a axuda concedida.

O importe que se terá en conta para xustificar a subvención é a base imponible das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente que se presenten, excepto que a entidade acredite que está exenta de presentar a declaración do IVE. Para os efectos desta acreditación, a entidade pode cubrir o punto 8 do anexo VI ou presentar o certificado da Axencia Tributaria.

3.- Sistema de xustificación

A conta xustificativa presentarase obrigatoriamente por medios electrónicos en cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), a través do Rexistro xeral do Concello de Vigo, ao que se accede pola sede electrónica, utilizando calquera dos medios de identificación e firma admitidos, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org>.

De conformidade co artigo 68.4 da LPAC, se algunha das beneficiarias presenta a conta xustificativa de forma presencial, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos considerárase como data de presentación da xustificación aquela en que fose realizada a emenda.

A conta xustificativa conterá a seguinte documentación:

a) Anexo VI. Solicitud de pagamento

Neste anexo, que estará asinado pola secretaría e pola presidencia (electronicamente), a entidade certifica que a actividade deportiva que foi obxecto da subvención foi executada na súa totalidade, e declara:

- O gasto total final da entidade na tempada de referencia. Cando este gasto total final sexa inferior ao 100% do orzamento que a entidade indicou no anexo III, procederase a minorar proporcionalmente a axuda concedida.
- A obtención doutras axudas ou subvencións para a actividade subvencionada, con indicación do seu importe e da súa procedencia, de ser o caso.
- Que os gastos que se imputan á subvención aplicáronse á actividade subvencionada co obxecto de promover o deporte feminino.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a renda das persoas físicas suxeitos a retención, que foi practicada a per-



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 108 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

tinente retención, así como que esta foi ou será declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.

- Estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e o Concello de Vigo, e das súas obrigas coa Seguridade Social, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro (art.º 31.7.e) da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia).
- Se está exenta ou non está exenta da obriga de presentar a declaración do IVE e, de ser o caso, que o importe do IVE das facturas que se presentan para xustificar a subvención concedida é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

b) Anexo VII. Relación de facturas e xustificantes que se imputan á axuda concedida

Neste anexo, asinado pola tesourería e pola presidencia (electronicamente), a entidade relacionará e identificará cada unha das facturas e dos xustificantes que achega para xustificar a subvención concedida, cuxo importe total non poderá ser inferior á contía da axuda.

c) Facturas e xustificantes de gasto relacionados no anexo VII, que deben achegarse asinados (electronicamente) pola presidencia da entidade.

As ditas facturas e xustificantes corresponderán a gastos que deben estar vinculados directamente coas actividades deportivas dos equipos con licenzas femininas ou das deportistas femininas individuais na tempada de referencia.

Se a tempada da súa modalidade deportiva se corresponde co ano natural e o seu calendario de competicións finaliza en novembro ou en decembro de 2026, segundo conste no certificado da federación (anexo II), a beneficiaria poderá achegar xustificantes de gastos dos meses de novembro e decembro de 2025, segundo corresponda.

Non terá que constar de forma expresa que os gastos imputados á subvención foron pagados con anterioridade á finalización do período de xustificación establecido nestas bases en atención á escasa contía das axudas que se conceden e á insuficiente capacidade económica da maior parte das entidades que concorren. Os artigos 31.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia permiten a excepción á regra xeral de considerar gasto realizado o que ten sido efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado pola normativa reguladora da subvención, sempre que se dispoña de forma expresa nas bases reguladoras das subvencións.

As facturas deberán conter os seguintes requisitos esixidos legalmente:

- Número e, no seu caso, serie.
- Nome e apelidos ou razón social, e número de identificación fiscal (NIF ou CIF) da persoa física ou xurídica que emite a factura
- Descrición detallada cos prezos unitarios, se é o caso, da operación, adquisición ou contraprestación.
- Lugar e data de emisión.
- Razón social, CIF e enderezo da clienta que, en todo caso, será a entidade beneficiaria da subvención.

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/05/2026 09:41	Páxina 109 de 233
2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026	CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Non se poderá imputar á subvención o importe do IVE das facturas achegadas salvo que a entidade acredite que está exenta de presentar a declaración do IVE. As facturas emitidas por profesionais levarán a pertinente retención do IRPF. A entidade deberá presentar os xustificantes que acrediten o ingreso en Facenda das retencións incluídas nas facturas achegadas, salvo que esas retencións no se imputen á subvención.

d) Memoria final da actividade deportiva da entidade que acredite o cumprimento da actividade subvencionada na tempada de referencia facendo especial fincapé nos aspectos cuantitativos e cualitativos da promoción do deporte feminino (competicións nas que participou cada un dos equipos da entidade con licenzas femininas ou, de ser o caso, as deportistas individuais, resultados obtidos, ámbito e nivel acadado nas competicións, material gráfico impreso, valoración sobre o impacto de xénero na súa modalidade deportiva, mencionando especialmente as actividades e logros realizados por mulleres e as necesidades detectadas...).

e) No caso de xustificar a axuda concedida con gastos para equipamento, este equipamento deberá levar o logo do Concello de Vigo. A entidade achegará fotografías do dito equipamento, sen menoscabo doutras comprobacións que realice o Servizo de Igualdade.

f) Acreditación da publicidade dada ao carácter público do financiamento da actividade subvencionada. As entidades beneficiarias deben dar publicidade do carácter público do financiamento das actividades subvencionadas facendo constar, nun lugar destacado dos diferentes soportes, o logotipo do Concello de Vigo.

g) Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello de Vigo en relación coa xustificación da subvención.

4.- Información complementaria

Non se admitirán facturas que non reúnan as condicións previstas no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

Atendendo á especificidade da modalidade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas e outros conceptos análogos poderán xustificarse a través de documentos emitidos polas federacións ou pola propia entidade deportiva: certificados de ingreso nas federacións, documentos de pago de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento das deportistas e do persoal técnico, etc. Estes documentos deberán recoller adecuadamente os datos fiscais das partes, as achegas económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base á eficacia do mesmo.

En relación coa xustificación do gasto polo uso das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento emitido polo Concello de Vigo, acreditativo dos ingresos por eses conceptos, sempre e cando este mesmo importe non fose tido en conta para xustificar a subvención concedida na convocatoria específica de subvencións do Servizo de Deportes do Concello. O Servizo de Igualdade solicitará información ao respecto ao Servizo de Deportes.

Os gastos de viaxes, aloxamentos e comidas deberán corresponder ás deportistas femininas (inclúese o persoal técnico ou adestrador) e xustificarse por desprazamento para as actividades deportivas de competición e/ou clasificación. No caso dos gastos de comidas, os xustificantes que se presenten deberán indicar o menú, o prezo por menú e o prezo total. En todo caso, están excluídas as bebidas alcohólicas de calquera tipo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/05/2026 09:41	Páxina 110 de 233
2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026	CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

Nas subvencións concedidas a entidades dependentes ou relacionadas coa Universidade, a xustificación poderá consistir na certificación da Intervención ou órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foron concedidas.

Excepcionalmente, cando teña que achegar arquivos multimedia para xustificar a subvención, a beneficiaria deberá presentar presencialmente na Oficina de Asistencia en Materia de Rexistro (OAR) do Concello de Vigo o soporte informático (*pendrive*, etc.) que conteña os ditos arquivos.

Deberase ter en conta o establecido na base segunda desta convocatoria respecto dos gastos que teñen a condición de subvencionables e non subvencionables.

DÉCIMO SEXTA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIÓNS

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da axuda serán comprobadas polo Servizo de Igualdade. A xefa do Servizo de Igualdade emitirá informe ao respecto no que fará constar, de ser o caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes para considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

DÉCIMO SÉTIMA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN

A beneficiaria debe facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Servizo de Igualdade, a Intervención Xeral Municipal, o Tribunal de Contas ou o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO OITAVA.- PAGAMENTO

Con carácter previo ao pagamento da subvención, a beneficiaria debe acreditar estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Esta acreditación farase mediante unha declaración responsable segundo permite o art. 31.7.e) da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia. Esta declaración responsable tócase incluída no anexo VI, que a beneficiaria debe presentar cuberto e asinado na fase de xustificación.

O pagamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, despois de que a subvención concedida sexa correctamente xustificada.

Procederase ao pagamento parcial ou á redución proporcional do importe da axuda nos seguintes casos:

- Cando a entidade certifique no anexo VI un custo total final da actividade deportiva na tempada de referencia inferior ao 100 % do orzamento que indicou no anexo III. Neste caso, a axuda será minorada proporcionalmente.
- Obtención de maiores ingresos ou maior financiamento do previsto.
- Incumprimento pola entidade beneficiaria das súas obrigas.

Estas subvencións son compatibles con calquera tipo de axuda concedida por administracións ou entes públicos ou privados. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente doutras axudas, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión xa que o importe da subvención, en ningún caso, pode ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/05/2026 09:41	Páxina 111 de 233
2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026	CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

recursos, supere o custo da actividade subvencionada (artigo 17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e artigo 19.3 da Lei 38/2003 xeral de subvencións).

A resolución-liquidación da axuda co pagamento parcial ou proporcional correspondente, será competencia da concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade.

DÉCIMO NOVENA.- PERDA DO DEREITO AO COBRO. NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1.- Perda do dereito ao cobro

Dará lugar á perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención o incumprimento por parte da beneficiaria de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras, especialmente, das obrigas ás que se condiciona o pagamento único da subvención, o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención, a variación da finalidade da actuación, a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta e a concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia (art. 31.5 da citada Lei).

En ningún caso, o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada. No caso de superalo, procederá a redución da subvención, coa conseguinte perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada, así como a esixencia dos xuros de demora correspondente.

A comunicación destas circunstancias ao Concello efectuarase no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

2.- Nulidade e reintegro

En canto ás causas de nulidade e anulabilidade da resolución de concesión e denegación e de reintegro das axudas estarase ao disposto nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Nos casos do artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de demora desde o momento do aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

3.- Infraccións e sancións

Con respecto ás infraccións e ás sancións en que poidan incorrer as entidades beneficiarias destas axudas e ao procedemento sancionador, aplicarase o disposto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

VIXÉSIMA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos das entidades solicitantes e os das súas representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto destas bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e a comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia co fin de concluír o procedemento subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 112 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

O Concello de Vigo ten a condición de responsable do tratamento deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e demais disposicións vixentes na materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e da promoción da igualdade conforme a normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa finalización do procedemento, incluído o prazo de prescrición para os efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos a outras administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con outros que dispoñan as demais administracións a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, ante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Pódese obter máis información na páxina web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.

VIXÉSIMA PRIMEIRA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN

Estas subvencións rexeranse pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; polos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; pola lexislación básica en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e demais disposicións vixentes na materia; polos preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; polas bases de execución do orzamento do Concello de Vigo do exercicio 2026 e polo Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Vigo 2024-2026; polas restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- RECURSOS

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución cabe interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que as ditou no prazo dun mes (artigos 123 e 124 da LPAC) ou, directamente, recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa) no prazo de dous meses. Os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da notificación ou publicación ou desde o seguinte a aquel no que se produza a desestimación por silencio administrativo, conforme establece o artigo 30.4 LPAC.

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/05/2026 09:41	Páxina 113 de 233
2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026	CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O recurso de reposición entenderase desestimado se transcorrese o prazo máximo sen terse notificado a resolución expresa. Non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición interposto.

Convocatoria das subvencións do Servizo de Igualdade a entidades deportivas sen ánimo de lucro do Concello de Vigo para a promoción do deporte feminino do ano 2026

O obxecto desta convocatoria é iniciar e establecer o procedemento para a concesión de subvencións a entidades deportivas sen ánimo de lucro da cidade de Vigo que fomenten a participación e promoción das nenas e mulleres nas distintas modalidades deportivas (equipos e/ou individuais) coa finalidade de promover o deporte feminino a través do apoio do Servizo de Igualdade do Concello de Vigo. Este apoio materializarase mediante a contribución ao financiamento dos gastos ocasionados polo funcionamento destas entidades deportivas do municipio de Vigo durante a tempada deportiva 2025/2026 ou do ano 2026 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada se corresponda co ano natural.

A esta finalidade de promover o deporte feminino refírense o art. 29 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, a Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, o art. 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o art. 80.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e o art. 3.b) da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.

PRIMEIRA.- BASES REGULADORAS

As bases reguladoras destas subvencións, tras a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, publicaranse no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra (BOPPO). Tamén poderán consultarse no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

A convocatoria remitirase á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que dará traslado do extracto da mesma ao BOPPO para a súa publicación, sen prexuízo da súa inserción no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo.

SEGUNDA.- CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA INDIVIDUALIZADA DAS SUBVENCIÓNS

O crédito orzamentario máximo destinado a estas subvencións é de 45.000 euros (corenta e cinco mil euros), que se farán efectivos con cargo á aplicación orzamentaria 2311 4890000 *Promoción da igualdade e do deporte feminino* do orzamento vixente do Servizo de Igualdade.

A contía da axuda concedida a cada beneficiaria determinarase en función do crédito orzamentario (45.000 euros), do importe que solicite e da puntuación derivada da aplicación dos criterios de valoración definidos nas bases reguladoras.

O crédito orzamentario dividirase entre a suma dos puntos acadados pola totalidade das solicitudes admitidas, obtendo desta forma o valor unitario do punto. A subvención para cada entidade calcularase multiplicando o valor unitario do punto polos puntos que obteña.

Establécense as contías de 200 euros e de 1.500 euros como contías mínima e máxima, respectivamente, das subvencións que poden solicitar e obter as entidades solicitantes. Por conseguinte, as entidades que, pola puntuación que obteñan na fase de valoración, non consigan unha axuda igual ou superior a 200 euros non terán dereito á subvención e as que acaden unha axuda superior a 1.500 euros quedarán limitadas a esta contía.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/05/2026 09:41	Páxina 114 de 233
2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026	CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

TERCEIRA.- OBXECTO DAS SUBVENCÍONS

O obxecto destas subvencións é promover o deporte feminino a través da contribución ao financiamento dos gastos das entidades deportivas do municipio de Vigo que fomenten a participación e promoción das nenas e mulleres nas distintas modalidades deportivas (equipos e/ou individuais), durante a tempada 2025/2026 ou do ano 2026 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada se corresponda co ano natural.

CUARTA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable correspondan ao funcionamento da entidade solicitante e sexan ocasionados pola actividade propia desta relacionada directamente coas licenzas femininas e os motivados pola participación ou organización das actividades deportivas dos equipos con licenzas femininas na tempada 2025/2026 ou do ano 2026 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada se corresponda co ano natural.

A tempada 2025/2026 ou 2026 estará definida para cada modalidade deportiva en función dos datos certificados polas respectivas federacións.

Tendo en conta o establecido no parágrafo anterior, terán a consideración de gastos subvencionables os seguintes:

- Licenzas federativas femininas.
- Viaxes, aloxamentos e comidas das deportistas femininas ou dos equipos femininos (inclúese o persoal técnico e o persoal adestrador) nos desprazamentos necesarios para as actividades deportivas de competición e/ou clasificación. Para que estes gastos sexan subvencionables, a entidade deberá xustificar a necesidade de levar a cabo os desprazamentos para participar nas actividades deportivas de competición e/ou clasificación. Ademais, as facturas por gastos de comidas que se presenten para xustificar a subvención concedida deberán indicar o menú, o prezo por menú e o prezo total, estando excluídas, en todo caso, as bebidas alcohólicas de calquera tipo.
- Inscricións en competicións e probas das deportistas femininas ou dos equipos femininos.
- Arbitraxes das competicións e probas das deportistas femininas ou dos equipos femininos.
- Salarios do persoal técnico e do persoal adestrador das deportistas femininas ou dos equipos femininos.
- Equipamento das deportistas femininas sempre que este equipamento leve o logo do Concello de Vigo.
- Material deportivo necesario para o adestramento ou a competición das deportistas femininas ou dos equipos femininos.
- Alugueiro de instalacións deportivas para a actividade deportiva das deportistas femininas ou dos equipos femininos, gastos telefónicos, de internet e de mantemento das aplicacións web e/ou presenza dixital.

Os gastos polo uso das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo non se poderán imputar á subvención concedida polo Servizo de Igualdade cando eses gastos formen parte da

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/05/2026 09:41	Páxina 115 de 233
2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026	CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

conta xustificativa da subvención concedida polo Servizo de Deportes deste concello. O Servizo de Igualdade solicitará, nese caso, información ao Servizo de Deportes.

Quedan excluídos, en todo caso, como gastos subvencionables os seguintes: adquisición de bebidas alcohólicas de calquera tipo, espectáculos, adquisición de patrimonio e gastos de investimento.

A beneficiaria deberá solicitar tres ofertas cando se trate de gastos por subministros ou servizos que excedan de 15.000 euros, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

En ningún caso se admitirán gastos cuxos prezos sexan superiores aos de mercado.

O órgano instructor poderá solicitar ao Servizo de Deportes tanta información e documentación teña ese Servizo sobre as entidades solicitantes, co obxecto de acadar un maior coñecemento e unha valoración máis axeitada das actividades das entidades presentadas a esta convocatoria.

QUINTA.- REQUISITOS DAS BENEFICIARIAS

1.- Poderán solicitar e obter estas axudas as entidades deportivas que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.
- b) Que teñan personalidade xurídica propia e carezan de ánimo de lucro.
- c) Que se atopen ao corrente no cumprimento das súas obrigas fiscais co Concello de Vigo e coa Facenda pública estatal e autonómica, e das súas obrigas coa Seguridade Social.
- d) Que cumpran os demais requisitos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- e) Que contén cun mínimo de 10 licenzas femininas na tempada 2025/2026 ou do ano 2026 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada se corresponda co ano natural. Exceptuarase do mínimo de licenzas ás entidades que contén, ao menos, con 1 licenza feminina de deporte adaptado.
- f) Que presenten a solicitude a documentación complementaria preceptiva establecida na base 11ª das bases reguladoras.

2.- Quedan excluídas expresamente desta convocatoria:

- a) As solicitudes presentadas por federacións deportivas.
- b) As solicitudes presentadas por entidades pertencentes ou integradas en institucións oficiais.
- c) As solicitudes que se presenten fóra do prazo estipulado na convocatoria, calquera que sexa a causa da presentación extemporánea.

3.- As entidades solicitantes deberán acreditar que non están incursas nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia mediante unha declaración responsable (artigo 10.7 da Lei 9/2007). Esta declaración está incluída no anexo IV que as entidades deberán presentar xunto coa súa solicitude.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/05/2026 09:41	Páxina 116 de 233
2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026	CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

4.- As solicitantes tamén deberán acreditar estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social conforme establece o artigo 22 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Dado que a contía máxima da subvención que se lle pode conceder a cada beneficiaria é de 1.500 euros, esta acreditación farase por medio dunha declaración responsable (artigo 24.4 do Real decreto 887/2006). Esta declaración está incluída no anexo IV que as entidades deberán presentar xunto coa súa solicitude.

5.- Igualmente, as entidades solicitantes deberán atoparse ao corrente das súas obrigas co Concello de Vigo. Coa presentación da súa solicitude, a entidade autoriza ao órgano instrutor para pedir de oficio os datos e a documentación acreditativos de tal extremo aos departamentos municipais responsables.

SEXTA.- PROCEDEMENTO PARA A CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS

O procedemento para a concesión destas subvencións é o de concorrência competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das bases reguladoras e da convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

SÉTIMA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E A RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO. PRAZO E MEDIOS PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN

O Servizo de Igualdade encargárase da instrución do procedemento de concesión das subvencións e realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, de conformidade co previsto no art. 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

O órgano instrutor poderá solicitar ao Servizo de Deportes canta información e documentación teña ese Servizo sobre as entidades solicitantes, co obxecto de acadar un maior coñecemento das solicitudes presentadas a esta convocatoria.

Todos os trámites administrativos que se deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

Para a valoración das solicitudes presentadas, constituirase unha Comisión de Avaliación. Esta comisión é o órgano colexiado composto pola concelleira delegada de Igualdade e Comercio, que actuará como presidenta, e por dúas técnicas adscritas ao Servizo de Igualdade, unha delas será, ademais, a secretaria.

Logo de excluír as solicitudes recibidas que non reúnan os requisitos que se indican na base 5ª, a Comisión de Avaliación avaliará as demais solicitudes segundo os criterios e os baremos indicados na base 7ª das bases reguladoras.

Unha vez avaliadas as solicitudes, a Comisión emitirá un informe motivado no que relacionará as entidades beneficiarias e a puntuación asignada a cada unha delas. A secretaria levantará unha acta que reflecta as deliberacións e acordos da Comisión.

O Servizo de Igualdade, en base ao informe da Comisión, formulará a proposta de resolución de concesión e denegación das subvencións solicitadas, que elevará á Xunta de Goberno Local.

O expediente de concesión de subvencións conterá o informe do órgano instrutor no que conste que, da información que ten no seu poder, se desprende que as beneficiarias cumpren todos os

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 117 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

requisitos necesarios para acceder ás axudas (artigo 21.4 parágrafo 6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución do procedemento de concesión e denegación destas subvencións. O prazo máximo para a instrución e notificación da resolución expresa deste procedemento será de tres meses, contados desde o último día do prazo de presentación de solicitudes. A resolución notificaráselles ás solicitantes no prazo de 10 días a partir da súa data, de acordo co previsto no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC). Por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrencia competitiva, a notificación poderá substituírse pola publicación da resolución na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). En todo caso, a resolución será obxecto de publicación na páxina web do Concello (www.vigo.org), de acordo co establecido no art. 45.1.b) da LPAC.

O vencemento do prazo máximo sen terse ditada e notificada a resolución, lexítima ás interesadas para entender desestimadas por silencio administrativo as súas solicitudes de subvención, sen prexuízo do disposto no artigo 25.1 da LPAC.

As notificacións efectuaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. As notificacións entenderanse efectuadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, e rexeitadas cando transcorran 10 días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Remitiráselles ás interesadas os avisos da posta á disposición das notificacións ao correo electrónico e/ou teléfono móbil que consten nas súas solicitudes. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

O acordo da Xunta de Goberno Local de concesión e denegación das axudas esgota a vía administrativa e contra el cabe interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes de acordo co previsto nos artigos 123 e 124 da LPAC ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses. Non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición interposto. Os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da notificación ou publicación ou desde o seguinte a aquel no que se produza a desestimación por silencio administrativo (artigo 30.4 LPAC).

As entidades beneficiarias deben comunicarlle ao Servizo de Igualdade a aceptación da subvención no prazo máximo de 10 días, que se contarán desde o día seguinte ao da notificación da concesión. A falta de manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.

A beneficiaria poderá renunciar á subvención concedida por calquera medio que permita a súa constancia. A renuncia será aceptada de plano pola administración concedente declarando concluso o procedemento correspondente (artigo 94 da LPAC).

OITAVA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes é de 10 días hábiles, que se contarán, nos termos do artigo 30.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, dende o día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/05/2026 09:41	Páxina 118 de 233
2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026	CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

de Subvencións (BDNS), que opera como Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

NOVENA.- FORMA E LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES. DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

Cada entidade deportiva poderá presentar unha única solicitude, que deberá estar asinada electronicamente pola presidencia da entidade e reunir os requisitos esixidos nas bases reguladoras.

As entidades interesadas empregarán o formulario normalizado (anexo I) dispoñible na sede electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org>) para a presentación das súas solicitudes.

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos en cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), a través do Rexistro xeral do Concello de Vigo, ao que se accede pola sede electrónica, utilizando calquera dos medios de identificación e firma admitidos, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org>.

De conformidade co artigo 68.4 da LPAC, se algunha das entidades interesadas presenta a súa solicitude de forma presencial, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos considerárase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Todas as solicitudes, incluíndo as emendas telemáticas contempladas no parágrafo anterior, deben presentarse dentro do prazo de presentación de solicitudes. A Comisión de Avaliación non valorará as solicitudes que sexan presentadas con carácter extemporáneo e proporá a súa denegación ao órgano competente.

As entidades solicitantes responsabilizaranse da veracidade dos datos contidos nas súas solicitudes.

A solicitude estará asinada electronicamente pola presidencia da entidade e súa presentación suporá que as entidades solicitantes coñecen e aceptan as bases reguladoras.

A entidade indicará na súa solicitude (anexo I) a modalidade deportiva para a que solicita a subvención. Se solicita a axuda para varias modalidades deportivas, indicará cada unha delas.

Non se considerarán como modalidade deportiva as especialidades deportivas que estean vinculadas ou organizadas dentro da mesma modalidade deportiva. Para estes efectos, teranse en conta os apartados 2 e 3 do artigo 17 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia que establecen, respectivamente, que se entende por “modalidade deportiva o conxunto de prácticas e regras que conforman unha forma peculiar de práctica deportiva con carácter autónomo e diferenciado de calquera outra”, e “por especialidade deportiva aquela práctica deportiva que, pese a non reunir os requisitos para ser considerada modalidade deportiva, ten singularidade na súa práctica, aínda que vinculada ou organizada dentro dunha modalidade deportiva tanto por razóns históricas da súa práctica como pola existencia dun elemento de práctica común a todas elas”.

Excepto no ámbito dos deportes autóctonos da Comunidade autónoma, no que se poderán agrupar diferentes modalidades deportivas nunha única federación, só se poderá recoñecer unha federación deportiva por cada modalidade deportiva (art. 51.5º Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia).

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/05/2026 09:41	Páxina 119 de 233
2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026	CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A entidade que solicite a subvención para varias modalidades deportivas deberá achegar os certificados (anexo II) das distintas federacións deportivas. Con carácter excepcional, a Federación Galega de Deporte Autóctono e a Federación Galega de Deporte Adaptado poderán certificar varias modalidades deportivas. Nestes casos, a entidade deberá achegar un anexo II, cuberto e asinado pola Federación Galega de Deporte Autóctono ou pola Federación Galega de Deporte Adaptado segundo corresponda, por cada unha das modalidades deportivas incluídas na súa solicitude de subvención.

A documentación complementaria presentarse exclusivamente por medios electrónicos en cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), a través do Rexistro xeral do Concello de Vigo, ao que se accede pola sede electrónica, utilizando calquera dos medios de identificación e firma admitidos, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org>.

Se a documentación complementaria se achegase de forma presencial, a entidade será requirida para emendala a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerárase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia electrónica, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

As entidades solicitantes responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten e dos datos contidos neles.

Xunto coa súa solicitude, as entidades interesadas presentarán a seguinte documentación complementaria:

1.- Anexo II. Certificado da federación

A entidade solicitante debe achegar o anexo II cuberto pola federación da modalidade deportiva para a que solicite a subvención e asinado pola secretaría e pola presidencia da federación. A entidade que solicite a axuda para varias modalidades deportivas deberá achegar os certificados (anexo II) das distintas federacións deportivas.

Con carácter excepcional, a Federación Galega de Deporte Autóctono e a Federación Galega de Deporte Adaptado poderán certificar varias modalidades deportivas. Nestes casos, a entidade deberá achegar un anexo II, cuberto e asinado pola Federación Galega de Deporte Autóctono ou pola Federación Galega de Deporte Adaptado segundo corresponda, por cada unha das modalidades deportivas incluídas na súa solicitude de subvención.

A federación correspondente indicará neste anexo todas as licenzas que a entidade deportiva ten na súa modalidade deportiva, incluíndo todas as categorías e todos os equipos, sexan femininos, masculinos ou mixtos.

2.- Anexo III. Orzamento equilibrado de ingresos e gastos

Neste anexo, que debe estar asinado pola secretaría e pola presidencia (electronicamente), a entidade solicitante indicará o orzamento previsto para a tempada 2025/2026 ou do ano 2026 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada se corresponda co ano natural.

Este orzamento terase en conta na fase de xustificación da subvención concedida: se a entidade beneficiaria declara un gasto total final na tempada inferior ao 100% do orzamento que indicou no anexo III, a axuda concedida será minorada proporcionalmente.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/05/2026 09:41	Páxina 120 de 233
2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026	CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

3.- Anexo IV. Declaración responsable

Neste anexo, a secretaría da entidade, co visto e prace da presidencia declara, entre outros, os seguintes puntos:

- Quen ten a condición de representante legal da entidade
- Outras axudas solicitadas ou concedidas na tempada de referencia
- Que a entidade está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e o Concello de Vigo, e das súas obrigas coa Seguridade Social.
- Que a entidade non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria que recollen os apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4.- Anexo V. Certificado da composición da actual xunta directiva

A secretaría da entidade, co visto e prace da presidencia, emitirá este certificado onde constará a composición da actual xunta directiva desagregada por sexo.

5.- CIF da entidade solicitante.

6.- Certificado da titularidade da conta bancaria da entidade solicitante expedido no ano 2026.

7.- Memoria das actividades que desenvolva a entidade na tempada de referencia, facendo especial fincapé nos aspectos cuantitativos e cualitativos da promoción do deporte feminino.

Esta memoria deberá incluír: descrición xeral da entidade, número de equipos por categoría e sexo, relación das competicións nas que participa cada un dos equipos con licenzas femininas ou, de ser o caso, as deportistas individuais e logros acadados, actuacións que a entidade leva a cabo orientadas á igualdade e valoración sobre o impacto de xénero na súa modalidade deportiva.

Segundo o establecido no art. 28.2 da LPAC, as persoas interesadas teñen dereito a non achegar os documentos que xa se atopen en poder da administración actuante ou fosen elaborados por calquera outra administración. A Administración municipal, salvo oposición expresa da entidade interesada, consultará e obterá electronicamente, a través das súas redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos u outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, os documentos que deban integrar o procedemento e que xa se atopen no seu poder ou que foran elaborados por calquera outra administración.

En relación co dereito a non presentar documentos que obren en poder da administración convocante, a entidade deberá indicar a data e o órgano ou a dependencia na que foron presentados ou, no seu caso, o número de expediente ou procedemento no que se fixeron valer.

O Servizo de Igualdade pode requirir ás entidades solicitantes que acheguen a información e a documentación complementaria que considere necesarias para comprobar que reúnen os requisitos esixidos para participar nesta convocatoria ou para a correcta avaliación das súas solicitudes.

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/05/2026 09:41	Páxina 121 de 233
2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026	CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

DÉCIMA.- CRITERIOS DE VALORACIÓN

A Comisión de Avaliación avaliará as solicitudes que reúnan os requisitos esixidos segundo os seguintes criterios e baremos de puntuación sobre un máximo de 26 puntos:

1.- Número de licenzas femininas na tempada deportiva 2025-2026 ou do ano 2026 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada se corresponda co ano natural. Ata un máximo de 16 puntos no caso das modalidades deportivas do apartado 1.1 e de 8 puntos no caso das modalidades deportivas do apartado 1.2:

1.1 Puntuación segundo o número de licenzas femininas (excepto: actividades subacuáticas, golf, hípica, judo, karate, montañismo, pádel, surf, taekwondo e tenis):

- a) Con menos de 35 licenzas femininas: 4 puntos
- b) Con 35 licenzas femininas e menos de 60: 6 puntos
- c) Con 60 licenzas femininas e menos de 85: 8 puntos
- d) Con 85 licenzas femininas e menos de 110: 10 puntos
- e) Con 110 licenzas femininas e menos de 135: 12 puntos
- f) Con 135 licenzas femininas e menos de 150: 14 puntos
- g) Con 150 licenzas ou máis: 16 puntos

1.2 Puntuación segundo o número de licenzas femininas para actividades subacuáticas, golf, hípica, judo, karate, montañismo, pádel, surf, taekwondo e tenis:

- a) Con menos de 70 licenzas femininas: 2 puntos
- b) Con 70 licenzas femininas e menos de 120: 3 puntos
- c) Con 120 licenzas femininas e menos de 170: 4 puntos
- d) Con 170 licenzas femininas e menos de 220: 5 puntos
- e) Con 220 licenzas femininas e menos de 270: 6 puntos
- f) Con 270 licenzas femininas e menos de 320: 7 puntos
- g) Con 320 licenzas ou máis: 8 puntos

Cando unha mesma entidade presente licenzas femininas correspondentes a varias modalidades deportivas, sexan do mesmo ou de distintos apartados (1.1 e 1.2), calcularase a puntuación que corresponda a cada modalidade e logo sumarse para acadar a puntuación total do apartado 1, co límite máximo de 16 puntos.

2.- Porcentaxe das licenzas femininas con respecto ao total das licenzas da entidade na modalidade deportiva na tempada 2025/2026 ou do ano 2026 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada se corresponda co ano natural. Ata un máximo de 5 puntos no caso das modalidades deportivas do apartado 2.1 e de 3 puntos no caso das modalidades deportivas do apartado 2.2:

2.1 Puntuación segundo a porcentaxe de licenzas femininas (excepto: actividades subacuáticas, golf, hípica, judo, karate, montañismo, pádel, surf, taekwondo e tenis):



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/05/2026 09:41	Páxina 122 de 233
2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026	CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

- a) Ata o 20% de licenzas femininas: 1 punto
- b) Máis do 20% de licenzas femininas ata o 40%: 2 puntos
- c) Máis do 40% de licenzas femininas ata o 60%: 3 puntos
- d) Máis do 60% de licenzas femininas ata o 80%: 4 puntos
- e) Máis do 80% de licenzas femininas: 5 puntos

2.2 Puntuación segundo a porcentaxe de licenzas femininas para actividades subacuáticas, golf, hípica, judo, karate, montañismo, pádel surf, taekwondo e tenis:

- a) Ata o 20% de licenzas femininas: 1 punto
- b) Máis do 20% de licenzas femininas ata o 40%: 1,5 puntos
- c) Máis do 40% de licenzas femininas ata o 60%: 2 puntos
- d) Máis do 60% de licenzas femininas ata o 80%: 2,5 puntos
- e) Máis do 80% de licenzas femininas: 3 puntos

Cando unha mesma entidade presente licenzas correspondentes a varias modalidades deportivas, sexan do mesmo ou de distintos apartados (2.1 e 2.2), calcularase a porcentaxe de licenzas femininas de cada modalidade deportiva con respecto ao número total de licenzas da entidade nas modalidades deportivas para as que solicita a subvención. Calcularase a puntuación para cada modalidade deportiva e despois sumárase para acadar a puntuación total do apartado 2, co límite máximo de 5 puntos.

A documentación que se terá en conta para facer o recuento de licenzas, así como para clasificar as modalidades deportivas, será o anexo II cuberto e asinado pola federación correspondente.

Para estes efectos, o certificado da federación indicará todas as licenzas da entidade na súa modalidade deportiva, incluíndo todas as categorías e todos os equipos, sexan femininos, masculinos ou mixtos.

3.- Porcentaxe de mulleres que integran a actual xunta directiva da entidade. Ata un máximo de 5 puntos:

- a) Se ningunha muller forma parte da actual xunta directiva da entidade: 0 puntos
- b) Menos do 20% de mulleres: 1 punto
- c) Do 20% de mulleres ata menos do 40%: 2 puntos
- d) Do 40% de mulleres ata menos do 60%: 3 puntos
- e) Do 60% de mulleres ata menos do 80%: 4 puntos
- f) Do 80% de mulleres en diante: 5 puntos

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/05/2026 09:41	Páxina 123 de 233
2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026	CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

DÉCIMO PRIMEIRA.- PUBLICIDADE**4.- Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras**

A convocatoria e as bases reguladoras, conforme establece o artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicaranse en:

- a) As bases reguladoras: no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra (BOPPO), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org)
- b) A convocatoria: na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org)
- c) O extracto da convocatoria: a BDNS dará traslado ao BOPPO do extracto da convocatoria para a súa publicación, publicación que determinará o inicio do prazo de 10^º días hábiles para a presentación das solicitudes.

A convocatoria e as bases reguladoras, así como o modelo de solicitude e demais modelos normalizados que constitúen os seus anexos, publicaranse na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org) e na da Concillería de Igualdade (www.igualdadevigo.org).

5.- Publicidade das subvencións concedidas

As subvencións concedidas remitiranse ao portal de transparencia do Concello e á BDNS para a súa publicación con indicación da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputan, entidades beneficiarias, cantidades concedidas e finalidade das subvencións.

6.- Publicidade do financiamento público

As entidades beneficiarias deben dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento nas comunicacións e no desenvolvemento das actividades subvencionadas, facendo constar, nun lugar destacado dos diferentes soportes (equipamento, web, redes sociais, carteis publicitarios, etc.), o logotipo do Concello de Vigo, que se pode descargar da páxina web da Concillería de Igualdade (www.igualdadevigo.org). Se no financiamento interveñen outras entidades, a prelación en orde e tamaños será proporcional á contía achegada por cada unha delas.

EXTRACTO DA CONVOCATORIA DAS SUBVENCÍONS DO SERVIZO DE IGUALDADE A ENTIDADES DEPORTIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO DO CONCELLO DE VIGO PARA A PROMOCIÓN DO DEPORTE FEMININO DO ANO 2026

PRIMEIRA.- BASES REGULADORAS

As bases reguladoras destas subvencións, tras a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, publicaranse no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra (BOPPO). Tamén poderán consultarse no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/05/2026 09:41	Páxina 124 de 233
2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026	CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

SEGUNDA.- CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA INDIVIDUALIZADA DAS SUBVENCÍONS

O crédito orzamentario máximo destinado a estas subvencións é de 45.000 euros (corenta e cinco mil euros), que se farán efectivos con cargo á aplicación orzamentaria 2311 4890000 *Promoción da igualdade e do deporte feminino* do orzamento vixente do Servizo de Igualdade.

Establécense as contías de 200 euros e de 1.500 euros como contías mínima e máxima, respectivamente, das subvencións que poden solicitar e obter as entidades solicitantes. Por conseguinte, as entidades que, pola puntuación que obteñan na fase de valoración, non consigan unha axuda igual ou superior a 200 euros non terán dereito á subvención e as que acaden unha axuda superior a 1.500 euros quedarán limitadas a esta contía.

TERCEIRA.- OBXECTO DAS SUBVENCÍONS

O obxecto destas subvencións é promover o deporte feminino a través da contribución ao financiamento dos gastos das entidades deportivas do municipio de Vigo que fomenten a participación e promoción das nenas e mulleres nas distintas modalidades deportivas (equipos e/ou individuais), durante a tempada 2025/2026 ou do ano 2026 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada se corresponda co ano natural.

CUARTA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable correspondan ao funcionamento da entidade solicitante e sexan ocasionados pola actividade propia desta relacionada directamente coas licenzas femininas e os motivados pola participación ou organización das actividades deportivas dos equipos con licenzas femininas na tempada 2025/2026 ou do ano 2026 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada se corresponda co ano natural.

A tempada 2025/2026 ou 2026 estará definida para cada modalidade deportiva en función dos datos certificados polas respectivas federacións.

Tendo en conta o establecido no parágrafo anterior, terán a consideración de gastos subvencionables os seguintes:

- Licenzas federativas femininas.
- Viaxes, aloxamentos e comidas das deportistas femininas ou dos equipos femininos (inclúese o persoal técnico e o persoal adestrador) nos desprazamentos necesarios para as actividades deportivas de competición e/ou clasificación. Para que estes gastos sexan subvencionables, a entidade deberá xustificar a necesidade de levar a cabo os desprazamentos para participar nas actividades deportivas de competición e/ou clasificación. Ademais, as facturas por gastos de comidas que se presenten para xustificar a subvención concedida deberán indicar o menú, o prezo por menú e o prezo total, estando excluídas, en todo caso, as bebidas alcohólicas de calquera tipo.
- Inscricións en competicións e probas das deportistas femininas ou dos equipos femininos.
- Arbitraxes das competicións e probas das deportistas femininas ou dos equipos femininos.

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 125 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- Salarios do persoal técnico e do persoal adestrador das deportistas femininas ou dos equipos femininos.
- Equipamento das deportistas femininas sempre que este equipamento leve o logo do Concello de Vigo.
- Material deportivo necesario para o adestramento ou a competición das deportistas femininas ou dos equipos femininos.
- Alugueiro de instalacións deportivas para a actividade deportiva das deportistas femininas ou dos equipos femininos, gastos telefónicos, de internet e de mantemento das aplicacións web e/ou presenza dixital.

Quedan excluídos, en todo caso, como gastos subvencionables os seguintes: adquisición de bebidas alcohólicas de calquera tipo, espectáculos, adquisición de patrimonio e gastos de investimento.

QUINTA.- BENEFICIARIAS

Poderán solicitar e obter estas axudas as entidades deportivas con personalidade xurídica propia que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo, carezan de ánimo de lucro, se atopen ao corrente no cumprimento das súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social, contén cun mínimo de 10 licenzas femininas ou 1 licenza feminina de deporte adaptado na tempada 2025/2026 ou do ano 2026 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada se corresponda co ano natural e cumpran os demais requisitos que establecen as bases reguladoras.

SEXTA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS

O procedemento para a concesión destas subvencións é o de concorrência competitiva.

SÉTIMA.- PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

O prazo de presentación das solicitudes é de 10 días hábiles, que se contarán dende o día seguinte ao da publicación deste extracto no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra (BOPPO).

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos en cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), a través do Rexistro xeral do Concello de Vigo, ao que se accede pola sede electrónica, utilizando calquera dos medios de identificación e firma admitidos, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org>.

16(393).- ADDENDA AO CONTRATO DE COMODATO COLMEIRO CON COMPROMISO DE DOAZÓN. EXPTE. 8014/337.

Visto o informe xurídico de data 24/04/2026 e o informe de fiscalización do 07/05/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 22/04/2026, asinado polo director do Museo, o xefe de Museos Municipais e conformado polo concelleiro delegado de Cultura e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/05/2026 09:41	Páxina 126 de 233
2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026	CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

Antecedentes

I. CONTRATO

En data 19.10.2017 a Xunta de Goberno Local aprobou o contrato de comodato (contrato privado da Administración) con compromiso de oferta de doazón de pezas artísticas do legado pictórico de Manuel Colmeiro Guimeráns; cos herdeiros do pintor: Elena Colmeiro González, no seu nome e en representación do seu irmán Albino Colmeiro González; e Alba Corral Colmeiro en representación da súa nai Alba Colmeiro González.

O documento formalizador do contrato foi asinado en data de 17.11.2017.

II. ADENDA 2021

En data 18.02.2021 o concelleiro delegado de Cultura ditou resolución acordando incoar expediente que tivera por obxecto a modificación do contrato de comodato designando instructor do Expediente o secretario xeral do Pleno.

En data 12.03.2021 a Xunta de Goberno Local aprobou unha addenda ao citado contrato de comodato pola cal:

1. As partes asinantes consideraban satisfeitas e cumpridas as súas respectivas obrigas derivadas do contrato subscrito en data 17.11.2017 correspondentes ás anualidades 2017, 2018, 2019 e 2020 sen que por elas puidese interpoñer reclamación extraxudicial ou xudicial algunha.
2. Ampliábase a vixencia do contrato por dous anos máis ata o día 17 de novembro de 2029.
3. Ampliábanse as obras comodadas con dous óleos máis: “A carta” e “Doctor Cáceres”.
4. Recoñecía-se a vixencia das restantes cláusulas do contrato non modificadas.
5. Acordábase notificar o presente acordo aos comodantes requiríndolles que no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte no que reciban a notificación aportasen a documentación xustificativa das características das dúas novas obras pictóricas comodadas (medidas, data das obras e valoración das mesmas) e subscribisen o documento formalizador da addenda o contrato.

Non consta que por parte do instructor do Expediente, secretario xeral do Pleno, se notificase o antedito acordo á parte comodante. Non se chegou a asinar dita addenda.

III. En data 25.02.2021 produciuse o falecemento da parte comodante Elena Colmeiro González.

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/05/2026 09:41	Páxina 127 de 233
2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026	CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

IV. En data 13.06.2023 a Letrada-Xefa de Asesoramento informa que, á vista da defunción de Elena Colmeiro González, é precisa a regularización da representación da parte comodante para continuar coa xestión do comodato.

V. En data 15.09.2023 produciuse o falecemento da parte comodante Albino Colmeiro González.

VI. En data 24.09.2025, en xuntanza co Concelleiro delegado de Cultura, Alba Corral Colmeiro, parte comodante, reitera o seu interese no impulso da addenda: ampliación do prazo do contrato ata 17 de novembro de 2029; e ampliación da relación de obras cos óleos “A carta” e “Doutor Cáceres”.

Así mesmo expresa conformidade coa proposta do Concelleiro delegado de Cultura de trasladar a exposición permanente dos óleos e selección de debuxos do comodato; da localización actual na planta terceira da Pinacoteca Francisco Fernández del Riego; a Casa das Artes de Vigo, planta segunda, ala Reconquista.

VII. Regularización da parte comodante. Expdte 7948 -337.

En data 10.02.2026 a concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade resolveu incoar expediente para regularización do contrato de comodato; particularmente no relativo á representación da parte comodante polo falecemento das partes comodantes orixinais D^a ELENA COLMEIRO GONZÁLEZ e D. ALBINO COLMEIRO GONZÁLEZ.

Despois de tomar comunicación cos causahabentes dos citados, e revisión da documentación que estes aportan a PARTE COMODANTE DO CONTRATO DE COMODATO queda constituída actualmente polos seguintes :

+ D. JESÚS VALVERDE COLMEIRO; D^a ELENA VALVERDE COLMEIRO e D^a ALBA VALVERDE COLMEIRO (en substitución de D^a ELENA COLMEIRO GONZÁLEZ, falecida)

+ D^a CARMEN COLMEIRO, (en substitución de D. ALBINO COLMEIRO GONZÁLEZ, falecido); representada a todos os efectos polo seu fillo D. MOISÉS ACOSTA.

+ D^a ALBA EMILIA CORRAL COLMEIRO, en nome e representación da súa nai D^a ALBA MARÍA CONCEPCIÓN COLMEIRO GONZÁLEZ.

Solicitado INFORME XURÍDICO acerca da regularización da parte comodante nos termos e persoas expresados anteriormente; foi informado favorablemente en data 13.03.26.

VIII. ADENDA 2026.

En data 17.03.26 o Concelleiro delegado de Cultura remite carta a cada membro da parte comodante cunha proposta da ADENDA que se achega; manifestando a parte comodante na súa totalidade a súa conformidade coa proposta.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 128 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

A ADENDA 2026 recolle actualizados todos os termos da ADENDA 2021 aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 12.03.2021 que non se chegou a asinar por falecemento dos membros da parte comodante Elena Colmeiro e Albino Colmeiro.

En data 21.04.26 a concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade resolve incoar expediente que teña por obxecto a modificación do contrato de comodato con compromiso de doazón subscrito polo Concello de Vigo e os herdeiros de Manuel Colmeiro Guimarães mediante a suscripción de adenda ó contrato de comodato con compromiso de doazón aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión 19.10.2017.

IX. Cumprimentando a Resolución anterior realízase o seguinte

INFORME – PROPOSTA

I. O artigo 26.2 primeiro parágrafo da LCSP, in fine, advirte que os contratos privados que celebren as Administracións Públicas rexeranse, no que respecta os seus efectos, modificación e extinción polo dereito privado.

II. No dereito privado rexe o principio de liberdade de pactos; así, o artigo 1255 do Cod. Civil sinala, “Os contratantes poden establecer pactos, cláusulas e condicións que teñen por conveniente sempre que non sexan contrarios ás leis, á moral, nin á orde publica.”

O principio pacta sunt servanda, artigos 1091 e 1258 Cód. Civil, non é inmutable as obrigas poden modificarse variando as súas condicións, artigo 1203.1º do mesmo Código; neste suposto a modificación que propón a Comisión Paritaria de Seguimento, atendendo ás circunstancias concorrentes, non é substancial en tanto que a obriga esencial pactada mantense.

Non existe un novo contrato (novación), simplemente prodúcese a regularización do contrato asinado; a ampliación deste no tempo (dous anos mais) e a ampliación da obra pictórica comodatada, uns feitos circunstanciais ou accesorios que teñen a súa razón de ser no feito de que no ano 2018, aínda que entregada a colección pictórica comodatada (Cláusula Terceira), nin os herdeiros de Manuel Colmeiro constituíron a Asociación mencionada na Cláusula Sétima do documento contractual, nin o Concello -consecuencia da anterior- satisfixo a “subvención nominativa” citada na mesma Cláusula; así mesmo en tal ano o Concello non realizou a “actividade cultural relevante” mencionada na Cláusula Sexta, unha actividade que si tivo lugar nos anos 2019 e 2020 mediante unha exposición antolóxica do artista na sede da Fundación MARCO. Nos anos 2019 e 2020 non se satisfixo a subvención nominativa.

III. Considerando as circunstancias expostas e existindo común acordo entre os representantes das partes, propónse á Xunta de Goberno Local, órgano de contratación, previa fiscalización da Intervención xeral, a adopción de acordo conforme á seguinte,

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 129 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

PROPOSTA.-

PRIMEIRO. Subscribir addenda o contrato de comodato con compromiso de doazón aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión 19.10.2017 incluíndo nova Cláusula coa seguinte redacción:

“As partes asinantes consideran satisfeitas e cumpridas as súas respectivas obrigas derivadas do contrato subscrito en data 17.11.2017 correspondentes ás anualidades comprendidas entre 2017 e 2025, ambas incluídas, sen que por elas caiba interpoñer reclamación extraxudicial ou xudicial algunha”.

SEGUNDO. Modificar o contrato de comodato con compromiso de doazón aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión 19.10.2017 resultando na Cláusula Primeira a seguinte redacción:

“D^a. Alba María Concepción Colmeiro González, D^a. Carmen Colmeiro, D^a Elena Valverde Colmeiro, D^a. Alba Valverde Colmeiro e D. Jesús Valverde Colmeiro prestan gratuitamente ao Excmo. Concello de Vigo, coas condicións que se estipulan, o uso das obras pictóricas de MANUEL COLMEIRO GUIMARÁS relacionadas na Cláusula Segunda, condicións que estarán vixentes ata o día 17 de novembro de 2029; a inobservancia ou incumprimento das mesmas dará lugar ao exercizo da acción de revocación do comodato por parte dos comodantes revertindo a eles, ou aos seus habentes-causa, a plena posesión das obras”.

TERCEIRO. Modificar o contrato de comodato con compromiso de doazón aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión 19.10.2017 resultando na Cláusula Cuarta a seguinte redacción:

“O Excmo. Concello de Vigo obrígase a localizar de modo permanente e en exclusiva na segunda planta-sala Reconquista da Casa das Artes (rúa Policarpo Sanz, 15, Vigo) a totalidade da obra prestada e en todo caso todos os óleos cedidos mencionados e descritos no contrato de comodato e a súa addenda. O Concello de Vigo non destinará as obras pictóricas a uso distinto do sinalado; no suposto de que o espazo físico citado sexa insuficiente para os fins pretendidos o resto da obra localizarase e custodiara na sala de conservación do Museo de Arte Contemporáneo de Vigo ou en almacén semellante, dependente do Concello de Vigo, con condicións semellantes aos do Museo de Arte Contemporáneo de Vigo.

Porén contemplaranse rotacións no suposto de que no espazo citado non teña cabida física a totalidade da obra prestada. As partes consideran por sempre que tales inmoables reúnen os requisitos técnicos idóneos de conservación en canto a seguridade, humidade e ventilación. O Concello de Vigo non responderá dos deterioros que sobreveñan nas obras pictóricas polo seu so efecto de uso e sen que medie culpa sempre que para iso teña posto a dilixencia debida.

O traslado parcial ou total da obra, cando sexa consecuencia da cesión temporal a outros museos ou institucións, requirirá autorización escrita da parte comodante.”



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 130 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

CUARTO. Modificar o contrato de comodato con compromiso de doazón aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión 19.10.2017 resultando na Cláusula Segunda a seguinte redacción na que constan, na relación de obras comodatas, as seguintes obras pictóricas:

ÓLEOS

REF.	TITULO	TÉCNICA	MEDIDAS	DATA	VALORACIÓN GALERÍA MON- TENEGRO
318	Autorretrato	Óleo sobre tela	46x38 cm	1937	5.000,00
69	Campesinos	Óleo sobre táboa	119x48 cm	1928	25.000,00
138	A morte	Óleo sobre táboa	128,5x78,5 cm	1928	25.000,00
137	Mineiros	Óleo sobre táboa	98x121 cm	1929	40.000,00
145	La siega	Óleo sobre lienzo	81x100 cm	1930	40.000,00
101	La huida	Óleo sobre lienzo	100x130 cm	1970-76	35.000,00
265	Labranza	Óleo sobre táboa	101x132 cm	1931	65.000,00
159	O soño	Óleo sobre táboa	66x82 cm	1933	27.000,00
121	Composición	Óleo sobre cartón	22x78 cm	1938	5.000,00
169	Tres gracias	Óleo sobre táboa	50x65 cm	1941	24.000,00
140	Mulleres e mar	Óleo sobre lienzo	80x100 cm	1947-50	30.000,00
92	Floreiros	Óleo sobre lienzo	61x50 cm	1953-60	18.000,00
80	Paisaxe con figura	Óleo sobre lienzo	60x74 cm	1949-50	27.000,00
160	Paixaxe de París	Óleo sobre táboa	27x35 cm	1950	10.000,00
4	O pan	Óleo sobre táboa	33x42 cm	1955-58	10.000,00
237	Rincón do estudio	Óleo sobre lienzo	100x65 cm	1959	40.000,00
97	Tres gracias	Óleo sobre táboa	65x81 cm	1968-70	27.000,00
290	El pintor y la modelo	Óleo sobre lienzo	81x100 cm	1974-76	27.000,00
3	Paisaje de Castilla	Óleo sobre táboa	36x56 cm	1952	12.000,00
323	La guerra	Óleo sobre lienzo	114x146 cm	1963-70	30.000,00
105	Panadeiras	Óleo sobre lienzo	131x181 cm	1960-62-64	72.000,00
157	A carta	Óleo sobre táboa	54 x 43,5 cm	1938	33.600,00
180	Dóctor Cáceres	Óleo sobre lienzo	73,5 x 60 cm	1949	27.000,00

QUINTO. Subscribir adenda o contrato de comodato con compromiso de doazón aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión 19.10.2017 incluíndo nova Cláusula coa seguinte redacción:

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 131 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

“As condicións establecidas no contrato de referencia non modificadas expresamente neste documento decláranse vixentes por ambas partes”.

SEXTO. Aprobar o documento de adenda o contrato de comodato segundo o modelo que consta no ANEXO a este acordo.

SÉTIMO. Derogar adenda ao contrato comodato con compromiso de doazón subscrito en data 17.11.2017. (expdte. 1433/110); aprobada pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria de data 12.03.21.

OITAVO. Notificar o presente acordo aos comodantes requiríndolles ao obxecto de que no prazo dos dous meses contados a partir do día seguinte no que reciban a súa notificación subscriban o documento formalizador da adenda ao contrato entendendo que o presente acordo queda sen efecto caso de non cumprirse as condicións mencionadas.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ADENDA AO CONTRATO DE COMODATO CON COMPROMISO DE OFERTA DE DOAZÓN FUTURA DE PEZAS ARTÍSTICAS DO LEGADO PICTÓRICO DE MANUEL COLMEIRO GUI-MARÁS

En xxxx a xx de xxxx de 2026

REUNIDOS

Dunha parte:

D^a. Alba Emilia Corral Colmeiro, maior de idade, con DNI nº xxxxx, domiciliada en Barcelona, rúa xxxxx; en nome e representación da súa nai, D^a. Alba María Concepción Colmeiro González

D. Moisés Acosta, maior de idade, con (*documento*) nº xxxxx, domiciliado en East Hanover, NJ, USA; en nome e representación da súa nai, D^a. Carmen Colmeiro, viúva de D. Albino Colmeiro González.

D^a. Elena Valverde Colmeiro, maior de idade, con DNI nº xxxxx, domiciliada en Madrid, rúa xxx-xx; causahabente de D^a Elena Colmeiro González; no seu propio nome e dereito.

D^a. Alba Valverde Colmeiro, maior de idade, con DNI nº xxxxx, domiciliada en Madrid, rúa xxxxx; causahabente de D^a Elena Colmeiro González; no seu propio nome e dereito.

D. Jesús Valverde Colmeiro maior de idade, con DNI nº xxxxx, domiciliado en Madrid, rúa xxxxx; causahabente de D^a Elena Colmeiro González; no seu propio nome e dereito.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 132 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

Da outra:

D^a. María Carmen Silva Rego, Concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade do Concello de Vigo; en virtude do decreto de Alcaldía do 19 e 28 de xuño de 2023 polo que se establece a estrutura da Administración do Concello de Vigo e se delegan as competencias 2023-2027, e do decreto da Alcaldía do 20 de xuño de 2023 de delegación xenérica de competencias en concelleiros das áreas de goberno e concelleiros delegados, e do decreto do 28 de xuño de 2024.

INTERVEÑEN

Os primeiros

D^a. Alba Emilia Corral Colmeiro, en nome e representación da súa nai, D^a. Alba María Concepción Colmeiro González

D. Moisés Acosta en nome e representación da súa nai, D^a. Carmen Colmeiro, viuda de D. Albino Colmeiro González.

D^a. Elena Valverde Colmeiro no seu propio nome e dereito.

D^a. Alba Valverde Colmeiro no seu propio nome e dereito.

D. Jesús Valverde Colmeiro no seu propio nome e dereito.

A segunda

D^a. María Carmen Silva Rego, en nome e representación do Concello de Vigo

Todas as partes fano en virtude da competencia que os seus respectivos cargos e/ou condicións lles confiren e, recoñecéndose poderes e facultades suficientes.

EXPOÑEN

I. En data do 19.10.2017 a Xunta de Goberno Local aprobou o contrato de comodato (contrato privado da Administración) con compromiso de doazón cos herdeiros de Manuel Colmeiro Guimarás, cuxo documento formalizador foi asinado en data do 17.11.2017.

II. En data do 14.01.2021 a Comisión Paritaria de Seguimento do contrato acordou regularizar os efectos de dito contrato, propoñendo ambas as partes a modificación do contrato subscrito no sentido de entender cumpridas as obrigas derivadas do mesmo e ampliar o seu prazo en dous anos, en concreto ata o día 17.11.2029; así mesmo, os herdeiros de Manuel Colmeiro Guimarás propuxeron ampliar a colección pictórica comodada relacionada na Cláusula Segunda con dúas obras máis (óleos), os denominados “A carta”, da época de París, e “Doctor Cáceres”, da época do exilio do artista.

III. En data do 12.03.2021 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou a modificación do contrato no sentido exposto, sen que puidese formalizarse polo falecemento de D^a Elena Colmeiro González en data do 25.02.2021 e polo falecemento de D. Albino Colmeiro González en data do 15.09.2023.

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 133 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

IV. En data do 24.09.2025, en reunión co Concelleiro delegado de Cultura, a parte comodante D^a Alba Corral Colmeiro a título persoal expresa a súa conformidade co impulso da presente adenda nos termos anteriores:

- a ampliación do prazo do contrato ata o 17.11.2029
- a ampliación da colección pictórica comodada cos mencionados óleos “A carta” e “Doctor Cáceres”.

E, a proposta do Concello de Vigo, que a exposición permanente dos óleos e a selección de debuxos da colección pase a facerse pola súa centralidade e condicións no segundo andar da Casa das Artes – Sala Reconquista; en lugar do terceiro andar da Pinacoteca Municipal Francisco Fernández del Riego, onde actualmente se expoñen.

É vontade de ambas as partes, na representación que ostentan, a formalización documental da adenda ao mencionado contrato, polo que a tal efecto recoñécense a capacidade legal necesaria e subscriben o presente documento de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. As partes consideran satisfeitas e cumpridas as súas respectivas obrigas derivadas do contrato subscrito en data 17.11.2017 correspondentes ás anualidades comprendidas entre 2017 e 2025, ambas incluídas, sen que por elas cabe interpoñer reclamación extraxudicial ou xudicial algunha.

SEGUNDA. A Cláusula Primeira do documento formalizador do contrato subscrito en data de 17.11.2017 modifícase na súa redacción no sentido seguinte:

“D^a Alba María Concepción Colmeiro González, D^a Carmen Colmeiro, D^a Elena Valverde Colmeiro, D^a Alba Valverde Colmeiro e D. Jesús Valverde Colmeiro prestan gratuitamente ao Excmo. Concello de Vigo, coas condicións que se estipulan, o uso das obras pictóricas de MANUEL COLMEIRO GUIMARÁS relacionadas na Cláusula Segunda, condicións que estarán vixentes ata o día 17 de novembro de 2029; a inobservancia ou incumprimento das mesmas dará lugar ao exercicio da acción de revogación do comodato por parte dos comodantes, revertendo a eles, ou aos seus habentes-causa, a plena posesión das obras.”

TERCEIRA. A Cláusula Cuarta do documento formalizador do contrato subscrito en data de 17.11.2017 modifícase na súa redacción no sentido seguinte:

“O Excmo. Concello de Vigo obrígase a localizar de modo permanente e en exclusiva no segundo andar – sala Reconquista da Casa das Artes (rúa Policarpo Sanz, 15, Vigo) a totalidade da obra prestada e, en todo caso, todos os óleos cedidos mencionados e descritos no contrato de comodato e na súa adenda. O Concello de Vigo non destinará as obras pictóricas a uso distinto do sinalado; no suposto de que o espazo físico citado sexa insuficiente para os fins pretendidos, o resto da obra localizarase e custodiarase na sala de conservación do Museo de Arte Contemporánea de Vigo ou nun almacén semellante, dependente do Concello de Vigo, con condicións semellantes ás do Museo de Arte Contemporánea de Vigo.”

Non obstante, contemplaranse rotacións no suposto de que no espazo citado non teña cabida física a totalidade da obra prestada. As partes consideran por sempre que tales inmobles reúnen os requisitos idóneos de conservación en canto a seguridade, humidade e ventilación. O Concello de Vigo non responderá dos deterioros que sobrevegan nas obras pictóricas polo seu só efecto de uso e sen que medie culpa, sempre que para iso se tivese posta a dilixencia debida.

O traslado parcial ou total da obra, cando sexa consecuencia da cesión temporal a outros museos ou institucións, requerirá autorización escrita da parte comodante.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 134 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

CUARTA. Como consecuencia da ampliación da colección pictórica comodada, a Cláusula Segunda do documento formalizador do contrato subscrito en data 17.11.2017 modifícase na súa redacción no sentido seguinte:

ÓLEOS

REF.	TITULO	TÉCNICA	MEDIDAS	DATA	VALORACIÓN GALLERÍA MONTENEGRO
318	Autorretrato	Óleo sobre tela	46x38 cm	1937	5.000,00
69	Campesinos	Óleo sobre táboa	119x48 cm	1928	25.000,00
138	A morte	Óleo sobre táboa	128,5x78,5 cm	1928	25.000,00
137	Mineiros	Óleo sobre táboa	98x121 cm	1929	40.000,00
145	La siega	Óleo sobre lenzo	81x100 cm	1930	40.000,00
101	La huida	Óleo sobre lenzo	100x130 cm	1970-76	35.000,00
265	Labranza	Óleo sobre táboa	101x132 cm	1931	65.000,00
159	O soño	Óleo sobre táboa	66x82 cm	1933	27.000,00
121	Composición	Óleo sobre cartón	22x78 cm	1938	5.000,00
169	Tres gracias	Óleo sobre táboa	50x65 cm	1941	24.000,00
140	Mulleres e mar	Óleo sobre lenzo	80x100 cm	1947-50	30.000,00
92	Floreiros	Óleo sobre lenzo	61x50 cm	1953-60	18.000,00
80	Paisaxe con figura	Óleo sobre lenzo	60x74 cm	1949-50	27.000,00
160	Paisaxe de París	Óleo sobre táboa	27x35 cm	1950	10.000,00
4	O pan	Óleo sobre táboa	33x42 cm	1955-58	10.000,00
237	Rincón do estudio	Óleo sobre lenzo	100x65 cm	1959	40.000,00
97	Tres gracias	Óleo sobre táboa	65x81 cm	1968-70	27.000,00
290	El pintor e la modelo	Óleo sobre lenzo	81x100 cm	1974-76	27.000,00
3	Paisaje de Castilla	Óleo sobre táboa	36x56 cm	1952	12.000,00
323	La guerra	Óleo sobre lenzo	114x146 cm	1963-70	30.000,00
105	Panadeiras	Óleo sobre lenzo	131x181 cm	1960-62-64	72.000,00

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 135 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

157	A carta	Óleo sobre táboa	54 x 43,5 cm	1938	33.600,00
180	Dóctor Cáceres	Óleo sobre lenzo	73,5 x 60 cm	1949	27.000,00

QUINTA. As condicións establecidas no contrato de referencia non modificadas expresamente neste documento decláranse vixentes por ambas as partes.

En proba de conformidade, as partes asinan o presente documento en sextuplicado exemplar no lugar e data indicados.

17(394).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS NO CONCURSO ORDINARIO DOS POSTOS DE TRABA- LLO CORRESPONDENTES AO SUBGRUPO A1 (ESCALA DE ADMINISTRA- CIÓN XERAL). EXPTE. 1982/1102.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 12/05/2026, asinado pola xefa do Servizo de Contratación-instrutora do expediente e conformado pola concelleira delegada de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira da Área de Gober- no, que di o seguinte:

En data 6 de febreiro de 2026 a Xunta de Goberno Local aprobou as bases reguladoras da convocatoria pública para a provisión, mediante concurso ordinario, dos postos de traballo correspondentes ao subgrupo A1 (escala da Administración xeral). No mesmo acto apro- bouse a convocatoria do procedemento para a provisión dos postos de traballo.

En data 13 de febreiro de 2026 publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 30 as bases que rexen a convocatoria.

En data 12 de marzo de 2026 publicouse no Diario Oficial de Galicia número 48 extracto da convocatoria.

En data 21 de marzo de 2026 publicouse no Boletín Oficial del Estado número 71 anuncio da convocatoria polo cal se procedeu á apertura do prazo de presentación de instancias.

En data 14 de abril de 2026 rematou o prazo de presentación de instancias durante o cal, segundo consta no expediente, presentáronse os seguintes aspirantes:

Nº	ASPIRANTE	NIF
1	Beatriz Domínguez Pereira	***2244**
2	Marcos Víturro Gómez	***9243**
3	Jose Carlos Vázquez Míguez	***9014**
4	María Isabel Fernández Gabriel	***5555**



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 136 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

De conformidade coa cláusula quinta das bases da convocatoria procede aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos. Tras a revisión das solicitudes e documentación presentadas, fórmulase a seguinte a **PROPOSTA**:

PRIMEIRO.- Aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos no procedemento de provisión dos postos de traballo correspondentes ao subgrupo A1 (escala da Administración xeral), mediante concurso ordinario.

ADMITIDOS

Nº	ASPIRANTE	NIF
1	Beatriz Domínguez Pereira	***2244**
2	Marcos Viturro Gómez	***9243**
3	Jose Carlos Vázquez Míguez	***9014**
4	María Isabel Fernández Gabriel	***5555**

EXCLUÍDOS

Ningún.

SEGUNDO.- Publicar este acordo no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(395).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE PERSOAL LABORAL FIXO, NA CATEGORÍA DE OFICIAIS DE INSTALACIÓNS DO IMD, QUENDA PROMOCIÓN INTERNA: OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2020-21-22. EXPTE. 48176/220.

Visto o informe de fiscalización do 06/05/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 06/05/2026, asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

I.- A convocatoria e bases específicas das ofertas de emprego público 2020-2021-2022 (2ª fase da convocatoria (BOPPO 179, de 13 de setembro de 2024 incluía dúas (2) prazas de Oficial instalacións IMD, pola quenda de promoción interna, en réxime laboral e equiparada ao subgrupo C2 de titulación.

II.- En sesión de data 28/11/2025, segundo consta en acta incorporada ao expediente, o órgano de selección designado para o proceso selectivo de dúas (2) prazas de Oficial instalacións IMD, pola quenda de promoción interna, acordou, por unanimidade, someter á consideración da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, a seguinte proposta:

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 137 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

“Nomear como persoal laboral, unha vez que achegue toda a documentación esixida nas bases, e con cargo a 2 prazas vacantes de oficial de instalacións IMD equiparadas ao subgrupo C2, e dotadas coas retribucións básicas correspondentes ao subgrupo C2 e as complementarias propias do posto de traballo ao que se adscribe a praza e incluídas no réxime de dedicación exclusiva pola quenda de promoción interna incluídas na Oferta de Emprego Público correspondentes aos anos 2020, 2021 e 2022, 2ª fase do Concello de Vigo, a seguinte aspirante que superou o proceso selectivo:

APELIDOS	NOME	DNI	Fase concurso	1º exercicio	2º exercicio	Total
VIÑAS HER- NANDEZ	S.	***5919**	6,175	8,000	8,500	22,675

...

III.- A publicación do anuncio foi realizada na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios en data 2/12/2025.

IV.- Consta informe de verificación administrativa segundo o cal a persoa proposta presentou en prazo a documentación necesaria segundo o previsto nas bases.

V.- Comprobada a aplicación de xestión de persoal, consta a existencia de prazas vacantes de Oficial instalacións-IMD (posto 615- oficial de instalacións deportivas)

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Réxime do persoal laboral; normativa de aplicación

-Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Artigo 91. “1. Las Corporaciones locales formarán públicamente su oferta de empleo, ajustándose a los criterios fijados en la normativa básica estatal.

2. La selección de todo el personal, sea funcionario o laboral, debe realizarse de acuerdo con la oferta de empleo público, mediante convocatoria pública y a través del sistema de concurso, oposición o concurso-oposición libre en los que se garanticen, en todo caso, los principios constitucionales de igualdad, mérito y capacidad, así como el de publicidad.

Artigo 103. “El personal laboral será seleccionado por la propia Corporación ateniéndose, en todo caso, a lo dispuesto en el artículo 91 y con el máximo respeto al principio de igualdad de oportunidades de cuantos reúnan los requisitos exigidos.

-Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei del Estatuto Básico do Empregado Público:

O seu artigo 7 establece que:

“El personal laboral al servicio de las Administraciones públicas se rige, además de por la legislación laboral y por las demás normas convencionalmente aplicables, por los preceptos de este Estatuto que así lo dispongan.

No obstante, en materia de permisos de nacimiento, adopción, del progenitor diferente de la madre biológica y lactancia, el personal laboral al servicio de las Administraciones públicas se regirá por lo previsto en el presente Estatuto, no siendo de aplicación a este personal, por tanto, las previsiones del texto refundido de la Ley del Estatuto de los Trabajadores sobre las suspensiones de los contratos de trabajo que, en su caso, corresponderían por los mismos supuestos de hecho.”



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 138 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

Á súa vez, o artigo 11 dispón que:

“1. Es personal laboral el que en virtud de contrato de trabajo formalizado por escrito, en cualquiera de las modalidades de contratación de personal previstas en la legislación laboral, presta servicios retribuidos por las Administraciones Públicas. En función de la duración del contrato éste podrá ser fijo, por tiempo indefinido o temporal.

2. Las leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo de este Estatuto establecerán los criterios para la determinación de los puestos de trabajo que pueden ser desempeñados por personal laboral, respetando en todo caso lo establecido en el artículo 9.2.

3. Los procedimientos de selección del personal laboral serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito y capacidad. En el caso del personal laboral temporal se registrá igualmente por el principio de celeridad, teniendo por finalidad atender razones expresamente justificadas de necesidad y urgencia.”

-Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

-Artigo 63. “La condición de personal laboral se adquiere por la firma del contrato de trabajo, previa acreditación de que se reúnen los requisitos y condiciones exigidos y, en su caso, de la superación del correspondiente proceso selectivo”.

-Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo.

No seu artigo 20, sobre a estrutura das retribucións do persoal municipal, establece que, en canto ao persoal laboral estableceranse en función da titulación de equiparación e serán as mesmas cas do persoal funcionario da súa categoría en antigüidade.

II.- Observacións respecto da xornada e horario.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura da área ou servizo de destino, consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos e do servizo aos intereses xerais, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor, debendo considerar as peculiaridades que na prestación do servizo se deriven en cada caso.

III.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo,

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 139 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

IV. - Órgano municipal competente.

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería-delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Resolución da Excm. Alcaldía de 26/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 7/11/2025

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Contratar como empregado/a público/a municipal en réxime laboral fixo, con cargo á praza vacante convocada de Oficial instalacións-IMD, pola quenda de promoción interna, equiparada ao subgrupo C2 de titulación, que figura incluída na Oferta de Emprego Público do ano 2020-2021-2022 a D^a **S. VIÑAS HERNANDEZ con DNI ***5919****, que foi proposta polo órgano de selección, por ser a aspirante que superou o proceso selectivo e acadou a maior puntuación.

De conformidade co previsto nas Bases Xerais da convocatoria, en particular na Base Décimo novena do apartado B) Persoal laboral, a presente contratación unicamente terá efectos coa formalización do contrato laboral fixo, que deberán asinar os aspirantes propostos no prazo dun mes contado a partir do día seguinte a da notificación do presente acordo.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo á persoa interesada, á Intervención Xeral Municipal, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

TERCEIRO.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/05/2026 09:41	Páxina 140 de 233
2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026	CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

19(396).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE SETE FUNCIONARIOS DE CARRERA, NA CATEGORÍA DE ADMINISTRATIVOS DE ADMINISTRACIÓN XERAL, QUENDA PROMOCIÓN INTERNA: OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2020-21-22. EXPTE. 48530/220.

Visto o informe de fiscalización do 06/05/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 06/05/2026, asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

I.- A convocatoria e bases específicas das ofertas de emprego público 2020, 2021, 2022 (2ª fase da convocatoria (BOPPO 13 de setembro de 2024, núm. 179) incluía sete (7) prazas de administrativo/a administración xeral reservadas para a quenda de promoción interna, das cales, dúas están reservadas a persoas con diversidade funcional.

II.- Segundo consta no expediente, o órgano de selección designado para o proceso selectivo referido acordou a seguinte:

“

PROPOSTA DE NOMEAMENTO

PROMOCIÓN INTERNA

APELLIDOS, NOME	DNI	Concurso-oposición			TOTAL
		Concurso	Oposición		
			1º ejercicio	2º ejercicio	
VILA RODRÍGUEZ, A.	***799**M	7,75	9,125	7,7	24,575
RODRÍGUEZ MIGUÉ-	***856**X	7,25	8,5	8,75	24,5
LEZ, S.					
FERNÁNDEZ GUIME-	***234**Q	6,975	8,125	8,375	24,475
RÁNS, M.					
COLLAZO SAAVE-	***639**N	7,5	8,25	6,6875	22,4375
DRA, M.C					
JORGE ÁLVAREZ, M.	***256**F	6,575	9	5,5	21,075

PROMOCIÓN INTERNA DIVERSIDADE FUNCIONAL

APELIDOS, NOME	DNI	Concurso-oposición			TOTAL
		Concurso	Oposición		
			1º ejercicio	2º ejercicio	
ÁLVAREZ CANELLA,***325**M I.M.		7,675	8,625	6,3875	22,6875
IGLESIAS BLAS, R.	***536**B	8	8,75	5,4	22,15
”					

S.ord. 15/05/2026



III.- A publicación do anuncio foi realizada na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios en data 3/03/2026.

IV.- Consta dilixencia da tramitación realizada, segundo a cal as persoas propostas, presentaron en prazo a documentación necesaria segundo o previsto nas bases.

V.- Revisados os datos na aplicación de Ginpix7, salvo erro ou omisión, constan en data actual as seguintes vacantes (non ocupadas interinamente) do posto 105- ADMINISTRATIVO

codi_ofi1	desc_ofi1	Situación
14	MUSEOS	V
17	UNID. APOIO CONS. CASCO VELLO	V
101	GABINETE ALCALDIA	V
120	UNIDADE APOIO AO ORSII	O (PT)
233	ARQUIVO XERAL	V
328	AREA DE CULTURA	V
342	ADMINISTRACION XERAL DE EDUCACION	V
413	PATRIMONIO HISTORICO	V
446	MONTES PARQUES E XARDINS	V
611	SERVIZO MUNICIPAL DEPORTES	V

V: vacante

O (PT): ocupado en provisión temporal

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- Normativa de aplicación.- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 142 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que “el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

“FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que: “.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios de carreira en atención ao marco normativo vixente.

O artigo 9 do citado TREBEP contempla expresamente que “son funcionarios de carrera quienes, en virtud de nombramiento legal, están vinculados a una Administración Pública por una relación estatutaria regulada por el Derecho Administrativo para el desempeño de servicios profesionales retribuidos de carácter permanente”, estableciendo que “en todo caso, el ejercicio de las funciones que impliquen la participación directa o indirecta en el ejercicio de las potestades públicas o en la salvaguardia de los intereses generales del Estado y de las Administraciones Públicas corresponden exclusivamente a los funcionarios públicos, en los términos que en la ley de desarrollo de cada Administración Pública se establezca.”

Respecto da adquisición de tal condición, é no artigo 62 da mesma norma onde se contempla que:

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 143 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

“1. La condición de funcionario de carrera se adquiere por el cumplimiento sucesivo de los siguientes requisitos:

a) Superación del proceso selectivo.

b) Nombramiento por el órgano o autoridad competente, que será publicado en el Diario Oficial correspondiente.

c) Acto de acatamiento de la Constitución y, en su caso, del Estatuto de Autonomía correspondiente y del resto del Ordenamiento Jurídico.

d) Toma de posesión dentro del plazo que se establezca.

2. A efectos de lo dispuesto en el apartado 1.b) anterior, no podrán ser funcionarios y quedarán sin efecto las actuaciones relativas a quienes no acrediten, una vez superado el proceso selectivo, que reúnen los requisitos y condiciones exigidos en la convocatoria.” -A promoción interna é unha das manifestacións do dereito á carreira profesional dos empregados públicos recoñecido no artigo 14 c) do citado TREBEP, e desenvolvida nos artigos 16 e seguintes do mesmo texto legal.

O artigo 18 dispón que a promoción interna realizárase mediante os procesos selectivos que garanten o cumprimento dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade así como os contemplados no 55.2 do mesmo Estatuto. Igualmente, a Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, regula a carreira profesional e a promoción interna do persoal funcionario no Capítulo II do seu Título VI.

Os prazos establecidos para a toma de posesión contéplase expresamente nas bases xerais reitoras dos procesos selectivos para a provisión das prazas incluídas na Oferta de Emprego Público 2020, 2021, 2022, dispoñibles para pública consulta na web municipal www.vigo.org e nos diarios e boletíns oficiais de publicación.

Neste caso procede o nomeamento como funcionarios/as de carreira, (7) sete administrativos/as admón. xeral, pola quenda de promoción interna, dúas (2) reservadas a persoas con diversidade funcional, con cargo ás prazas vacantes, enmarcada no grupo C, subgrupo C1; Escala administración Xeral, Subescala administrativa; incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2020 – 2021 - 2022, fase 2ª de Concello de Vigo, segundo consta na proposta do órgano de selección referida no punto II dos antecedentes de este informe:

“PROPOSTA DE NOMEAMENTO

PROMOCIÓN INTERNA

APELLIDOS, NOME	DNI	Concurso-oposición			
		Concurso	Oposición		TOTAL
			1º ejercicio	2º ejercicio	
VILA RODRÍGUEZ, A.	***799**M	7,75	9,125	7,7	24,575
RODRÍGUEZ MIGUÉ-	***856**X	7,25	8,5	8,75	24,5
LEZ, S.					
FERNÁNDEZ GUIME-	***234**Q	6,975	8,125	8,375	24,475
RÁNS, M.					
COLLAZO SAAVEDRA,	***639**N	7,5	8,25	6,6875	22,4375
M.C					
JORGE ÁLVAREZ, M.	***256**F	6,575	9	5,5	21,075



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 144 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

PROMOCIÓN INTERNA DIVERSIDADE FUNCIONAL

APELIDOS, NOME	DNI	Concurso-oposición			
		Concurso	Oposición		TOTAL
			1º ejercicio	2º ejercicio	
ÁLVAREZ CANELLA,***325**M I.M.		7,675	8,625	6,3875	22,6875
IGLESIAS BLAS, R. ”	***536**B	8	8,75	5,4	22,15

III.- Observacións respecto da xornada e horario.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura da área ou servizo de destino, consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos e do servizo aos intereses xerais, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor, debendo considerar as peculiaridades que na prestación do servizo se deriven en cada caso.

IV.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais;

V. - Órgano municipal competente:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería-delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Resolucións da Excm. Alcaldía de e acordo da Xunta de Goberno Local de data 7/11/2025

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO.- Nomear como persoal funcionario de carreira, con cargo ás (7) sete prazas vacantes ofertadas na Oferta de Emprego Público 2020-2021-2022, 2ª fase (BOPPO 13 de setembro de 2024, núm. 179) de administrativo/a administración xeral, quenda promoción interna, en-

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/05/2026 09:41	Páxina 145 de 233
2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026	CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

marcadas no Grupo C de titulación, Subgrupo C1; Escala Administración Xeral, Subescala Administrativa; a:

PROMOCIÓN INTERNA

APELIDOS E NOME	DNI	TOTAL
VILA RODRÍGUEZ, A.	***799**M	24,575
RODRÍGUEZ MIGUÉLEZ, S.	***856**X	24,5
FERNÁNDEZ GUIMERÁNS, M.	***234**Q	24,475
COLLAZO SAAVEDRA, M.C	***639**N	22,4375
JORGE ÁLVAREZ, M.	***256**F	21,075

PROMOCIÓN INTERNA DIVERSIDADE FUNCIONAL

APELIDOS E NOME	DNI	TOTAL
ÁLVAREZ CANELLA, I.M.	***325**M	22,6875
IGLESIAS BLAS, R.	***536**B	22,15

SEGUNDO.- Dispoñer que as persoas nomeadas deberán tomar posesión como funcionarias de carreira nas devanditas prazas no prazo de 1 mes contado a partir da publicación do nomeamento no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co previsto nas bases xerais reitoras da convocatoria.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ás persoas interesadas, á Intervención Xeral Municipal, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e a Xunta de Persoal, aos efectos oportunos.

CUARTO.- Informar que contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 146 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

20(397).- RESOLUCIÓN DE DOUS RECURSOS DE ALZADA INTERPOSTOS NO PROCESO SELECTIVO DE DIPLOMADO/A EN TRABALLO SOCIAL CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO OEP 2020-2021-2022. EXPTE. 46504/220.

A) RECURSO DE ALZADA INTERPOSTO POR D. DIEGO FERNÁNDEZ BERNÁNDEZ.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 08/05/2026, asinado pola secretaria suplente do órgano de selección do proceso selectivo de diplomado/a en Traballo Social referido, conformado pola concelleira delegada de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES.-

1.- Finalizadas todas as probas do proceso selectivo de Diplomado/a en Traballo Social correspondente á Oferta de Emprego Público OEP 2020-2021-2022 (2ª FASE), o Órgano de selección, en sesión de data 19/02/26, estableceu as puntuacións finais resultantes dos/as aspirantes, e á vista dos resultados finais e ao abeiro das Bases reitoras do proceso selectivo, someteu á consideración da Xunta de Goberno Local as seguintes propostas: proposta de nomeamento como funcionarios/as de carreira con cargo ás prazas vacantes de Diplomado/a en Traballo Social incluídas na Oferta de Emprego Público OEP 2020-2021-2022 (2ª FASE) ás persoas aspirantes que superaron todas as probas e obtiveron as cualificacións mais altas de todas as presentadas; a proposta de declaración de deserta da praza vacante reservada para persoas con diversidade funcional, por non superar ningunha das presentadas o proceso selectivo e por último a proposta de lista de substitucións de conformidade co disposto nas Bases.

O anuncio foi publicado para xeral coñecemento na web municipal e no taboleiro de anuncios e edictos do Concello de Vigo en data 24/02/26.

2.- Contra o acordo do Órgano de selección, consta interposto en tempo e forma recurso de alzada polo aspirante Diego Fernández Bernández, (doc.260053022), alegándose en síntese a ampliación da listaxe de substitución sobre as prazas de diplomado/a en traballo social (quenda libre e de diversidade funcional) da oferta de emprego público 2020-2021- 2022 (2ª fase) a todas as persoas que teñan superado algún dos exercicios de ditos procesos selectivos, nos termos e condicións da orde de prelación establecida no punto III dos criterios de xestión de listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria de 29 de agosto de 2025 (BOPPO nº 179 do 19/09/25).

3.- En base aos antecedentes expostos, e en estrito cumprimento aos principios reitores establecidos no artigo 55 TREBEP e á independencia dos órganos de selección prevista no referido precepto, solicítase informe á Área de Recursos Humanos e Formación.

4.- Consta dilixencia de contestación da Área de Recursos Humanos e Formación de data 16/03/26.

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 147 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Admisibilidade do recurso.

O recurso foi presentado en tempo e forma en data 04/03/26 polo aspirante Diego Fernández Bernárdez (doc. 260053022), de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, 1 outubro de procedemento administrativo común (LPAC) por persoa lexitimada, por canto o recorrente participou no proceso selectivo de Diplomado/a en Traballo Social correspondente á Oferta de Emprego Público OEP 2020-2021-2022 (2ª Fase). Consta presentado no prazo establecido no referido artigo 122 LPAC contra acto de trámite que non pon fin a vía administrativa, polo que base ao exposto procede admitir o recurso de alzada presentado en tempo e forma.

2.- Alegacións presentadas polo interesado.-

-O recurso de alzada interposto contra o acordo do Órgano de selección pola persoa interesada, solicita en síntese a ampliación da listaxe de substitución sobre as prazas de diplomado/a en traballo social (quenda libre e de diversidade funcional) da oferta de emprego público 2020-2021- 2022 (2ª fase) a todas as persoas que teñan superado algún dos exercicios de ditos procesos selectivos, nos termos e condicións da orde de prelación establecida no punto III dos criterios de xestión de listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria de 29 de agosto de 2025 (BOPPO nº 179 do 19/09/25).

-Valoración das alegacións presentadas. Carácter vinculante da convocatoria e as súas bases. Vinculación da Administración pública convocante, dos órganos de selección e das persoas que participan no proceso selectivo.

A lista de substitucións proposta formouse de conformidade co establecido nas Bases Xerais (BOPPO nº 107 de 03/06/2025) e en base ao seu carácter vinculante. Así, se establece o seguinte nas Disposicións comúns das Bases xerais: “As persoas aspirantes que, non tendo superado o proceso selectivo, aprobasen todas as probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos ou escalas, formarán parte dunha lista de substitucións para os efectos de poder seren nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral respectivamente, nos termos do establecido nos criterios de xestión da listas de reserva do Concello de Vigo vixentes, e normativa de concordante aplicación”.

O artigo 58 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia establece no seu apartado 4 que: *“Las convocatorias y sus bases se publicarán en el diario oficial correspondiente y vinculan a la Administración pública convocante, a los órganos de selección y a las personas que participan en el proceso selectivo”*.

No mesmo senso o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o “Reglamento General de Ingreso del Personal al servicio de la Administración general del Estado y de Provisión de Puestos de Trabajo y Promoción Profesional de los Funcionarios Civiles de la Administración general del Estado”, no seu artigo 15. 4: *Las bases de las convocatorias vinculan a la Administración y a los Tribunales o Comisiones Permanentes de Selección que han de juzgar las pruebas selectivas y a quienes participen en las mismas”*



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 148 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

Igualmente prevé no seu apartado 5. “Las convocatorias o sus bases, una vez publicadas, solamente podrán ser modificadas con sujeción estricta a las normas de la [Ley de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas](#) y del Procedimiento Administrativo Común”.

Resulta preciso incorporar á presente proposta as referencias á constante xurisprudencia en relación ao carácter vinculante das bases; así reproducimos o Fundamento de Dereito Quinto da **Sentenza do Tribunal Supremo de 8 de xullo de 2020 (rec. 135/2019)**, que realiza as seguintes consideracións: “QUINTO.- Unas consideraciones iniciales sobre el carácter vinculante de las convocatorias para el acceso a funciones públicas.

Ese carácter vinculante es una reiterada afirmación de la jurisprudencia de esta Sala Tercera del Tribunal Supremo, que la viene subrayando especialmente cuando califica a las convocatorias de verdadera ley del concurso, por ser obligatoria tanto para la Administración convocante como para cuantas personas participan en ellas.

Lo cual ha sido justificado mediante la invocación de la necesidad de dar observancia a los principios de confianza legítima y de igualdad; pues, de no ser respetada esa ley del concurso en la decisión final de la convocatoria, uno y otro principio resultarían vulnerados para todos aquellos que no participaron en la convocatoria desde la legítima y razonable creencia de que carecían de toda expectativa de acceder a las plazas convocadas si éstas resultaban adjudicadas según una recta aplicación de las reglas o bases establecidas en dicha convocatoria.

Se ha reiterado también que esa vinculación impide la posterior impugnación de las reglas o bases de la convocatoria por parte de quienes, habiéndolas consentido, hayan participado en el correspondiente proceso selectivo; con la excepción de que esas reglas o bases constituyan causa de nulidad de pleno derecho o vulneración de un derecho fundamental.

Y debe ser completado lo anterior con esta otra precisión: que la individualización que la Administración efectúe en esas reglas o bases de la convocatoria, de los requisitos genéricamente establecidos para el acceso en el ordenamiento jurídico, merecerán ser respetados cuando no incurran en la constitucional interdicción de la arbitrariedad.”

Igualmente a sentenza do TS núm.635/2021, ditada no rec. Casación 150/2020 fundamenta:

“El principio de que las bases de la convocatoria de un proceso selectivo son la ley de la convocatoria y vinculan tanto a los participantes como a la Administración no es una simple “metáfora”, como dice la Abogacía del Estado. Antes bien, se trata de un principio declarado en constante jurisprudencia de esta Sala del Tribunal Supremo, como manifestación del principio de seguridad jurídica y sometimiento de la Administración al principio de legalidad (art. 9.3 y 106.1 Constitución española y art. 3.1 Ley 40/2015, de 1 de octubre, de régimen jurídico de las Administraciones Públicas) y garantía del respeto a los principios de igualdad, mérito y capacidad (art. 23.2 CE y 55.1 del Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público, EBEP) al que también contribuye el principio de publicidad de las convocatorias y sus bases (art. 55.2.a del EBEP). Así lo hemos afirmado en jurisprudencia reiterada, de la que cabe citar la sentencia de 17 de julio de 2006 (rec. cas. Núm. 5382/2000), que anula la sentencia recurrida y la resolución administrativa objeto de la misma al constatar que se “[...] ha incumplido en este punto las bases de la convocatoria y las normas en las que se apoyan y la doctrina jurisprudencial para la que esas bases constituyen la Ley del concurso y vinculan a la Administración y a los particulares [...]” (FJ 9); nuestra sentencia de 25 de octubre de 2016 (rec. cas. núm. 4034/2014), al proclamar que “[...] las bases no impugnadas del proceso selectivo vinculan a los aspirantes y a la Administración, regla establecida con carácter

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 149 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

general por el artículo 15 del Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, por el que se aprueba el Reglamento General de Ingreso del Personal al servicio de la Administración general del Estado y de Provisión de Puestos de Trabajo y Promoción Profesional de los Funcionarios Civiles de la Administración General del Estado" (FJ 6). Y lo hemos reiterado, más recientemente, en la sentencia de 15 de noviembre de 2019 (rec. cas. núm. 2810/2017), al afirmar la necesidad de buscar en los elementos de las propias bases, y no en acuerdos o circunstancias posteriores, la solución necesaria "[...]cuando las bases de la convocatoria guarden silencio [...]" sobre determinados aspectos relevantes del proceso (FJ 9). Por consiguiente, no existe duda alguna de que aquello que está expresamente previsto en la convocatoria, como una facultad, más aún, como un derecho, debe ser respetado.(...)"

Pode concluírse que as Bases, tal e como vén exposto de conformidade co seu tenor literal gozan de carácter vinculante sen que foran modificadas segundo os termos establecidos no artigo 15.5 Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.

- Interpretación das bases polos órganos de selección. Límites.

Alégase polo aspirante que “a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 29 de agosto de 2025, revisou e aprobou os criterios de xestións das listas de reserva do Concello de Vigo (expediente 45860/220) en vigor na data actual e deixa sen efecto a totalidade de acordos municipais anteriores aprobados na materia. Neste novo documento establécese que as listas de reserva do Concello de Vigo estarán integradas, ademais de polo conxunto de persoas que teñan superado, sen dereito a obter praza, os exercicios integrantes dos procesos selectivos executados para a provisión das prazas, polas persoas que teñan superado algún dos exercicios de ditos procesos selectivos, nos termos e condicións da orde de prelación establecida no punto III presentes criterios”.

Se ben os órganos de selección gozan de facultades de interpretación xurisprudencialmente recoñecidas, estas deben ser exercidas dentro dos límites da convocatoria e as súas bases. Os tribunais en base ao establecido no artigo 60 TREBEP e artigo 59.5 LEPG actúan con plena autonomía no exercicio da súa discrecionalidade técnica e os seus membros son persoalmente responsables da transparencia e obxectividade do procedemento, da confidencialidade das probas e do estrito cumprimento das bases da convocatoria e dos prazos establecidos para o desenvolvemento do proceso selectivo”.

Unha interpretación por parte do órgano de selección duns criterios aprobados con posterioridade á convocatoria e bases da que trae causa este proceso selectivo, excedería o ámbito da discrecionalidade técnica do órgano de selección realizando unha interpretación allea ao presente procedemento, tanto mais atendendo ao tenor literal das bases e sen que se considere que existe unha laguna nas mesmas que sexa preciso colmar mediante a interpretación do tribunal ou aplicación de regras de interpretación. A aplicación destes límites non minora a autonomía ou liberdade de criterio do órgano de selección que non goza doutra vinculación que as bases da convocatoria.

En base aos fundamentos xurídicos que anteceden as alegacións vertidas non poden ser admitidas.

III.- Órgano competente.-

O órgano competente para resolver o recurso de alzada é a Xunta de Goberno Local conforme ao disposto no artigo 121 da LPAC en relación co artigo 127 .1.h) da LRBRL., polo



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 150 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

que á vista dos antecedentes e fundamentos xurídicos expostos, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Desestimar de conformidade cos fundamentos xurídicos expostos, o recurso de alzada interposto por D. Diego Fernández Bernárdez contra o acordo do órgano de selección de data 19/02/26, confirmando integramente o acordo recorrido.

SEGUNDO.- Notificar ás persoas interesadas a presente resolución, que pon fin a vía administrativa con indicación de que contra ela, cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sección do Contencioso Administrativo do Tribunal de Instancia de Vigo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación desta resolución, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

B) RECURSO DE ALZADA INTERPOSTO POR D^a LUCÍA PENAS MORALES.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 08/05/2026, asinado pola secretaria suplente do órgano de selección do proceso selectivo de diplomado/a en Traballo Social referido, conformado pola concelleira delegada de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES.-

1.- Finalizadas todas as probas do proceso selectivo de Diplomado/a en Traballo Social correspondente á Oferta de Emprego Público OEP 2020-2021-2022 (2^a FASE), o Órgano de selección, en sesión de data 19/02/26, estableceu as puntuacións finais resultantes dos/as aspirantes, e á vista dos resultados finais e ao abeiro das Bases reitoras do proceso selectivo, someteu á consideración da Xunta de Goberno Local as seguintes propostas: proposta de nomeamento como funcionarios/as de carreira con cargo ás prazas vacantes de Diplomado/a en Traballo Social incluídas na Oferta de Emprego Público OEP 2020-2021-2022 (2^a FASE) ás persoas aspirantes que superaron todas as probas e obtiveron as cualificacións mais altas de todas as presentadas; a proposta de declaración de deserta da praza vacante reservada para persoas con diversidade funcional, por non superar ningunha das presentadas o proceso selectivo e por último a proposta de lista de substitucións de conformidade co disposto nas Bases.

O anuncio foi publicado para xeral coñecemento na web municipal e no taboleiro de anuncios e edictos do Concello de Vigo en data 24/02/26.

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 151 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

2.- Contra o acordo do Órgano de selección, consta interposto en tempo e forma recurso de alzada pola aspirante Lucía Penas Morales, (doc. 260068308), alegándose en síntese a aplicación, nos termos e condicións da orde de prelación establecida no punto III dos criterios de xestión de listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria de 29 de agosto de 2025 (BOPPO nº 179 do 19/09/25) en relación á formación da listaxe de substitución sobre as prazas de diplomado/a en traballo social (quenda libre e de diversidade funcional) da oferta de emprego público 2020-2021- 2022 (2ª fase) a todas as persoas que teñan superado algún dos exercicios de ditos procesos selectivos, por ser anteriores ao acordo recorrido.

3.- En base aos antecedentes expostos, e en estrito cumprimento aos principios reitores establecidos no artigo 55 TREBEP e á independencia dos órganos de selección prevista no referido precepto, solicítase informe á Área de Recursos Humanos e Formación.

4.- Consta dilixencia de contestación da Área de Recursos Humanos e Formación de data 16/03/26.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Admisibilidade do recurso.

Consta presentado escrito pola aspirante Lucía Penas Morales (doc. 260068308), que debe ser admitido de conformidade co establecido no artigo 115.2 LPAC o cal establece no seu apartado 2 que *"El error o la ausencia de la calificación del recurso por parte del recurrente no será obstáculo para su tramitación, siempre que se deduzca su verdadero carácter."*

En consecuencia, recurso foi presentado en tempo e forma en data 24/03/26 pola aspirante Lucía Penas Morales (doc. 260068308), de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, 1 outubro de procedemento administrativo común (LPAC) por persoa lexitimada, por canto o recorrente participou no proceso selectivo de Diplomado/a en Traballo Social correspondente á Oferta de Emprego Público OEP 2020-2021-2022 (2ª Fase). Consta presentado no prazo establecido no referido artigo 122 LPAC contra acto de trámite que non pon fin a vía administrativa, polo que base ao exposto procede admitir o recurso de alzada presentado en tempo e forma.

2.- Alegacións presentadas pola interesada.-

-O recurso de alzada interposto contra o acordo do Órgano de selección pola persoa interesada, solicita en síntese a aplicación, nos termos e condicións da orde de prelación establecida no punto III dos criterios de xestión de listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria de 29 de agosto de 2025 (BOPPO nº 179 do 19/09/25) en relación á formación da listaxe de substitución sobre as prazas de diplomado/a en traballo social (quenda libre e de diversidade funcional) da oferta de emprego público 2020-2021- 2022 (2ª fase) a todas as persoas que teñan superado algún dos exercicios de ditos procesos selectivos, por ser anteriores ao acordo recorrido.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 152 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

-Valoración das alegacións presentadas. Carácter vinculante da convocatoria e as súas bases. Vinculación da Administración pública convocante, dos órganos de selección e das persoas que participan no proceso selectivo.

A lista de substitucións proposta formouse de conformidade co establecido nas Bases Xerais (BOPPO nº 107 de 03/06/2025) e en base ao seu carácter vinculante. Así, se establece o seguinte nas Disposicións comúns das Bases xerais: “As persoas aspirantes que, non tendo superado o proceso selectivo, aprobasen todas as probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos ou escalas, formarán parte dunha lista de substitucións para os efectos de poder seren nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral respectivamente, nos termos do establecido nos criterios de xestión da listas de reserva do Concello de Vigo vixentes, e normativa de concordante aplicación”.

O artigo 58 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia establece no seu apartado 4 que: *“Las convocatorias y sus bases se publicarán en el diario oficial correspondiente y vinculan a la Administración pública convocante, a los órganos de selección y a las personas que participan en el proceso selectivo”.*

No mesmo senso o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o “Reglamento General de Ingreso del Personal al servicio de la Administración general del Estado y de Provisión de Puestos de Trabajo y Promoción Profesional de los Funcionarios Civiles de la Administración general del Estado”, no seu artigo 15. 4: *Las bases de las convocatorias vinculan a la Administración y a los Tribunales o Comisiones Permanentes de Selección que han de juzgar las pruebas selectivas y a quienes participen en las mismas”*

Igualmente prevé no seu apartado 5. *“Las convocatorias o sus bases, una vez publicadas, solamente podrán ser modificadas con sujeción estricta a las normas de la Ley de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común”.*

Resulta preciso incorporar á presente proposta as referencias á constante xurisprudencia en relación ao carácter vinculante das bases; así reproducimos o Fundamento de Dereito Quinto da **Sentenza do Tribunal Supremo de 8 de xullo de 2020 (rec. 135/2019)**, que realiza as seguintes consideracións: “QUINTO.- Unas consideraciones iniciales sobre el carácter vinculante de las convocatorias para el acceso a funciones públicas.

Ese carácter vinculante es una reiterada afirmación de la jurisprudencia de esta Sala Tercera del Tribunal Supremo, que la viene subrayando especialmente cuando califica a las convocatorias de verdadera ley del concurso, por ser obligatoria tanto para la Administración convocante como para cuantas personas participan en ellas.

Lo cual ha sido justificado mediante la invocación de la necesidad de dar observancia a los principios de confianza legítima y de igualdad; pues, de no ser respetada esa ley del concurso en la decisión final de la convocatoria, uno y otro principio resultarían vulnerados para todos aquellos que no participaron en la convocatoria desde la legítima y razonable creencia de que carecían de toda expectativa de acceder a las plazas convocadas si éstas resultaban adjudicadas según una recta aplicación de las reglas o bases establecidas en dicha convocatoria.

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/05/2026 09:41	Páxina 153 de 233
2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026	CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Se ha reiterado también que esa vinculación impide la posterior impugnación de las reglas o bases de la convocatoria por parte de quienes, habiéndolas consentido, hayan participado en el correspondiente proceso selectivo; con la excepción de que esas reglas o bases constituyan causa de nulidad de pleno derecho o vulneración de un derecho fundamental.

Y debe ser completado lo anterior con esta otra precisión: que la individualización que la Administración efectúe en esas reglas o bases de la convocatoria, de los requisitos genéricamente establecidos para el acceso en el ordenamiento jurídico, merecerán ser respetados cuando no incurran en la constitucional interdicción de la arbitrariedad."

Igualmente a sentença do TS núm.635/2021, ditada no rec. Casación 150/2020 fundamenta:

"El principio de que las bases de la convocatoria de un proceso selectivo son la ley de la convocatoria y vinculan tanto a los participantes como a la Administración no es una simple "metáfora", como dice la Abogacía del Estado. Antes bien, se trata de un principio declarado en constante jurisprudencia de esta Sala del Tribunal Supremo, como manifestación del principio de seguridad jurídica y sometimiento de la Administración al principio de legalidad (art. 9.3 y 106.1 Constitución española y art. 3.1 Ley 40/2015, de 1 de octubre, de régimen jurídico de las Administraciones Públicas) y garantía del respeto a los principios de igualdad, mérito y capacidad (art. 23.2 CE y 55.1 del Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público, EBEP) al que también contribuye el principio de publicidad de las convocatorias y sus bases (art. 55.2.a del EBEP). Así lo hemos afirmado en jurisprudencia reiterada, de la que cabe citar la sentencia de 17 de julio de 2006 (rec. cas. Núm. 5382/2000), que anula la sentencia recurrida y la resolución administrativa objeto de la misma al constatar que se "[...] ha incumplido en este punto las bases de la convocatoria y las normas en las que se apoyan y la doctrina jurisprudencial para la que esas bases constituyen la Ley del concurso y vinculan a la Administración y a los particulares [...]" (FJ 9); nuestra sentencia de 25 de octubre de 2016 (rec. cas. núm. 4034/2014), al proclamar que "[...] las bases no impugnadas del proceso selectivo vinculan a los aspirantes y a la Administración, regla establecida con carácter general por el artículo 15 del Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, por el que se aprueba el Reglamento General de Ingreso del Personal al servicio de la Administración general del Estado y de Provisión de Puestos de Trabajo y Promoción Profesional de los Funcionarios Civiles de la Administración General del Estado" (FJ 6). Y lo hemos reiterado, más recientemente, en la sentencia de 15 de noviembre de 2019 (rec. cas. núm. 2810/2017), al afirmar la necesidad de buscar en los elementos de las propias bases, y no en acuerdos o circunstancias posteriores, la solución necesaria "[...] cuando las bases de la convocatoria guarden silencio [...]" sobre determinados aspectos relevantes del proceso (FJ 9). Por consiguiente, no existe duda alguna de que aquello que está expresamente previsto en la convocatoria, como una facultad, más aún, como un derecho, debe ser respetado. (...)"

Pode concluírse que as Bases, tal e como vén exposto de conformidade co seu tenor literal gozan de carácter vinculante sen que foran modificadas segundo os termos establecidos no artigo 15.5 Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 154 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

- Interpretación das bases polos órganos de selección. Límites.

Se ben os órganos de selección gozan de facultades de interpretación xurisprudencialmente recoñecidas, estas deben ser exercidas dentro dos límites da convocatoria e as súas bases. Os tribunais en base ao establecido no artigo 60 TREBEP e artigo 59.5 LEPG actúan con plena autonomía no exercicio da súa discrecionalidade técnica e os seus membros son persoalmente responsables da transparencia e obxectividade do procedemento, da confidencialidade das probas e do estrito cumprimento das bases da convocatoria e dos prazos establecidos para o desenvolvemento do proceso selectivo.

Unha interpretación por parte do órgano de selección duns criterios aprobados con posterioridade á convocatoria e bases das que trae causa este proceso selectivo, excedería o ámbito da discrecionalidade técnica do órgano de selección realizando unha interpretación allea ao presente procedemento, tanto mais atendendo ao tenor literal das bases e sen que se considere que existe unha laguna nas mesmas que sexa preciso colmar mediante a interpretación do tribunal ou aplicación de regras de interpretación. A aplicación destes límites non minora a autonomía ou liberdade de criterio do órgano de selección que non goza doutra vinculación que as bases da convocatoria.

En base aos fundamentos xurídicos que anteceden as alegacións vertidas non poden ser admitidas.

III.- Órgano competente.-

O órgano competente para resolver o recurso de alzada é a Xunta de Goberno Local conforme ao disposto no artigo 121 da LPAC en relación co artigo 127 .1.h) da LRBRL, polo que á vista dos antecedentes e fundamentos xurídicos expostos, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Desestimar en base aos fundamentos xurídicos expostos o recurso de alzada interposto por d^a Lucía Penas Morales contra o acordo do órgano de selección de data 19/02/26, confirmando integramente o acordo recorrido.

SEGUNDO.- Notificar ás persoas interesadas a presente resolución, que pon fin a vía administrativa con indicación de que contra ela, cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sección do Contencioso Administrativo do Tribunal de Instancia de Vigo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación desta resolución, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 155 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

21(398).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á “ASOCIACIÓN CULTURAL ABELLA PRODUCCIONS” PARA O DESENVOLVEMENTO DO “GALICIAN FREAKY FILM FESTIVAL 2026”. EXPTE. 6632/330.

Visto o informe xurídico do 21/04/2026 e o informe de fiscalización do 08/05/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 17/04/2026, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e conformado polo concelleiro-delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data de entrada na sede electrónica municipal o 13 de abril do 2026, a “Asociación Cultural Abella Produccións” presenta escrito de solicitude de subvención para o financiamento do “GALICIAN FREAKY FILM FESTIVAL 2026”; por este motivo por parte desta xefatura se inicia a tramitación do expediente de subvención polo importe de 6.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.22

ANTECEDENTES

A entidade “**ASOCIACIÓN CULTURAL ABELLA PRODUCCIONS**” é unha asociación sen ánimo de lucro que organiza dende o ano 2017 o “GALICIAN FREAKY FILM FESTIVAL”, evento de cinema e cultura freak definitivo. Un festival que amosa unha coidada selección nacional e internacional de pezas audiovisuais que adoitan verse privadas das canles habituais de distribución. Pezas moitas veces inéditas en Galicia, así como grandes estreos mundiais, internacionais e nacionais. O audiovisual galego atópase nun período de madurez creativa e moitas das producións dos últimos anos son filmes dunha grandísima calidade que aínda non gozaron dunha distribución idónea. Do mesmo xeito, estas obras leváronse a cabo grazas ao financiamento tanto público como privado de entidades, empresas e persoas de Galicia. Polo tanto, un dos principais obxectivos desta cita consiste en abrir un novo punto de encontro para creadores/as do sector audiovisual, pero sobre todo un punto de encontro e de debate co seu público natural, o público galego.

DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

Datas: O programa desenvolverase entre os días 18 e 26 de setembro do 2026 consonte á programación que se anexa a este expediente.

Sedes: Centro Comercial Praza Elíptica, Cines Tamberlick e na sala Apo'strophe.art

A memoria económica que se achega a este convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 62.100 € (sesenta e dous mil cen euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 6.000 €
- Deputación Provincial de Pontevedra: 24.930 €
- AGADIC: 15.000 €
- ICAA: 7.500 €
- Patrocinios: 2.000 €
- Fondos propios da entidade: 1.300 €
- Entradas e merchandising: 5.000 €
- Actividades: 370 €



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 156 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- Estatutos da Entidade e capacidade do representante legal
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza de seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento
- Escrito de conformidade co texto do convenio presentado na sede electrónica o día 17.04.2026 (doc. 260091749)

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á "Asociación Cultural Abella Producións" para o financiamento do programa do "GALICIAN FREAKY FILM FESTIVAL 2026" rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2024-2026 aprobouse por acordo da Xunta de Goberno Local do 08.03.2024, rectificación de erros do 15.03.2024 e publicouse no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo a "Asociación Cultural Abella Producións" axustase ás directrices, obxectivos estratéxicos e plans de acción sinalados no anexo do Plan estratéxico de Subvencións 2024-2026 do Concello de Vigo para a Área de Cultura, no que se refire ás subvencións nominativas para o financiamento de actividades socioculturais

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á "Asociación Cultural Abella Producións" deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2026, como polo

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/05/2026 09:41	Páxina 157 de 233
2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026	CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á "Asociación Cultural Abella Producións" ten como obxecto financiar a organización do programa do "GALICIAN FREAKY FILM FESTIVAL 2026" figurando na aplicación **3340.480.00.22** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 6.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á "Asociación Cultural Abella Producións" é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

Considerarase como gasto subvencionable os realizados no ano 2026 e que teñan como data límite dous meses posteriores a última das actividades financiadas. Estes gastos deberán xustificarse coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores**, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizárase con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación** ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará consonte aos criterios de eficiencia e economía **debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable.**

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan na proposta.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 158 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura, a concelleira delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 6.000 € (seis mil euros) á “Asociación Cultural Abella Produccións”, CIF. G-2787770, para o financiamento do programa do “GALICIAN FREAKY FILM FESTIVAL 2026”, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.22 “SUBVENCIÓN FREAKY FILM FESTIVAL”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a “Asociación Cultural Abella Produccións” que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do programa do “GALICIAN FREAKY FILM FESTIVAL 2026”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN CULTURAL ABELLA PRODUCCIÓN”, PARA O FINANCIAMENTO DO GALICIAN FREAKY FESTIVAL 2026

En Vigo, na data da sinatura dixital

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, Dona María del Carmen Silva Rego, en virtude do seu cargo de concelleira delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade do Concello de Vigo (CIF P3605700H), cargo para o que foi nomeada polo decreto da alcaldía do 19.06.2023 e resolución de modificación de competencias do 25.09.2025

Doutra, D. Juan de Castro García, na súa condición de presidente da “**ASOCIACIÓN CULTURAL ABELLA PRODUCCIÓN**” (CIF: G-27877703) (en adiante a ENTIDADE), con enderezo social na rúa Urzáiz núm. 92, 1ºB Drta, CP 36204 da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria da Administración Municipal do Concello de Vigo, dando fe deste acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/05/2026 09:41	Páxina 159 de 233
2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026	CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

MANIFESTAN

I.- Que a entidade "ASOCIACIÓN CULTURAL ABELLA PRODUCCIÓNS" é unha asociación sen ánimo de lucro que organiza dende o ano 2017 o "GALICIAN FREAKY FILM FESTIVAL", evento de cinema e cultura freak definitivo. Un festival que amosa unha coidada selección nacional e internacional de pezas audiovisuais que adoitan verse privadas das canles habituais de distribución. Pezas moitas veces inéditas en Galicia, así como grandes estreos mundiais, internacionais e nacionais. O audiovisual galego atópase nun período de madurez creativa e moitas das producións dos últimos anos son filmes dunha grandísima calidade que aínda non gozaron dunha distribución idónea. Do mesmo xeito, estas obras leváronse a cabo grazas ao financiamento tanto público como privado de entidades, empresas e persoas de Galicia. Polo tanto, un dos principais obxectivos desta cita consiste en abrir un novo punto de encontro para creadores/as do sector audiovisual, pero sobre todo un punto de encontro e de debate co seu público natural, o público galego.

II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da "ASOCIACIÓN CULTURAL ABELLA PRODUCCIÓNS", como medio que é de promover a cultura audiovisual na cidade.

III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.22, como subvención nominativa, a favor da "ASOCIACIÓN CULTURAL ABELLA PRODUCCIÓNS", a cantidade de 6.000 euros.

IV.- Que a "ASOCIACIÓN CULTURAL ABELLA PRODUCCIÓNS" non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar este convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade coas anteditas consideracións e dado o interese común das partes asinantes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan este convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través do convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver o programa do GALICIAN FREAKY FILM FESTIVAL durante o exercicio 2026, que se detalla na documentación achegada pola entidade e incorporada ao expediente.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/05/2026 09:41	Páxina 160 de 233
2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026	CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega a este convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 62.100 € (sesenta e dous mil cen euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 6.000 €
- Deputación Provincial de Pontevedra: 24.930 €
- AGADIC: 15.000 €
- ICAA: 7.500 €
- Patrocinios: 2.000 €
- Fondos propios da entidade: 1.300 €
- Entradas e merchandising: 5.000 €
- Actividades: 370 €

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

Datas: O programa desenvolverase entre os días 18 e 26 de setembro do 2026 consonte á programación que se anexa a este expediente.

Sedes: Centro Comercial Praza Elíptica, Cines Tamberlick e na sala Apo'strophe.art

CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1.Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Juan de Castro García, presidente da entidade.

2.Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.

3.Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, alugueiro e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).

4.Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.

5.Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 161 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

6.Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través das canles oficiais.

7.Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

8.A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

9.Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas ou ás doutros órganos da Administración estatal ou da Unión Europea, aos cales se facilitará tanta información lles sexa requirida para este efecto, todo isto de conformidade co disposto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e demais normativa regulamentaria de desenvolvemento, así como conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control. Colaborar co persoal que, no seu caso, desenvolva a/as auditoría/s xestionadas polo Concello de Vigo, prestando a debida colaboración, atendendo aos seus requirimentos e achegando, de selo caso, a documentación complementaria solicitada".

As entidades con personalidade xurídica que non teñan a obriga de levar a contabilidade deberán dispor dun control de ingresos e gastos que sexan imputados á actividade subvencionable.

10.Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. **Incorpórase ao expediente póliza do seguro de responsabilidade civil e recibo do pagamento do mesmo.**

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención (6.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 162 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é o Servizo de Cultura do Concello de Vigo, a través do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas polo Servizo de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Si no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (rol-das de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente compro-

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/05/2026 09:41	Páxina 163 de 233
2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026	CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

métese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará ao Servizo de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais.

Lingua de difusión e publicacións:

De acordo co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado de Cultura.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade ademais deberá achegar un balance que abranza a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 10 de novembro do 2026.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/05/2026 09:41	Páxina 164 de 233
2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026	CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Concellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2026 e que teñan como data límite dous meses posteriores á última das actividades financiadas, que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores**, con carácter previo á

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 165 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizárase con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación** ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará consonte aos criterios de eficiencia e economía **debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable.**

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos do Servizo de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 166 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro do 2026, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/05/2026 09:41	Páxina 167 de 233
2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026	CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.-EXTINCIÓN DOS CONVENIOS

De conformidade co artigo 51 de la Lei 40/2015 de Réximen Xurídico do Sector Público o convenio extínguense polos seguintes motivos:

1. Os convenios extínguense polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.

2. Son causas de resolución:

a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga do mesmo.

b) O acordo unánime de todos os asinantes.

c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requerimento para que cumpra, nun determinado prazo, coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requerimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requerimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concurrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados se así se tivese previsto.

d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DÉCIMO NOVENA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 168 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

ORZAMENTO 2026

ORZAMENTO GALICIAN FREAKY FILM FESTIVAL 2026 - 10ª EDICIÓN				
ORZAMENTO GASTOS SUBVENCIONABLES				
CONCEPTO		Cantidades / Prezos unit.	Sen IVE	Con IVE
Publicidade e difusión	Publicidade en medios	3uds anuncio x 165,28 €	495,87 €	600,00 €
	Redes	15uds publicidade x 24,79 €	371,90 €	450,00 €
	Imprenta	500 carteis e folletos x 3,30 €	1.652,89 €	2.000,00 €
	Instalacións na rúa	3uds valos x 413,22 €	1.239,67 €	1.500,00 €
	Servicios dixitais/virtuais	1 servico x 826,45 €	826,45 €	1.000,00 €
	Comunicación, servicos	1 servico x 1.611,57 €	1.611,57 €	1.950,00 €
	Outros soportes gráficos	200uds camisetas x 4,13 €	826,45 €	1.000,00 €
TOTAL PUBLICIDADE E DIFUSIÓN			7.024,79 €	8.500,00 €
Producción	Salas	1 salas x 8 días x 351,23 €	2.809,92 €	3.400,00 €
	Alugueres equipos	1ud pantalla x 1074,38 €	1.074,38 €	1.300,00 €
	Alugueres audio	1ud audio x 330,58 €	330,58 €	400,00 €
	Servizos técnicos salas	1 serv. produción x 1239,67	1.239,67 €	1.500,00 €
TOTAL PRODUCCIÓN			5.454,55 €	6.600,00 €
Servicios Profesionais	Deseñador 1	1ud imaxe gráfica x 991,74 €	991,74 €	1.200,00 €
	Deseñador 2	1ud ilustracións x 371,90 €	371,90 €	450,00 €
	Artistas e convidado profesionais	3 part. x 221,76 €	665,29 €	805,00 €
	Decoración	1ud decoradora x 1157,02 €	1.157,02 €	1.400,00 €
	Producción	1ud productor x 1157,02 €	1.157,02 €	1.400,00 €
	Programación	4 ud curador x 619,83 €	2.603,31 €	3.150,00 €
	Fotografía	1 fotografo x 413,22 €	413,22 €	500,00 €
	Video	1 cámara x 413,22 €	413,22 €	500,00 €
	Edición Fotografía e Video	1 video editado x 413,22 €	413,22 €	500,00 €
	Salario Axtes Dirección	2ud Axte x 3719,01 €	7.438,02 €	9.000,00 €
	Monitores e técnicos de sala	4 monitores sala x 72,31 €	289,26 €	350,00 €
	Comunicación Prensa	1 respon. prensa x 578,51 €	578,51 €	700,00 €
	Comunicación RRSS	1 respon. RRSS x 1652,89 €	1.652,89 €	2.000,00 €
	Soporte Técnico	3 respon. técnico x 964,18 €	2.892,56 €	3.500,00 €
TOTAL SERVICIOS PROFESIONAIS			21.037,19 €	25.455,00 €
Xestións de películas e dereitos de exhibición	Dereitos de exhibicións	10 scren fee x 214,87 €	2.148,76 €	2.600,00 €
	Envíos e xestión	15 envíos x 16,52 €	247,93 €	300,00 €
TOTAL XESTIÓN DE PELÍCULAS E D. DE EXHIBICIÓN			2.396,69 €	2.900,00 €
Gastos de Subtitulación	Coordinación Subtitulado	1ud prof. x 2.341,59 €	7.024,79 €	8.500,00 €
TOTAL GASTOS SUBTITULACIÓN			7.024,79 €	8.500,00 €
Premios e galardóns	Elaboración de estatuias	8 uds x 87,80 €	702,48 €	850,00 €
TOTAL PREMIOS E GALARDÓN			702,48 €	850,00 €
Premios económicos	Premios gañadores/as	8 uds x 212,15 €	1.700,00 €	1.700,00 €
TOTAL PREMIOS ECONÓMICOS			1.700,00 €	1.700,00 €
Viaxes, dietas e protocolo	Aloxamento	30 hab/noites x 60,60 €	1.818,18 €	2.000,00 €
	Protocolo	100 servicos x 16,52 €	1.652,89 €	2.000,00 €
	Transporte	15 uds x 120,87 €	1.239,67 €	1.500,00 €
TOTAL VIAJES, DIETAS E PROTOCOLO			4.710,74 €	5.500,00 €
TOTAL GASTOS SUBVENCIONABLES			50.051,24 €	60.005,00 €
ORZAMENTO GASTOS NON SUBVENCIONABLES				
CONCEPTO			Sen IVE	Con IVE
Salarios	Honorarios xunta directiva		1.359,50 €	1.645,00 €
Gastos da actividade	Catering e comidas		82,64 €	100,00 €
% Gastos relacionados coa actividade que dependen da entidade	Telefóno+Internet		41,32 €	50,00 €
	Seguro de RC		165,29 €	200,00 €
	Asesoría		82,64 €	100,00 €
TOTAL GASTOS NON SUBVENCIONABLES			1.731,40 €	2.095,00 €

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 169 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

TOTAL GASTOS SUBVENCIONABLES E NON SUBVENCIONABLES		
	Sen IVE	Con IVE
TOTAL GASTOS SUBVENCIONABLES	49.590,91 €	60.005,00 €
TOTAL GASTOS NON SUBVENCIONABLES	1.731,40 €	2.095,00 €
TOTAL GASTOS	51.322,31 €	62.100,00 €
PREVISIÓN DE INGRESOS		
SUBVENCIÓN SOLICITADA Á DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA	20.603,31 €	24.930,00 €
SUBVENCIÓN SOLICITADA AO AGADIC	12.396,69 €	15.000,00 €
SUBVENCIÓN SOLICITADA AO ICAA	6.198,35 €	7.500,00 €
SUBVENCIÓN NOMINATIVA DO CONCELLO DE VIGO	4.958,68 €	6.000,00 €
PATROCINIOS	1.652,89 €	2.000,00 €
FONDOS PROPIOS	1.074,38 €	1.300,00 €
INGRESOS ENTRADAS + MERCHANDISING	4.132,23 €	5.000,00 €
INGRESOS ACTIVIDADES	305,79 €	370,00 €
TOTAL INGRESOS	51.322,31 €	62.100,00 €

22(399).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á ASOCIACIÓN CULTURAL SOCIEDAD FILARMÓNICA DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN ANUAL DE CONCERTOS DO 2026. EXPTE. 6589/330.

Visto o informe xurídico do 17/03/2026 e o informe de fiscalización do 11/05/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 16/03/2026, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e conformado polo concelleiro-delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data de entrada na sede electrónica municipal o 10 de marzo do 2026, a “Asociación Cultural Sociedad Filarmónica de Vigo” presenta escrito de solicitude de subvención para a financiación do programa anual de concertos do 2026; por este motivo, por parte desta xefatura iniciase o expediente de subvención correspondente co obxecto de asinar un convenio con esta entidade para regulala, polo importe de 15.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.20 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A “**ASOCIACIÓN CULTURAL SOCIEDAD FILARMÓNICA DE VIGO**” é unha entidade sen ánimo de lucro que ten por finalidade, entre outras, a divulgación da música culta dende hai cen anos (fundada en 1915), mediante a organización dun programa de concertos anual. O obxectivos da Entidade son fomentar o coñecemento da música clásica entre a sociedade e acceder ao maior número de persoas posibles; Asímesmo facilita o acceso ao alumnado dos conservatorios e das escolas de música de Vigo dándolles entrada gratuíta para todos os concertos.





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

PROGRAMACION 2026

A programación obxecto deste convenio terá lugar no Teatro e no Auditorio da Sede de Afundación ás 20:00 horas segundo o seguinte cadro:

Orden	Fecha	Intérprete
1.	11/12/2025	Orquesta Sinfónica de Galicia
2.	15/12/2025	Dúo Piano y Violín
3.	12/01/2026	Dúo Fasla-Prolat
4.	30/01/2026	Real Filharmonia de Galicia
5.	02/02/2026	Dúo Guitarra y Soprano
6.	25/02/2026	Quinteto de la Filarmónica de Berlín
7.	02/03/2026	Pepe Rivero (Piano)
8.	04/03/2026	Real Filharmonia de Galicia
9.	06/04/2026	Quinteto Cimarrón
10.	22/04/2026	Real Filharmonia de Galicia
11.	04/05/2026	Quinteto Lunfardo
12.	14/05/2026	Orquesta Sinfónica de Galicia
13.	18/05/2026	Trío Brahms-Ligeti
14.	03/06/2026	Real Filharmonia de Galicia
15.	07/10/2026	Real Filharmonia de Galicia
16.	12/10/2026	Sara Agueda y Pepe Viyuela
17.	15/10/2026	Maria Callas (Sofogato)
18.	29/10/2026	Orquesta Sinfónica de Galicia
19.	09/11/2026	Sofya Melykiam

A memoria económica que se achega a este convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 98.160,56 € (noventa e oito mil cento sesenta euros con cincuenta e seis céntimos), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 15.000 €
- Cotas de socios: 81.625 €

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 171 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- Axustes de déficit a asumir pola entidade: 1.535,56 €

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, achegouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- Estatutos da Entidade e capacidade do representante legal
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Recibo de pagamento do seguro de responsabilidade civil
- Escrito de aceptación do texto do convenio presentado na sede electrónica do Concello o 16.03.2026 (doc. 260061994)

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á Asociación Cultural Sociedade Filarmónica de Vigo para a organización da programación anual de Concertos 2026, rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2024-2026 aprobouse por acordo da Xunta de Goberno Local do 08.03.2024, rectificación de erros do 15.03.2024 e publicouse no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo a “Asociación Cultural Sociedade Filarmónica”, para a organización do programa anual de concertos 2026, axústase ás directrices, obxectivos estratéxicos e plans de acción sinalados no anexo do Plan estratéxico de Subvencións 2024-2026 do Concello de Vigo para a Área de Cultura, no que se refire ás subvencións nominativas para o financiamento de actividades socioculturais

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/05/2026 09:41	Páxina 172 de 233
2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026	CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

A concesión da subvención directa á Asociación Cultural Sociedad Filarmónica deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2026, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde as materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á “Asociación Cultural Sociedad Filarmónica” ten como obxecto financiar a organización da programación anual de concertos 2026, figurando na aplicación 3340.480.00.20 do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 15.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á “Asociación Cultural Sociedad Filarmónica” é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

Gastos subvencionables:

Consideranse gastos subvencionables os realizados dende o 15 de novembro do 2025 ao 9 de novembro do 2026, e que teñan como data límite dous meses posteriores a última das actividades financiadas.

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 173 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores**, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizárase con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación** ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará consonte aos criterios de eficiencia e economía **debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable.**

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado de Cultura, da concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

PRIMEIRO.- *Aprobar a concesión directa da subvención de 15.000 € (quinze mil euros) á “Asociación Cultural Sociedad Filarmónica”, CIF. G36652881, para o financiamento da programación anual de concertos 2026, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.20 “ SOCIEDAD FILARMÓNICA VIGO, PROGRAMA DE CONCERTOS”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

SEGUNDO.- *Que se aprrobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Asociación Cultural Sociedad Filarmónica que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento da programación anual de concertos 2025.”*

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 174 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A SOCIEDADE FILARMÓNICA DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN ANUAL DE CONCERTOS DO 2026

En Vigo, na data da sinatura dixital

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, Doña María del Carmen Silva Rego, en virtude do seu cargo de concelleira delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade do Concello de Vigo (CIF P3605700H), cargo para o que foi nomeada polo decreto da alcaldía do 19.06.2023 e resolución de modificación de competencias do 25.09.2025

Doutra, D. AVELINO SAN LUÍS COSTAS, na súa condición de presidente da entidade “ASOCIACIÓN CULTURAL SOCIEDADE FILARMÓNICA DE VIGO”, CIF G-36.652.881, con enderezo social na rúa Camelias, 52, CP 36211, da cidade de Vigo, (en adiante a ASOCIACIÓN), actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fé deste acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

*I.-A “ **ASOCIACIÓN CULTURAL SOCIEDADE FILARMÓNICA DE VIGO**” é unha entidade sen ánimo de lucro que ten por finalidade, entre outras, a divulgación da música culta dende hai cen anos (fundada en 1915), mediante a organización dun programa de concertos anual. O obxectivo da Entidade son fomentar o coñecemento da música clásica entre a sociedade e acceder ao maior número de persoas posibles; Asímesmo facilita o acceso ao alumnado dos conservatorios e das escolas de música de Vigo dándolles entrada gratuíta para todos os concertos.*

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da “**ASOCIACIÓN CULTURAL SOCIEDADE FILARMÓNICA DE VIGO**”, como medio que é de promover a música culta na cidade.*

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 175 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.20, como subvención nominativa, a favor da “ **SOCIEDAD FILARMÓNICA VIGO, PROGRAMA DE CONCERTOS** ” a cantidade de 15.000 euros.

IV.- Que a “ **ASOCIACIÓN CULTURAL SOCIEDAD FILARMÓNICA DE VIGO** ” non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar este convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade coas anteditas consideracións e dado o interese común das partes asinantes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan este convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través deste convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver o programa de concertos 2026, que se detalla na documentación achegada pola entidade neste expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega a este convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 98.160,56 € (noventa e oito mil cento sesenta euros con cincuenta e seis céntimos), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 15.000 €
- Cotas de socios: 81.625 €
- Axustes de déficit a asumir pola entidade: 1.535,56 €

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

A programación obxecto deste convenio terá lugar no Teatro e no Auditorio da Sede de Afundación ás 20:00 horas segundo o seguinte cadro:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/05/2026 09:41	Páxina 176 de 233
2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026	CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

Orden	Fecha	Intérprete
1.	11/12/2025	Orquesta Sinfónica de Galicia
2.	15/12/2025	Dúo Piano y Violín
3.	12/01/2026	Dúo Fasla-Prolat
4.	30/01/2026	Real Filharmonia de Galicia
5.	02/02/2026	Dúo Guitarra y Soprano
6.	25/02/2026	Quinteto de la Filarmónica de Berlín
7.	02/03/2026	Pepe Rivero (Piano)
8.	04/03/2026	Real Filharmonia de Galicia
9.	06/04/2026	Quinteto Cimarrón
10.	22/04/2026	Real Filharmonia de Galicia
11.	04/05/2026	Quinteto Lunfardo
12.	14/05/2026	Orquesta Sinfónica de Galicia
13.	18/05/2026	Trío Brahms-Ligeti
14.	03/06/2026	Real Filharmonia de Galicia
15.	07/10/2026	Real Filharmonia de Galicia
16.	12/10/2026	Sara Agueda y Pepe Viyuela
17.	15/10/2026	Maria Callas (Sofogato)
18.	29/10/2026	Orquesta Sinfónica de Galicia
19.	09/11/2026	Sofya Melykiam

CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1.Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Avelino Manuel San Luis Costas, presidente da entidade.

2.Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.

3.Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, alugueiro e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 177 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

4.Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.

5.Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.

6.Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través das canles oficiais.

7.Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

8.A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

9.Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas ou ás doutros órganos da Administración estatal ou da Unión Europea, aos cales se facilitará tanta información lles sexa requirida para este efecto, todo isto de conformidade co disposto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e demais normativa regulamentaria de desenvolvemento, así como conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

As entidades beneficiarias teñen a obriga de colaborar co persoal que, no seu caso, desenvolva a/as auditoría/s xestionadas polo Concello de Vigo, prestando a debida colaboración, atendendo aos seus requirimentos e achegando, de selo caso, a documentación complementaria solicitada.

As entidades con personalidade xurídica que non teñan a obriga de levar a contabilidade deberán dispor dun control de ingresos e gastos que sexan imputados á actividade subvencionable.

10.Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 178 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

ao desenvolvemento do evento. A ENTIDADE presenta copia do recibo de pagamento do seguro de responsabilidade civil.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención (15.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMIENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes de cada unha das institucións que asinan o convenio, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas deste convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é o Servizo de Cultura do Concello de Vigo, a través do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Si no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 179 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Área de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

Lingua de difusión e publicacións:

De acordo co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade ademáis deberá achegar un balance que abranca a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo,



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 180 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 10 de novembro do 2026.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novem-

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 181 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

bro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.

- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Gastos subvencionables:

Consideranse gastos subvencionables os realizados dende o 15 de novembro do 2025 ao 9 de novembro do ano 2026 e que teñan como data límite dous meses posteriores a cada unha das actividades financiadas, que se xustifiquen coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores**, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizárase con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación** ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará consonte aos criterios de eficiencia e economía **debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable**.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 182 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada polo Servizo de Cultura.

Os técnicos do Servizo de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e com-

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 183 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

probación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro do 2026, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 184 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

DÉCIMO OITAVA.-EXTINCIÓN DOS CONVENIOS

De conformidade co artigo 51 de la Lei 40/2015 de Réximen Xurídico do Sector Público o convenio extínguense polos seguintes motivos:

1. Os convenios extínguense polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.
2. Son causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga do mesmo.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requerimento para que cumpra, nun determinado prazo, coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requerimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requerimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concurrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados se así se tivese previsto.

- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DÉCIMO NOVENA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/05/2026 09:41	Páxina 185 de 233
2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026	CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ORZAMENTO PROGRAMA DE CONCERTOS 2026**1. GASTOS**

Concepto	Importe en euros
Actividades e concertos	72.500,00
Dereitos de autor-Sgae	1.320,00
Gastos secretaría	6.000,00
Gastos mantemento	8.100,00
Imprenta	3.750,00
Seguros e impostos	3.830,56
Afinación e reparación de pianos	2.660,00
TOTAL	98.160,56

2. INGRESOS

Concepto	Importe en euros
Cuotas socios	81.625,00
Subvención Concello de Vigo	15.000,00
Ajustes de déficit a asumir por la entidad	1.535,56
TOTAL	98.160,56



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 186 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

23(400).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DA ENTIDADE DA ASOCIACIÓN GALEGA DE INSTRUMENTOS DE CORDA PARA O FINANCIAMENTO DA XIV CONCURSO DE CORDA CIDADE DE VIGO 2025. EXPTE. 6542/330.

Visto o informe xurídico do 10/04/2026 e o informe de fiscalización do 11/05/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 09/04/2026, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e conformado polo concelleiro-delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data da sede electrónica municipal o 9 de febreiro do 2026, a “Asociación Galega de Instrumentos de Corda” (AGIC) presenta escrito de solicitude de subvención para o financiamento do XIV Concurso de Corda Cidade de Vigo que tivo lugar entre os días 4 e 7 de decembro do 2025 (dentro do período subvencionable do exercicio económico 2026) ; por este motivo, por parte desta xefatura iniciase a tramitación do expediente de subvención correspondente, polo importe de 12.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.13 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A ASOCIACIÓN GALEGA DE INSTRUMENTOS DE CORDA é unha asociación sen ánimo de lucro cuxos obxectivos son a difusión e a promoción da música de corda en todos os seus ámbitos e en todas as súas variantes. Por este motivo, a entidade organiza dende o ano 2012 o Concurso de violín, viola e violonchelo "Cidade de Vigo", como vehículo onde os novos talentos dos instrumentos de corda fregada poidan coñecer, descubrir e amosar o nivel interpretativo requirido para a evolución das súas carreiras musicais. O ámbito do concurso ampliou nos últimos anos o seu ámbito xeográfico pasando de toda a Comunidade Autónoma Galega a toda a Península Ibérica participando instrumentistas de casi todo o territorio español (Madrid, Sevilla, Málaga, Tarragona, Guipuzcoa) e norte de Portugal.

PROGRAMA E ORZAMENTO:

O Concurso tivo lugar entre os días 4 e 7 de decembro do 2025 no Conservatorio Superior de Música de Vigo e contou coa participación de 63 músicos de corda inscritos, procedentes de España e Portugal, de entre 8 e 23 anos, nas catro modalidades: violín, violonchelo, viola e contrabaixo.

Entre os días 4 e 6 de decembro do 2025 desenvolvéronse as primeiras roldas de todas as categorías e os días 6 e 7 as finais.

O domingo día 7 de decembro do 2025, ás 18:30 h, tivo lugar a entrega de premios.

A memoria económica que se achega a este expediente, incorpora o orzamento xeral de ingresos e gastos do programa polo importe total de 25.564,79 € (vintecinco mil cincocentos sesenta e catro euros con setenta e nove céntimos), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 12.000 euros
- Xunta de Galicia: 6.000 euros
- Patrocinios: 3.000 euros
- Inscripción no Concurso: 3.432,44 euros

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/05/2026 09:41	Páxina 187 de 233
2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026	CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Achega da entidade: 1.132,35 euros

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Solicitude de subvención
- Memoria e orzamento da actividade
- NIE da presidenta da Asociación
- CIF da empresa
- Estatutos de Constitución da Entidade
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza do seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento do mesmo cubrindo o período subvencionable.

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo a ASOCIACIÓN GALEGA DE INSTRUMENTOS DE CORDA , para o financiamento do XIV Concurso de Corda Cidade de Vigo que tivo lugar en decembro do 2025, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

A subvención proposta atópase incluída no Plan Estratéxico de Subvencións (PES) para o período 2024-2026, aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024 (rectificación de erros do 15.03.2024). Se ven no citado PES se recolle un importe de 9.000 €, neste exercizo está prevista nominativamente no orzamento municipal, aprobado definitivamente por acordo plenario de 23 de decembro de 2025, na aplicación 3340.480.00.13, cun importe, segundo a proposta, de 12.000 €.

O propio documento aprobado do PES estipula no capítulo VII-Ámbito Temporal o seguinte: *“Non será necesaria a modificación do PES nos supostos de modificación de liñas de subvención existentes cando a modificación consista na variación do importe asignado a unha subvención da liña, sempre que o resto dos compoñentes da mesma permanezan sen cambios, feito este que deberá quedar acreditado no expediente, por parte do centro xestor correspondente”.*

Dende esta xefatura acredítase que o incremento do importe da subvención nominativa prevista a favor da Asociación Galega de Instrumentos de Corda, CIF G27761196, pasando dos 9.000 € previstos inicialmente no PES aos 12.000 € incluídos no orzamento municipal vixente para o exercicio 2026, trátase dunha mera variación do importe económico, sen que o resto de compoñentes da liña de subvención teñan variado. O programa subvencionado segue a ser o mesmo: a programación de actividades culturais de investigación e divulgación que organiza a entidade beneficiaria da subvención.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/05/2026 09:41	Páxina 188 de 233
2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026	CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa a ASOCIACIÓN GALEGA DE INSTRUMENTOS DE CORDA deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2026, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo a ASOCIACIÓN GALEGA DE INSTRUMENTOS DE CORDA ten como obxecto financiar o XIV Concurso de Corda Cidade de Vigo que tivo lugar en decembro do 2025 con cargo ao orzamento 2026, figurando na aplicación 3340.480.00.13 do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 12.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo a ASOCIACIÓN GALEGA DE INSTRUMENTOS DE CORDA é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan na proposta.

Coa conformidade do concelleiro-delegado de Cultura, concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 189 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa dunha subvención por importe de 12.000 € (nove mil euros) a “ASOCIACIÓN GALEGA DE INSTRUMENTOS DE CORDA”, CIF. G27761196, para o financiamento do XIV Concurso de Corda Cidade de Vigo que tivo lugar entre os días 4 e 7 de decembro do 2025 no Conservatorio Superior de Música, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.13 “SUBVENCIÓN ASOCIACIÓN GALEGA DE INSTRUMENTOS DE CORDA (AGIC) CONCURSO DE VIOLÍN”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- As condicións que rexirán a subvención serán as seguintes:

OBRIGAS DA ENTIDADE

- 1.Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola EMPRESA, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA, DONA ELIZABETH ANN TAYLOR , presidenta da entidade.
- 2.Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
- 3.Cumprir o programa obxecto da subvención, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, alugueiro e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
- 4.Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
- 5.Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo nos elementos de difusión da actividade subvencionada
- 6.Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.
A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).
- 7.A concesión da subvención á EMPRESA implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- 8.Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas ou ás doutros órganos da Administración estatal ou da



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 190 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

Unión Europea, aos cales se facilitará tanta información lles sexa requirida para este efecto, todo isto de conformidade co disposto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e demais normativa regulamentaria de desenvolvemento, así como conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control. Colaborar co persoal que, no seu caso, desenvolva a/as auditoría/s xestionadas polo Concello de Vigo, prestando a debida colaboración, atendendo aos seus requirimentos e achegando, de se-lo caso, a documentación complementaria solicitada".

9.As entidades con personalidade xurídica que non teñan a obriga de levar a contabilidade deberán dispor dun control de ingresos e gastos que sexan imputados á actividade subvencionable.

10.Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa e a ditos efectos de contratar e dispoñer dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se produza en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido, A ENTIDADE presenta copia da póliza e do recibo do pagamento do seguro de responsabilidade civil.

OBRIGAS DO CONCELLO. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa subvencionado.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención (12.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

O centro xestor da subvención á EMPRESA é o Servizo de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, trala entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Servizo de Cultura.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade ademais deberá achegar un balance que abranque a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou activi-

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/05/2026 09:41	Páxina 191 de 233
2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026	CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

dade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención, tendo como límite o 10 de novembro do 2026
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe;
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 192 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.

- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Gastos subvencionables:

Considerarase como gasto subvencionable os realizados no período subvencionable (15 de novembro do 2025 ao 8 de novembro do 2026) que teñan como data límite dous meses posteriores a última das actividades financiadas, que se xustifiquen coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.

Consideraranse gastos subvencionables, os que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores**, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizárase con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación** ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará consonte aos criterios de eficiencia e economía **debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable.**

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 193 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada polo Servizo de Cultura. Os técnicos do Servizo de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención e o procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso

PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 194 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(401).- APROBACIÓN DO PROXECTO DE “RENOVACIÓN DO AGLOMERADO EN DISTINTAS VÍAS DO CASCO URBANO E DAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO. ZONA SUR FASE 1”. EXPTE. 7025/443.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 12/05/2026, asinado pola técnica de Xestión, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- A Xunta de Goberno Local na sesión do día 7 de novembro de 2025, acordou entre outros:



“Adxudicar a CONTROL Y GEOLOGÍA, SA. – CYGSA o lote 1 do procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción dos proxectos de execución das obras de “Renovación do pavimento en distintas vías do casco urbano e das parroquias do Concello de Vigo” (2212-441) por un prezo total do contrato de 127.181,90 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 22.072,89 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 195 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

II.- A dita mercantil presenta trala fase de supervisión, proxecto de execución das obras de “RENOVACIÓN DO AGLOMERADO EN DISTINTAS VÍAS DO CASCO URBANO E DAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO. ZONA SUR FASE 1”, redactado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos Javier Rambla Segura, cun orzamento base de licitación máis IVE de OITOCENTOS SETENTA E SETE MIL DOUSCENTOS NOVENTA E OITO EUROS con SETENTA E NOVE CÉNTIMOS (877.298,79 €).

III.- O xefe da Área de Servizos Xerais o día 04.05.2026 informou que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o concelleiro delegado da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes (P.D. do día 30.04.2026, a concelleira de Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal), a proposta do técnico de Administración Xeral, o día 04.05.2026 resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

IV.- As obras proxectadas localízanse no Concello de Vigo. Trátase da mellora da pavimentación de vinte e un viais municipais nas parroquias de Matamá, Castrelos, Sárdoma (Salgueira), Valadares, Beade e Bembrive, en concreto son:

1. Chabarras (R)
2. Costa Da Rúa (Cño)
3. Monte (Cño)
4. Norberto (Cño)
5. Romeo (Cño)
6. Sumata (Cño)
7. Venda (Est)
8. Cemieiras (Cño)
9. Centieira (Cño)
10. Monte Da Serra (Cño)
11. Campos (R)
12. Carapucha (Cño)
13. Vello A Moo (Cño)
14. Vilar (Cño)
15. Canotais (Cño)
16. Igrexa (Cño)
17. Igrexa (Cño) Ramal
18. Portal (Est)
19. Souto (Esto)
20. Valadares (Est)
21. Salgueira (2ª Trav)

Os viais deste lote presentan todas características similares: Carácter rural de todos os viais con patoloxías asociadas a procedementos sucesivos de mellora e renovación desde o seu orixe como camiño o vial rural de tráfico escaso e de acceso local ou residencial. Trátase de camiños, travesías menores e viais con IMD irrelevante de acordo coa clasificación do Mapa Estratéxico de Ruídos do Concello de Vigo (MER 2022).

Os viais presentan patoloxías de distinta entidade desde:



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 196 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

- Patoloxías que afectan á capa de rodadura pero que non supoñen deformacións do firme nin modificación da liña de rasante como: Fisuras e gretas asociadas ao envellecemento do firme e uso ou desprendemento da capa de rodadura con árido visto e ocos do desgaste.
- Deformacións de distinta entidade como rodeiras, brandóns, afundimento da sección, bacheado previo por deformacións previas ou deformacións.
- En algúns casos presentan seccións en terras que deben ser obxecto dunha actuación de novo firme.

Proxéctase unha actuación de renovación do firme co obxectivo de conservar e mellorar as características funcionais das vías, tanto de seguridade como de comodidade, así como de protexer o conxunto do firme, logrando un aumento da durabilidade, impermeabilidade, uniformidade e aspecto.

Prevense actuacións de renovación do aglomerado segundo a aplicación da categoría de pesados asignados a cada vial. Considerouse unha explanada E3 e a categoría de tráfico T42 en zona rural.

Para danos na capa de rodadura proxectase unha nova capa de rodadura sobre a existente. No caso de deformacións severas proxectase unha renovación completa da sección de firme. Esta actuación depende do tipo de solución previa existente: Viais con capa de rodadura sobre formigón ou viais con sección flexible de MBC. Entre as distintas capas de firme plantease regos bituminosos adecuados a cada caso (regos de imprimación ou regos de adherencia).

A súa vez, renovarase toda a sinalización vertical e horizontal do ámbito de proxecto e os elementos de balizamento necesarios.

Contémplase tamén o recrecido e axuste das arquetas e pozos pertencentes ás redes de saneamento e telecomunicacións, co obxecto de adecuar as súas cotas á nova rasante definitiva do pavimento. No caso dos pozos de saneamento tamén se realizou unha previsión de substitución das tapas e os correspondentes marcos que se atopan deteriorados.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (CATRO) 4 meses.

V.- A enxeñeira técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite o día 12.05.2026 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“(…)

O planeamento vixente no Concello de Vigo é o Plan Xeral de Ordenación Urbana, aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia o 26 de maio de 2025. A aprobación definitiva de dito PXOU foi publicada no DOG nº 123 o día 30/06/2025 e a súa normativa foi publicada no BOPP número 146, de fecha 4 de agosto de 2025, o que

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/05/2026 09:41	Páxina 197 de 233
2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026	CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

permitiu que entrara en vigor o 27 de agosto de 2025. O ámbito do proxecto está clasificado como Solo Urbano, tanto Consolidado (SUC) como Non Consolidado (SUNC).

A totalidade das obras desenvólvense dentro do viario público. O proxecto prevé a rehabilitación de varias rúas mediante o fresado e reposición da capa de rodadura (puntualmente tamén das capas intermedia e base), de forma que a actuación se cingue ao actual dominio público sen modificar as aliñacións nin ampliar as ocupacións actuais.

O análise realizado sobre as posibles afeccións ao Patrimonio Cultural realizouse desde o novo marco competencia que estableceu a Lei 5/2025, de 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2026, en concreto o relacionado coa reforma da Lei 5/2016, de 4 de maio, de Patrimonio Cultural de Galicia.

Non é obxecto deste proxecto acción directa ou indirecta algunha sobre calquera dos bens mencionados, non existindo incidencias relativas ao derribo, restauración, conservación, consolidación ou rehabilitación, e non supoñendo o seu deterioro, nin impedindo a súa contemplación nin ocupando espazos libres do seu entorno. Consta no proxecto unha táboa onde se expoñen os bens catalogados identificados no ámbito das actuacións.

As obras proxectadas adáptanse ao planeamento vixente ao tempo que a natureza das mesmas fai que non se produzan impactos sobre o patrimonio ou outros elementos de interese.

Os custes unitarios incluídos no proxecto considéranse adecuados para a execución do contrato, estímase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.

Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.”

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP, e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 198 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.

Non se atopa sometido a fiscalización previa ao tratarse dunha actuación preparatoria. Así se recolle no informe do Interventor Xeral de data 26.06.2023 no marco do expediente 5023-443 no que indique que “non se atopan sometidas a fiscalización previa as actuacións preparatorias dos diferentes tipos de contratos, como é o caso que nos ocupa, xa que tales actuacións non comportan gasto para a Administración, entendendo que si deberá ser obxecto de fiscalización previa a proposta do servizo xestor ao órgano de contratación de aprobación do expediente, do prego de cláusulas administrativas particulares, do gasto e da apertura do procedemento de adxudicación (artigos 116 da LCSP)”

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de execución das obras de “RENOVACIÓN DO AGLOMERADO EN DISTINTAS VÍAS DO CASCO URBANO E DAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO. ZONA SUR FASE 1”, redactado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos Javier Rambla Segura, cun orzamento base de licitación máis IVE de OITOCENTOS SETENTA E SETE MIL DOUSCENTOS NOVENTA E OITO EUROS con SETENTA E NOVE CÉNTIMOS (877.298,79 €) e con data da sinatura dixital 11 de maio de 2026.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 199 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

25(402).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO Nº 1 DE “HUMANIZACIÓN RÚA LEPANTO”. EXPTE. 2067/441.

Visto o informe xurídico de data 30/04/2026 e o informe de fiscalización de 12/05/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 14/04/2026, asinado pola técnica de Xestión, o xefe de Área de Servizos Xerais, a xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado polo concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes e pola concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (LHL)
- Real decreto 424/2017, do 28 de abril polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local
- Prego tipo de cláusulas administrativas particulares para a contratación de obras de “Humanización da rúa Lepanto” do 8 de novembro de 2024 (PCAP), conforme ao prego tipo aprobado pola Xunta de Goberno Local do 17 de decembro de 2020.(PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto das obras do proxecto de “Humanización da rúa Lepanto” (PPT)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Na sesión do 11 de agosto de 2023 a a Xunta de Goberno local acordou aprobar proxecto de obras de “HUMANIZACIÓN DA RÚA LEPANTO” redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Francisco Javier Zubía Fernández, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN CENTO CORENTA E SEIS MIL SEISCENTOS OITENTA E SEIS EUROS CON SESENTA E CATRO CÉNTIMOS (1.146.686,64 €) e con sinatura dixital de data 13 de xullo de 2023» (tte. 53 do expdte. 5744-443).



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 200 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

Segundo.- Na sesión do 8 de novembro de 2024 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente de contratación do procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “HUMANIZACIÓN DA RÚA LEPANTO”, autorizar o gasto e abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Terceiro.- A Xunta de Goberno local, na sesión que tivo lugar o 31 de marzo de 2025, adoptou o seguinte acordo:

“Segundo.- Adxudicar a AVAN INTEGRAL, SL o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Humanización da rúa Lepanto” (2067-441) por un prezo total do contrato de 1.048.874,27 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 182.036,03 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”

Cuarto.- O contrato formalizouse o día 3 de abril de 2025, contemplando un prazo de execución das obras de 10 meses.

Quinto.- O concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes o día 4 de abril de 2025, (en virtude das resolucións decretos da Alcaldía do día 19 de xuño de 2023 e do día 28 de xuño de 2024, e o acordo de delegación de competencias da XGL do día 28 de xuño de 2024), e previo informe proposta do servizo xestor, acordou aprobar o nomeamento como titulares da Dirección Facultativa da obra do proxecto de “HUMANIZACIÓN DA RÚA LEPANTO” (2067-441) ao enxeñeiro técnico en Topografía Pablo Saavedra Salgueiro e ao enxeñeiro de camiños, canais e portos Juan Manuel Sánchez González”(tte. 6 do expte. 6691-443)”.

Sexto.- O día 30 de abril de 2025, asinouse a acta de comprobación de replanteo negativa, por mor da falta de cumprimentando de diversos trámites de carácter administrativo. Posteriormente a acta de comprobación de replanteo foi asinada o día 19 de xuño de 2025, dando comezo as obras ao día seguinte (ttes. 8 e 26 do expdte. 6691-443).

Sétimo.- Os días 26 e 29 de setembro de 2025, a Dirección Facultativa das obras emite informe solicitando o inicio do expediente de modificación do proxecto de “Humanización da rúa Lepanto”.

Tendo en conta o anterior, o concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes, previo informe proposta do servizo xestor, o día 30 de setembro de 2025, resolveu autorizar o inicio do expediente administrativo para a modificación do proxecto das obras de “Humanización da rúa Lepanto”.

Oitavo.- O día 19 de decembro de 2025 asínase acta de suspensión temporal das obras por mor do bando do Nadal, reiniciándose as obras o día 7 de xaneiro de 2026 (ttes. 75 e 81 do expdte. 6691-443).

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 201 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Noveno.- O día 10 de marzo de 2026 asínase nova acta de suspensión temporal das obras pola tramitación do expediente de modificación do proxecto das obras de “Humanización da rúa Lepanto”, continuando as obras suspendidas a data de hoxe (tte. 83 do expdte. 6691-443).

Décimo.- Pola dirección facultativa da obra presentase proxecto modificado nº1 das obras de “Humanización da rúa Lepanto” asinado o día 10 de marzo de 2026 e cun orzamento total de 1.038.085,81 euros.

Undécimo.- Evacuado trámite de audiencia ao contratista e ao redactor do proxecto, durante o prazo conferido para o efecto, estes manifestaron a súa conformidade coa modificación proposta en escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello dos días 12 e 13 de marzo de 2026 respectivamente.

Duodécimo.- O día 16 de marzo, pola Dirección Facultativa da obra emítese informe técnico sobre o proxecto modificado nº 1 das obras, e cal é emendado o día 10.04.2026.

Así mesmo, consta no expediente informe favorable da Oficina de Supervisión de Proxectos e Asistencia Técnica Municipal do día 17 de marzo e informe complementario do día 10 de abril de 2026.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Réxime xurídico aplicable

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación aplicable a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP), é dicir:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.

-II-

Da potestade de modificación dos contratos

A lexislación de contratos das Administracións públicas recoñece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección aos requisitos e efectos nela sinalados (artigos 203.1 LCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 202 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou excepcionalmente, nos casos e cos límites establecidos no artigo 205 (artigo 203.2 LCSP).

É dicir, a lei impón á Administración, á hora de redactar os pregos, a realización dun exame detallado dos eventuais cambios que puidesen producirse no ámbito do contrato durante a súa duración. Deste xeito, os licitadores poden analízalos con carácter previo á presentación das súas ofertas e telos en conta ao redactalas (artigo 204.1 LCSP). Evítase así conculcar os principios de igualdade, libre competencia, transparencia e publicidade que rexen no ámbito da contratación pública por imperativo das Directivas europeas en materia de contratación e nos artigos 1 e 132 do LCSP.

A Administración, en caso de optar por regular as posibles modificacións do contrato nos pregos, goza dunha ampla marxe de discrecionalidade, pois non está suxeita a límites cuantitativos nin cualitativos, como sucede coas modificacións non previstas no prego. Pola contra, esíxese unha relación detallada e precisa dos seguintes aspectos (artigo 204 LCSP):

- A cláusula de modificación deberá estar formulada de forma clara, precisa e inequívoca.
- No que respecta ao seu contido, a cláusula de modificación deberá precisar co detalle suficiente o seu alcance, límites e natureza; as condicións en que se poderá facer uso dela por referencia a circunstancias cuxa concorrencia se poida verificar de forma obxectiva; e o procedemento que se deba seguir para realizar a modificación.
- A cláusula de modificación establecerá que a modificación non poderá supor o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.
- Límite máximo do 20% do prezo inicial.
- A modificación non poderá alterar a natureza global do contrato inicial.

En canto ás modificacións non previstas no PCAP, o artigo 205 da LCSP establece que só poderán realizarse cando a modificación cumpra os seguintes requisitos:

- Que atope a súa xustificación nalgún dos supostos que se relacionan no apartado segundo do citado artigo 205.
- Que se limite a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.

Pola súa parte, o apartado 2 do mesmo artigo indica que os supostos que eventualmente poderían xustificar unha modificación non prevista, sempre e cando esta cumpra todos os requisitos recollidos no mesmo artigo, son os seguintes:

- Prestacións adicionais.

Cando devíñera necesario engadir obras, subministros ou servizos adicionais aos inicialmente contratados, sempre e cando se dean os seguintes dous requisitos:

- Que o cambio de contratista non fose posible por razóns de tipo económico ou técnico, por exemplo que obrigase ao órgano de contratación a adquirir obras, servizos ou subministracións con características técnicas diferentes aos

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/05/2026 09:41	Páxina 203 de 233
2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026	CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

inicialmente contratados, cando estas diferenzas dean lugar a incompatibilidades ou a dificultades técnicas de uso ou de mantemento que resulten desproporcionadas; e, así mesmo, que o cambio de contratista xerese inconvenientes significativos ou un aumento substancial de custos para o órgano de contratación. En ningún caso considerárase un inconveniente significativo a necesidade de celebrar unha nova licitación para permitir o cambio de contratista.

- 2) Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme a este artigo, do 50 por cento do seu prezo inicial, IVE excluído.

b) Circunstancias imprevisibles

Cando a necesidade de modificar un contrato vixente se derive de circunstancias sobrevidas e que foran imprevisibles no momento no que tivo lugar a licitación do contrato, sempre e cando se cumpran as tres condicións seguintes:

- 1) Que a necesidade da modificación se derive de circunstancias que unha Administración dilixente non puidera prever.
- 2) Que a modificación non altere a natureza global do contrato.
- 3) Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme a este artigo, do 50% do seu prezo inicial, IVE excluído.

c) Modificacións non substanciais

Cando as modificacións non sexan substanciais. Neste caso terase que xustificar especialmente a súa necesidade, indicando as razóns polas que esas prestacións non se incluiron no contrato inicial.

As modificacións non previstas acordadas polo órgano de contratación serán obrigatorias para o contratista cando impliquen, illada ou conxuntamente, unha alteración na súa contía que non exceda do 20% do prezo inicial do contrato, IVE excluído (artigo 26 da LCSP).

-III-

Da modificación do contrato das obras do proxecto modificado nº1 de “Humanización rúa Lepanto”

O contrato que se pretende modificar é un contrato de obras que ten por obxecto a execución das obras incluídas no proxecto de “Humanización da rúa Lepanto”.

A modificación é proposta pola dirección facultativa das obras, en informe do día 16 de marzo de 2026. Do mesmo despréndese que estamos ante unha modificación prevista no PCAP.

Comezaremos por analizar a **concorrenia dos requisitos esixidos para o exercicio do ius variandi**:

1. Que concorra unha razón de interese público.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/05/2026 09:41	Páxina 204 de 233
2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026	CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

2. Que se modifique na forma prevista legalmente: ou ben cumprindo os requisitos do artigo 204 ou do 205, segundo se trate dunha modificación prevista no prego ou non.
3. O procedemento será o regulado no artigo 191 da LCSP, coas particularidades previstas no artigo 207 da LCSP, e no seu caso as recollidas no prego que rexe o contrato. Do procedemento nos ocuparemos no fundamento xurídico seguinte.

1.- A concorrencia dunha razón de interese público

A modificación obedece a unha razón de interese público, tal e como argumenta a dirección facultativa no seu informe técnico, no apartado VII CONCLUSIÓN, ao sinalar o seguinte:

“As modificacións propostas no presente Proxecto Modificado N.º1 das obras de “HUMANIZACIÓN RUA LEPANTO”, estímase que non supoñen alteracións dos fins e características básicas do proxecto inicial e son de interese público, xa que permiten levar a bo termo a execución da obra proxectada, posibilitando unha mellora substancial das condicións de urbanización deste vial, renovando e adaptando as redes de servizo ás condicións actuais do vial.”

2.- Que se modifique na forma prevista legalmente e nos pregos

Dado que a modificación está prevista no PCAP é preciso que se cumpran tanto os requisitos previstos no artigo 204, como os previstos no prego (artigo 207.1 LCSP).

O prego prevé a modificación do contrato e a regula na cláusula 36 e no apartado 6 das follas de especificacións do contrato (FEC) do PCAP.

A cláusula 36 remite a regulación das modificacións previstas ao apartado 6 das FEC, especificando que non poderá supoñer o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.

“6.MODIFICACIÓN DO CONTRATO

- A) *ESTÁ PREVISTA A MODIFICACIÓN DO CONTRATO: si*
- B) *ASPECTOS A MODIFICAR: as unidades de obra relacionadas con actuacións previas, pavimentación, abastecemento, saneamento, mobiliario urbano, xardinería e rego, iluminación, rede semafórica, sinalización, xestión de residuos e seguridade e saúde*
- C) *CIRCUNSTANCIAS QUE DETERMINAN A MODIFICACIÓN:*
 - *Que no ámbito afectado polas obras aparezan redes de servizos e instalacións, construcións soterradas, estado das estruturas, cerramentos ou condicións xeotécnicas distintas das recollidas no proxecto.*
 - *Necesidades de adaptación ao contorno, no referente a servizos, deseño, esquema funcional ou accesibilidade, ou usos e seguridade no funcionamento da instalacións sempre e cando este sufra modificacións con posterioridade a data de aprobación do proxecto.*
- D) *LIMITES DA MODIFICACIÓN: 20% do prezo do contrato (parte fixa mais parte variable)*
- E) *ESPECIALIDADES, NO SEU CASO, DO PROCEDEMENTO DE MODIFICACIÓN: as previstas na cláusula 36 deste PCAP”.*

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 205 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

2.1.- Cumprimento pola cláusula de modificación dos requisitos previstos no artigo 204 da LCSP

Como pode apreciarse, a cláusula de modificación cumpre cos requisitos do artigo 204 enumerados no último parágrafo do fundamento xurídico anterior:

- Ten unha redacción clara, precisa e inequívoca
- Define o alcance e condicións da modificación
- Non supón o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.
- Respecta o límite máximo do 20% do prezo inicial
- Non altera a natureza global do contrato

Agora, é preciso determinar se a modificación proposta encaixa nos supostos de modificación regulados no PCAP:

2.2.- Circunstancias que motivan a modificación

A modificación vén motivadas polas condicións das redes de servizo distintas ás recollidas no proxecto, tal e como sinala a dirección facultativa da obra no seu informe do día 16 de marzo de 2026, que determina que:

“Unha vez comezados os traballos previstos no proxecto de execución, concretamente aqueles para a implantación da rede separativa de colectores mediante a execución do colector principal da rede de pluviais que conecta as concas de escorrentía vertentes da rúa Gran vía e da rúa Urzaiz con Alfonso XIII, comprobouse que :

- O último tramo da rúa Gran Vía, o máis próximo a rúa Lepanto, non está executada a rede separativa polo que fai inviable súa conexión, xa que non se poden conectar augas fecais da Gran Vía (sen separar no tramo previo a Lepanto) co novo colector a executar.*
- A conexión dos colectores da rede de pluviais existentes na rúa Urzaiz presenta grandes dificultades de execución pola aparición de servizos afectados en condicións distintas ás prevista no proxecto*
- A rede de canalización da rúa Alfonso XIII, humanizada nos últimos tempos, tampouco presenta sistema separativo polo que perde sentido tamén a conexión da nova rede de pluviais das concas de Gran Vía e Urzaiz sobre unha rede unitaria.*

Todos estes feitos condicionan a execución do colector de pluviais previsto no proxecto e asemade obrigan a adoptar unha nova solución debido ao estado e as condicións das redes de servizos que actualmente son distintas as especificadas no mesmo.

Dado estes feitos solicitouse informe a concesionaria para avaliación das distintas opcións co obxectivo da determinación da mellor alternativa actual para o desaugadoiro das distintas concas de escorrentía. A concesionaria do servizo emite informe no que conclúe, dada a situación actual das obras realizadas ata data e a planificación prevista polo concello, que a conexión da rede separativa co rúa Alfonso XIII pode presentar problemas de sobrecarga na rede.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 206 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

Así a concesionaria propón no seu informe dar continuidade a rede separativa destas rúas a través do colector de gran diámetro que se esta executando na humanización da rúa Serafin Avendaño expdte 2210/441 e que presenta a capacidade suficiente para recoller os caudais aportados dende a rúa Lepanto e a AP9.

Debido á imposibilidade da conexión actualmente da rúa Gran Vía e a planificación a futuro do novo colector de grandes dimensión da rúa Serafin Avendaño, esta dirección facultativa entende que a mellor opción e a execución do colector previsto no proxecto dentro do ámbito da rúa Lepanto, sen facer as conexións, co obxectivo de realizar no futuro a conexión da rúa Gran Vía e o colector dirixido a rúa Serafin Avendaño sen ter que actuar novamente na rúa Lepanto.

Esta opción presenta a necesidade de execución de novas actuacións:

- Realización da conexión da rúa de Urzaiz a través da rúa Baixada á Estación, onde a única actuación sería a execución das unidades de obra necesarias para a conexión dos colectores xa existentes tanto na rúa Urzaiz como na rúa Baixada á Estación.*
- Execución dunha arqueta de conexión de grande tamaño ao inicio da rúa Lepanto en previsión para a conexión futura da rúa Gran Vía.*
- A non execución da conexión coa rúa Alfonso XIII.”*

O apartado 6.C. prevé entre as circunstancias que determinan a modificación do contrato “Que no ámbito afectado polas obras aparezan redes de servizos e instalacións, construcións soterradas, estado das estruturas, cerramentos ou condicións xeotécnicas distintas das recollidas no proxecto”.

2.3.- Aspectos a modificar

Tal e como sinala a dirección facultativa no seu informe técnico, as modificación afectan ás unidades de obra relacionadas con actuacións previas, pavimentación, saneamento e xestión de residuos.

2.3.- Límites da modificación

O apartado 6.D das FEC, en consonancia co artigo 204 da LCSP, determina como límite da modificación o 20% do prezo do contrato.

De acordo co informe técnico da dirección facultativa no seu apartado VI.- ORZAMENTO, as modificacións previstas a tenor do disposto no artigo 204 da LCSP alcanzan un total de - 23.552,36 euros, supoñendo o -2,25% do prezo do contrato.

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/05/2026 09:41	Páxina 207 de 233
2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026	CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

		ORZAMENTO PRIMITIVO	ORZAMENTO MODIFICADO	Diferencias	Modificacións non previstas no PCAP (art 205)	Modificacións previstas no PCAP (art 204) lcsp	Variacións de unidades conforme ó artigo 242.4i) da LCPS
NUM	CAPITULO	Importe E.M.	Importe E.M.	Eur	Eur	Eur	Eur
1	ACTUACIONES PREVIAS	38.427,39 €	41.740,60 €	3.313,21 €	0,00 €	2.516,56 €	796,65 €
2	PAVIMENTACIÓN	238.888,40 €	256.265,49 €	17.377,09 €	0,00 €	9.224,59 €	8.152,50 €
3	ABASTECIMIENTO	62.268,77 €	62.268,77 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
4	SANEAMIENTO	187.221,45 €	151.149,72 €	-36.071,73 €	0,00 €	-36.071,73 €	0,00 €
5	MOBILIARIO URBANO	33.843,31 €	33.843,31 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
6	JARDINERÍA Y RIEGO	30.585,45 €	30.585,45 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
7	ALUMBRADO	72.727,59 €	72.727,59 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
8	RED SEMAFÓRICA	15.109,75 €	15.109,75 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
9	SEÑALIZACIÓN	5.625,19 €	6.367,12 €	741,93 €	0,00 €	0,00 €	741,93 €
10	SEGURIDAD Y SALUD	14.298,05 €	14.298,05 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
11	GESTIÓN DE RESIDUOS	57.370,12 €	63.818,40 €	6.448,28 €	0,00 €	6.448,28 €	0,00 €
12	VARIOS	40.000,00 €	40.000,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL		796.365,47 €	788.174,25 €	-8.191,22 €	0,00 €	-17.882,30 €	9.691,08 €
APLICACION % BAIXA ADXUDICACIÓN (8,53%)		67.929,97 €	67.231,26 €	-698,71 €	0,00 €	-1.525,36 €	826,65 €
PEM(precio de adjudicación)		728.435,50 €	720.942,99 €	-7.492,51 €	0,00 €	-16.356,94 €	8.864,43 €
13% GASTOS XERÁIS		94.696,61 €	93.722,59 €	-974,03 €	0,00 €	-2.126,40 €	1.152,38 €
6% BENEFICIO INDUSTRIAL		43.706,13 €	43.256,58 €	-449,55 €	0,00 €	-981,42 €	531,87 €
SUMA		866.838,24 €	857.922,16 €	-8.916,09 €	0,00 €	-19.464,76 €	10.548,68 €
21% I.V.A.		182.036,03 €	180.163,65 €	-1.872,38 €	0,00 €	-4.087,60 €	2.215,22 €
ORZAMENTO LIQUIDO		1.048.874,27 €	1.038.085,81 €	-10.788,46 €	0,00 €	-23.552,36 €	12.763,90 €
% DE VARIACIÓN					0,00%	-2,25%	1,22%

Á vista destes datos podemos concluír que a modificación proposta esta dentro dos limites previstos.

2.4.- Especialidades do procedemento de modificacións

O PCAP na cláusula 36 recolle como especialidades do procedemento de modificación que “que na elaboración do proxecto de obras modificado e para aquelas unidades de obra non previstas no orzamento do proxecto, terase en conta o cadro de prezos unitarios previsto no Anexo V”.

No entanto neste procedemento non foi necesario aplicar esta especialidade prevista por canto non existen unidades de obra novas non prevista no orzamento do proxecto.

3.- Do prazo de execución do contrato

O apartado 4.A das FEC recolle un prazo de execución das obras de 10 meses, contados dende o día seguinte á sinatura da acta de comprobación de replanteo (19.06.2025).

Tendo en conta as actas de suspensión temporal das obras incorporadas ao expediente de execución de obras (6691-443) e o informe de prazos asinado pola dirección facultativa o día 10.04.2026, aínda resta do prazo de execución de obras un mes e vinte e sete días.

-IV-

Procedemento de modificación do contrato

Para a modificación do contrato deberá utilizarse o procedemento previsto no artigo 191 da LCSP para o exercicio das potestades da Administración, coas especialidades previstas no



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/05/2026 09:41	Páxina 208 de 233
2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026	CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

artigo 207 da LCSP, e artigo 242 do mesmo texto que regula as especificacións propias das modificacións dos contratos de obra, e no seu caso, as previstas no prego, se se trata de modificacións previstas (artigo 207.1 LCSP). Procedemento ao que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais e os trámites previstos no artigo 102 do RLCAP.

Á vista da normativa citada resultan trámites preceptivos:

- 1) Redacción da modificación do proxecto, e previa audiencia do contratista no caso de que as modificacións supoñen a introdución de unidades de obra non previstas no proxecto ou cuxas características difiran das fixadas neste.

Neste caso as modificacións non supoñen a introdución de unidades de obra non previstas no proxecto nin as súas características difiren das fixadas neste, polo que non é necesaria a previa audiencia do contratista respecto a este extremo.

Así mesmo, consta no expediente a redacción do proxecto modificado nº1 das obras de "Humanización da rúa Lepanto", asinado pola dirección facultativa o día 10 de marzo de 2026.

- 2) Previa audiencia ao redactor do proxecto ou das especificacións técnicas, se estes documentos preparáronse por un terceiro alleo ao órgano de contratación en virtude dun contrato de servizos, para que nun prazo non inferior a tres días, formulen as consideracións que considere convenientes (artigo 191, 207 e 242 da LCSP).

Neste caso, consta audiencia aos redactores do proxecto, os cales manifestan a súa conformidade en escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello do día 13 de marzo de 2026 (trámites 308, 313 e 315 do expediente dixital).

- 3) Previa audiencia do contratista (artigo 191.1 LCSP).

Evacuado trámite de audiencia ao contratista, durante o prazo conferido para o efecto, este manifestou a súa conformidade en relación co proxecto modificado e coa modificación proposta en escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello do día 12 de marzo de 2026 (trámites 307, 311 e 312 do expediente dixital).

- 4) Aprobación técnica do proxecto modificado pola dirección facultativa o día 16 de marzo de 2026 (trámite 316 do expediente dixital).

- 5) Informe de supervisión de proxectos no supostos previstos no artigo 235 da LCSP (136.3 do RLCAP).

Neste caso consta no expediente informe favorable da Oficina de Supervisión de Proxectos e Asistencia Técnica Municipal do día 17.03.2026 (trámite 184 do expediente dixital).

- 6) Informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva no caso de modificacións non previstas no PCAP cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 191.3.b LCSP).

Neste caso non resulta necesario solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia por cuanto non concorre ningún dos requisitos previstos no citado artigo.

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/05/2026 09:41	Páxina 209 de 233
2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026	CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- 7) Informe da Asesoría Xurídica (disposición adicional 3ª da LCSP) .
- 8) Fiscalización do gasto correspondente pola Intervención Xeral (disposición adicional 3ª da LCSP e artigos 214 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e 16 do Real decreto 424/2017).
- 9) Aprobación polo órgano de contratación (artigo 102 RLCAP).
- 10) Formalización da modificación conforme ao disposto no artigo 153 da LCSP.
- 11) Publicación.

As modificacións do contrato serán obrigatorias para o contratista e deberán formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 (artigo 204, 205, 206 e 242.1 da LCSP). No caso de que a modificación supoña supresión ou redución de unidades de obra, o contratista non terá dereito a reclamar indemnización algunha (art.242.1 da LCSP).

Cando se modifique un contrato durante a súa vixencia, con independencia de se este está ou non suxeito a regulación harmonizada e da causa que xustifique a modificación, deberá publicarse en todo caso un anuncio de modificación no perfil de contratante do órgano de contratación no prazo de 5 días desde a súa aprobación, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de todos os informes que, de ser o caso, se solicitasen con carácter previo á súa aprobación, incluídos aqueles achegados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación (artigo 207.3 da LCSP).

12) Se o contrato está suxeito a regulación harmonizada, fóra dos contratos de servizos e de concesión de servizos enumerados no anexo IV, nos casos previstos nas letras a) e b) do apartado 2 do artigo 205 deberá publicarse anuncio de modificación no «Diario Oficial da Unión Europea».

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigo 114.3 TRRL). A modificación acordada será obrigatoria para o contratista (artigo 203.3 LCSP).

Ao tratarse dun contrato de obras cuxo importe de adxudicación excede os 600.000 euros, comunicarse esta modificación ao Consello de Contas (artigo 335 da LCSP).

-V-

Do reaxuste da garantía definitiva

O artigo 109.3 da LCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. O reaxuste deberá realizarse no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación.

Neste caso, como estamos ante un suposto de modificación con custo económico procede o



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/05/2026 09:41	Páxina 210 de 233
2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026	CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

reaxuste da garantía definitiva depositada polo contratista. Tendo en conta que a cláusula 24 do PCAP establece que a garantía esixida será do 5% do prezo de adxudicación excluído o IVE.

A garantía definitiva que a empresa presentou na formalización do contrato ascende á cantidade de 43.341,91 €.

Neste caso procedería que esta Administración devolvese 445,80 euros do importe da garantía definitiva. No entanto, dado que se constituíu mediante certificado de caución, deberá ser o contratista o que axuste o seguro de caución que responde da garantía definitiva.

-VI-

Recursos

Contra este acordo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da notificación deste acordo.

Alternativamente, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, con carácter previo ao recurso contencioso-administrativo, poderá interpoñerse recurso de reposición.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo en tanto non sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto (artigo 123.2 da LCSP).

-VII-

Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

-VIII-

Proposta de acordo

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.- Aprobar o proxecto modificado nº 1 das obras de “HUMANIZACIÓN RÚA LEPANTO” redactado pola dirección facultativa da obra, o enxeñeiro topográfico Pablo Saavedra Salgueiro e enxeñeiro de camiños, canais e portos Juan Manuel Sánchez González, cun orzamento total que ascende a 1.038.085,81 €, o que supón un importe líquido minorado de -10.788,46 €, dos cales un -2,25% (-23.552,36 €) corresponden a modificacións por causas xustificadas previstas no artigo 204 da LCSP. Asemade inclúese

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 211 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

un 1,22% (12.763,90 €) por variacións de medicións segundo o previsto no artigo 242.4. da LCSP.

2º.- Unha vez aprobado o acordo de modificación, o contratista deberá reaxustar a garantía definitiva reducindo en 445,80 euros o seguro de caución presentado como garantía definitiva, no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización.

3º.- Notificar este acordo ao interesado, informándolle que contra este acordo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da notificación deste acordo.

Alternativamente, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, con carácter previo ao recurso contencioso-administrativo, poderá interpoñerse recurso de reposición.

De conformidade co artigo 123.2 da LCSP, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo en tanto non sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

4º.- Publicar no perfil de contratante e no portal de transparencia.

5º.- Comunicar ao Consello de Contas.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(403).- DAR CONTA DO PASE Á VÍA DE CONSTRINXIMENTO DE MULTAS URBANÍSTICAS. EXPTE. 18990/407.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 06/05/2026, asinado pola técnica de Tesourería e Xestión de Ingresos e polo xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

Os ingresos polos distintos conceptos urbanísticos son liquidados, recadados e contabilizados polos servizos desta Xerencia Municipal de Urbanismo.

Por parte deste organismo impuxéronse multas coercitivas que non foron ingresadas no período voluntario, polo que deben pasar á vía de constrinximento.

De conformidade coa base 48ª das de execución do vixente orzamento prorrogado do Concello de Vigo e a base 5ª das propias deste Organismo Autónomo “a recadación en vía de constrinximento dos ingresos da Xerencia farase utilizando os medios da Tesourería do Concello. A proposta do Xerente, o Tesoureiro ditará a correspondente providencia de apremio”.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/05/2026 09:41	Páxina 212 de 233
2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026	CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

O Concello contabilizará extrapresupostariamente os ingresos por este concepto para o posterior traspaso á Xerencia Municipal de Urbanismo.

En consecuencia, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

Quedar informada das seguintes multas urbanísticas que se remiten ao Tesoureiro do Concello de Vigo para que dite a correspondente providencia de apremio:

Multas coercitivas:

01 382/435 (NIF ***8657**)	2.500 €
02 456/435 (NIF ***8186**)	3.000 €
03 1312/435 (NIF***0162**)	6.000 €
04 1314/435 (NIF***1989**)	1.500 €
05 1548/435 (NIF ***8332**)	1.320 €**
06 1813/435 (NIF***8398**)	3.000 €
07 1834/435 (NIF***1454**)	2.000 €
08 1997/435 (NIF****7836**)	3.000 €
09 2039/435 (NIF***9873**)	1.000 €
10 2040/435 (NIF ***9873**)	2.000 €
11 2062/435 (NIF***6905**) (**6897**)	2.000 €
12 2317/435 (NIF***9262**) (**4234**)	3.000 €
13 2355/435 (NIF ***1484**) (**1643**) (**0338**)	1.000 €
14 2372/435 (NIF ***9657**) (**1014**)	2.000 €
15 2498/435 (NIF ***5123**)	1.000 €
16 2561/ 435 (NIF***2023**)	2.000 €
17.2561/435 (NIF ***2023**)	6.000 €
18.2624/435 (NIF ***6709**)	1.000 €
19 .2624/435 (NIF ***6709**)	2.000 €
20.2633/435 (NIF ***8453**)	2.000 €
21 2694/426 (NIF ***5945**)	2.000 €
22 2694/426 (NIF ***5945**)	4.000 €
23 2725/426 (NIF***1636**)	2.000 €
24 2754/435 (NIF***8190**)	1.000 €
25 2774/435 (NIF ***9723**)	2.000 €
26 2830/435 (NIF***7258**)	1.000 €
27 2881/435 (NIF***6927**)	2.000 €
28 3035/435 (NIF***7367**)	2.000 €
29 3049/435 (NIF***7599**)	8.000 €
30 3063/435 (NIF ***2219**)	1.000 €
31 3081/435 (NIF***1820**)	2.000 €
32 3083/435 (NIF***0400**) (**2219**) (**5324**)	1.000 €
33 3150/435 (NIF ***6246**)	1.000 €
34 3180/435 (NIF ***2219**)	2.000 €
35.3193/435 (NIF ***9298**)	2.000 €
36 3194/435 (NIF***6021**)	3.000 €

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 213 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

37 3219/435 (NIF ***1778**)	2.000 €
38 3284/435 (NIF***7140**)	1.000 €
39 3296/435 (NIF****8344**)	1.000 €
40 3304/435 (NIF ***0005**)	1.000 €
41 3307/435 (NIF***5343**)	1.000 €
42 3323/435 (NIF***7853**)	1.000 €
43 3400/435 (NIF***6021**)	2.000 €
44 3400/435 (NIF***6021**)	1.000 €
45 3421/435 (NIF ***9217**)	1.000 €
46 3432/435 (NIF***9861**)	1.000 €
47 3561/435 (NIF***4518**)(***6444***)	1.000 €
48 3579/435 (NIF ***8933**)(***4886**)(***2765**)	2.000 €
49.26398/423 (NIF***3916**)	1.000 €

**A multa correspondente ao expediente 1548/435 ten un importe de 2.000 euros. Pásase a apremio a cantidade pendente de ingresar pois fixéronse pagos fraccionados.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

27(404).- DAR CONTA DO PASE Á VÍA DE CONSTRINXIMENTO DE LIQUIDACIÓNS POLAS TAXAS DE ANOTACIÓN REXISTRAL. EXPTE. 18997/407.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 06/05/2026, asinado pola técnica de Tesourería e Xestión de Ingresos e polo xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

A partir de xaneiro do ano 2000 os ingresos polos distintos conceptos urbanísticos son liquidados, recadados e contabilizados polos servizos desta Xerencia Municipal de Urbanismo.

Cando as taxas pola anotación preventiva no rexistro da propiedade non son ingresadas polos interesados no período voluntario, deben pasarse á vía de constrinximento.

De conformidade coa base 48ª das bases de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo e a base 5ª das propias deste Organismo Autónomo “a recadación en vía de constrinximento dos ingresos da Xerencia farase utilizando os medios da Tesourería do Concello. A proposta do Xerente, o Tesoureiro dictará a correspondente providencia de apremio”.

O Concello contabilizará extrapresupostariamente os ingresos por este concepto para o posterior traspaso á Xerencia Municipal de Urbanismo.

En consecuencia, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

Quedar enterada das seguintes liquidacións polas de taxas de anotación preventiva que se remiten ao Tesoureiro do Concello de Vigo para que dicte a correspondente providencia de apremio:



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 214 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

01 Expediente 25732/423 (NIF***5605**)	198,97 euros
02 Expediente 25612/423 (NIF***1952**)	68,81 euros
03 Expediente 24015/423 (NIF***9458**)	128,50 euros
04 Expediente 20807/423 (NIF***0684**)	149,96 euros
05 Expediente 21088/423 (NIF***4658**)	154,78 euros
06 Expediente 21282/423 (NIF***7175**)	165,29 euros
07 Expediente 18917/423 (NIF***8500**)	174,14 euros
08 Expediente 24012/423 (NIF ***2832**)	181,58 euros
09 Expediente 23492/423 (NIF ***6770**)	160,00 euros

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

28(405).- PROXECTO DE CONVENIO COA ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL (APAMP) PARA O DESENVOLVEMENTO DUNHA LUDOTECA DE INTEGRACIÓN NO ANO 2026. EXPTE. 10353/336.

Visto o informe xurídico de data 15/04/2026 e o informe de fiscalización do 08/05/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 14/04/2026, asinado pola técnico medio de actividades culturais e educativas e conformado pola concelleira-delegada de Turismo e Xuventude, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Segundo a lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalidade e sustentabilidade da Administración Local, establece no artigo primeiro apartado oito a redacción que terá o artigo 25, mantendo entre as competencias do municipio: "Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre".

O presente convenio está relacionado coa ocupación do tempo libre de nenos e nenas do municipio, polo que a Administración Local en base á citada lei, ten competencias propias para tal fin.

Dende a Concellería de Xuventude prantexamos a sinatura dun convenio de colaboración entre o CONCELO DE VIGO e a ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL "APAMP" para o desenvolvemento de actividades de dinamización infantil e xuvenil durante presente ano.

O obxecto do presente convenio é desenvolver un PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL, que cubra as necesidades de ocio e tempo de lecer d@s máis nov@s e cun marcado carácter formativo en valores positivos para o seu desenvolvemento integral e a súa socialización.

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/05/2026 09:41	Páxina 215 de 233
2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026	CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Este programa será levado a cabo nas instalacións do Rúa Sagunto 86, axeitadas para o desenvolvemento do mesmo, por contar cun espazo de zona axardinada ao aire libre que facilita o desenvolvemento de ditas actividades.

Que na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público e social polo que o Concello de Vigo, a través da Concellaría de Xuventude, decide apoiar a realización de actividades de dinamización en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo, e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

Que a ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL “APAMP” é a única entidade que desenvolveu este programa xeito continuado dende o ano 2002, contando cun espazo adecuado e con capacidade organizativa para afrontar esta actividade que ten un claro interese público e zonal, figurando no orzamento do presente ano unha partida nominativa específica 3370.489.00.03 cunha dotación de 28.000 €, destinada a tal fin.

A presente subvención intégrase dentro do Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local de 8 de marzo e rectificado polo acordo de 15 de marzo e contribúe aos obxectivos do devandito Plan. Tales obxectivos, son a mellora das condicións de vida de todas as persoas que residen na cidade e, polo tanto, da infancia, da mocidade, dos estudantes, dos maiores, dos xubilados, das persoas en situación de necesidade ou de exclusión social, das persoas vítimas de violencia de xénero, das persoas que emprenden unha actividade económica ou que precisan axudas para acadar un emprego, das asociacións, dos clubs deportivos e, en xeral, da cidadanía viguesa e, polo tanto, da cidade de Vigo.

Dadas as características desta actividade, así como o lugar no que se desenvolve, o Concello de Vigo entende que a organización da mesma debe recaer na entidade que a ven executando dende fai dezaseis anos, cos seguintes horarios: de luns a venres, en días hábiles, en horario comprendido entre as 16:00 e 20:00 hs., xuño (desde o fin da actividade escolar), xullo, setembro (ata o inicio da actividade escolar), Nadal, Entroido e Semana Santa é de 9h a 14.00 h No mes de agosto non se prestará o servizo.

A ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL “APAMP” destinará á actividade un mínimo de dúas persoas con formación en Mestre/a de Educación Infantil que traballarán en equipo diariamente e de forma conxunta, sen que en ningún caso a vixianza e atención dos menores poida, por seguridade destes, ser prestada por unha soa persoa.

Por todo elo propónse a necesidade da sinatura dun convenio de colaboración para a xestión da Ludoteca de Integración durante o presente ano. Esta subvención cun importe de 28.000 € establécese a través dun convenio coa ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL “APAMP”.

A normativa aplicable está de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 216 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

adecuado para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos xerais do estado o das corporacións locais, sen perxuízo do que a este respecto estableza a súa normativa reguladora.

Cómpre subliñar que dita entidade é unha das tres coas que a Concellería de Xuventude asinará convenios para o desenvolvemento de actividades de dinamización infantil e xuvenil na cidade de Vigo.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL (APAMP) PARA O DESENVOLVEMENTO DA LUDOTECA DE INTEGRACIÓN.

En Vigo, a data de sinatura dixital.

REUNIDOS

Dunha parte, dona **ANA MARÍA MEJÍAS SACALUGA** na súa calidade de **CONCELLEIRA DA ÁREA DE GOBERNO DE EMPREGO, PATRIMONIO, TECNOLOXÍA E RELACIÓN COAS EMPRESAS, TURISMO E XUVENTUDE DO CONCELLO DE VIGO**, na representación legal do mesmo, en virtude do acordo da Xunta de Goberno Local do 22 de xuño de 2023 que aproba o texto consolidado de competencias da XGL nos concelleiros/as delegados/as de área e nos demais delegados/as de competencias; con enderezo na Praza do Rei, nº 1, CP 36202, no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron concedidas por razón do seu cargo.

Doutra, D. **MANUEL FERNÁNDEZ COVELO**, con DNI: 36041657J como presidente da **ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL "APAMP"** (en adiante A ASOCIACIÓN), C.I.F. G-36624120 e enderezo social na rúa Miguel Hernández nº 1 CP 36210, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente número 10095/336

Recoñecéndose mutuamente os comparecentes a plena capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio.

MANIFESTAN

I.- Que a ASOCIACIÓN ten entre os seus fins o facilitar os medios adecuados para que as persoas con discapacidade psíquica-física de calquera índole adquiran os coñecementos e aptitudes necesarias para a súa normalización e integración social, así como o desenvolvemento de programas de respiro familiar.

Estes obxectivos concordan co desenvolvemento da actividade de Ludoteca de Integración que propoñen e coinciden cos da Concellería de Xuventude no que se refire ao desenvolvemento de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 217 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

II.- De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2. l) e m) da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e co artigo 80 da lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, nas materias de promoción do deporte, da cultura e na da ocupación de tempo libre.

III.- Que o Concello de Vigo a través da Concellería de Xuventude ten entre os seus obxectivos a dinamización xuvenil, así como o potenciar a participación e a integración, apoiando iniciativas xuvenís e das entidades prestadoras de servizos á xuventude.

Que unha das liñas de acción empregadas para cumprir os obxectivos citados é a potenciación de espazos lúdicos para nenas e nenos onde se poida favorecer a integración, combinando tempo de lecer, diversión e desenvolvemento persoal integral a través do xogo, a cal ven a coincidir coa proposta que realiza a ASOCIACIÓN, referida ao desenvolvemento da actividade de Ludoteca, polo que considerase conveniente a concesión da subvención solicitada, tendo en conta que a actividade de Ludoteca de Integración proposta na solicitude de subvención é, como sinala García de Enterría, “a actividade xurídica da Administración pública que comporta o outorgamento de auxilios directos ou indirectos para servizos ou actividades que complementan ou suplen os atribuídos ó ente público”.

IV.- Por todo elo, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación orzamentaria 3370.489.00.03, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 28.000 euros, a favor da ASOCIACIÓN

V.- Que a ASOCIACIÓN non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente número 10095/336.

VI.- A presente subvención intégrase dentro do Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local de 8 de marzo e rectificado polo acordo de 15 de marzo e contribúe aos obxectivos do devandito Plan. Tales obxectivos, son a mellora das condicións de vida de todas as persoas que residen na cidade e, polo tanto, da infancia, da mocidade, dos estudantes, dos maiores, dos xubilados, das persoas en situación de necesidade ou de exclusión social, das persoas vítimas de violencia de xénero, das persoas que emprenden unha actividade económica ou que precisan axudas para acadar un emprego, das asociacións, dos clubs deportivos e, en xeral, da cidadanía viquesa e, polo tanto, da cidade de Vigo.

VII.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento xurídico habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos municipais, os intervenientes, conclúen o presente convenio fin de regular os termos da concesión, con arranxo as seguintes,



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 218 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto do presente Convenio é formalizar, para os efectos previstos no artigo 22.2.a) de a Lei 58/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, a concesión directa por parte do Concello de Vigo á ASOCIACIÓN dunha subvención nominativa consistente nunha axuda económica para o desenvolvemento da actividade de Ludoteca de Integración co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación e integración nos distintos ámbitos da sociedade.

SEGUNDA.- COMPROMISOS DAS PARTES

A ASOCIACIÓN comprométese a desenvolver as funcións e accións previstas neste convenio e, concretamente, a:

- 1.- Desenvolver as actuacións recollidas na cláusula primeira deste convenio, e que constitúen o seu obxecto.
- 2.- Ofrecer un espazo de integración e de lecer educativo estable para rapaces e rapazas comprendidos entre 4 e 10 anos, como mínimo, no inmovible da rúa Sagunto nº 86, 36205 da cidade de Vigo, de acordo co programa presentado, atendendo diariamente a un máximo de 24 nenos e nenas.
- 3.- Promover o desenvolvemento cognitivo, psicomotor, afectivo e social das persoas destinatarias a través do xogo e de actividades lúdicas.
- 4.- Favorecer a participación e a integración social dos persoas destinatarias, así coma das súas familias.
- 5.- Facilitar a adquisición de normas e hábitos saudables e de convivencia entre os persoas destinatarias, así como o desenvolvemento máximo de habilidades e capacidades persoais e grupais.
- 6.- Procurar a conciliación da vida laboral e familiar axustando os horarios das actividades ás necesidades e características específicas das familias do contorno.
- 7.- Mensualmente entregará ao Servizo de Xuventude a programación das actividades a desenvolver, así como un informe en formato dixital da evolución do servizo e traballo realizado no que deberá incluír:
 - Número de altas e baixas de usuarios e usuarias (sexo, idade e código postal).
 - Actividades realizadas, incluíndo o número de participantes en cada unha delas, así como fotografías das mesmas.Estes informes deberán ser entregados dentro dos cinco primeiros días hábiles do mes seguinte á realización das actividades.
- 8.- Posibilitar o coñecemento da cultura e da lingua galega, a historia da cidade e os recursos dos que dispón.

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 219 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Pola súa banda, o **Concello de Vigo**, a través da Concellería de Xuventude, comprométese a:

1.- Garantir a prestación adecuada das actividades de Ludoteca a traveso da supervisión das mesmas polo persoal técnico da Concellería de Xuventude, que será o encargado do seguimento da execución do convenio, así como certificar o seu cumprimento unha vez rematadas as actividades obxecto do mesmo.

2- Conceder directamente á ASOCIACIÓN unha subvención por importe de 28.000 €, co obxecto de coadxuvar ao financiamento da actividade de Ludoteca de Integración no ano **2025**.

TERCEIRA.- VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio enténdese vixente e surte efectos **desde o 15 de novembro de 2025 ao 13 de novembro de 2026**, polo que ten efectos retroactivos a dita data desde o día da súa firma.

O presente convenio non será prorrogable.

CUARTA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentado pola ASOCIACIÓN incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 53.040,73 CINCUENTA E TRES MIL COREANTE CON SETENTA E TRES EUROS.

O Concello de Vigo financiará os gastos que se deriven do presente convenio de colaboración coa cantidade de **28.000,00 € (vinte e oito mil euros)**.

Este financiamento realizarase con cargo á aplicación presupostaria 3370.489.00.03 Subvención Ludoteca APAMP do vixente presuposto municipal.

QUINTA.- RECURSOS HUMANOS E INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

A Asociación de Familias de Persoas con Parálise Cerebral deberá destinar á actividade un mínimo de dúas persoas, que traballarán en equipo diariamente e de forma conxunta, non podendo por seguridade dos menores asistentes, estar unha sola persoa en ningún momento en que se desenvolva a actividade. Este persoal contará coa titulación de Diplomado/a Mestre/a de Educación Infantil.

De conformidade co esixido no artigo 13.5 de a Lei Orgánica 1/1996 de Protección Xurídica do Menor, modificado por a lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia, non poderán adscribirse á execución das actividades obxecto deste convenio os profesionais que fosen condenados por sentenza firme por delitos contra a liberdade e identidade sexual.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 220 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

A tales efectos, estarase ao disposto en artigo 9 do Real Decreto 1110/2015, do 11 de decembro (BOE non 312 do 30 de decembro), polo que se regula o Rexistro Central de Delincuentes Sexuais.

A documentación da acreditación destes antecedentes penais deberán ser entregados ao Concello antes de que os traballadores teñan contacto cos/as menores.

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as actuacións subvencionadas que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha directa nin subsidiaria ó Concello de Vigo. A ASOCIACIÓN será a única responsable dos custos salariais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos.

SEXTA.- XUSTIFICACIÓN DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA

O prazo de xustificación **finalizará o 13 de novembro de 2026**. Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan (Art. 70 do RD 887/2006).

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a ASOCIACIÓN está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org> e incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

A beneficiaria deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

A xustificación dos fondos efectuarase segundo a modalidade de conta xustificativa con entrega de xustificantes de gasto, e conterá con carácter xeral a seguinte documentación:

- a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- b) **Memoria económica** xustificativa do custe das actividades realizadas, que incorporará:
 - Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/05/2026 09:41	Páxina 221 de 233
2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026	CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- *Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se achen con especificación da súa data de emisión, proveedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.*
- *Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.*
- *As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. As facturas cumprarán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención de dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.*
- *De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.*

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DA ACTIVIDADE

A ASOCIACIÓN debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada previa conformidade do Servizo de Xuventude.

O nome e anagrama do Concello de Vigo figurará, de forma visible, en todas as actividades que se realicen en execución do presente Convenio, así como nos medios que se empreguen para a súa difusión. Ao mesmo tempo, na difusión e publicidade que se faga en calquera das actividades levadas a cabo no marco deste convenio, destacarase en lugar preeminente a colaboración económica deste Concello.

A información sobre as actividades especialmente en carteis e programas estará integramente en idioma galego.

OITAVA.- PAGO DA SUBVENCIÓN

O pago da subvención realizarase previa xustificación por parte da entidade beneficiaria

Co obxecto de facilitar á entidade o pago de salarios de persoal e seguros sociais do mesmo, e tendo en conta que se trata dunha entidade sen ánimo de lucro e cunha economía limitada, o pago dos gastos derivados do presente convenio realizarase en dous prazos, cada un por importe do cincuenta por cento (50%) da cantidade consignada na aplicación presupostaria 3370.489.00.03.

- *A primeira das entregas efectuarase a firma do presente convenio por importe de catorce mil euros (14.000 €).*
- *O 50% restante por importe catorce mil euros (14.000 €), abonarase á finalización do mesmo, previa certificación de cumprimento.*

Debido ás razóns anteriormente descritas, non se establecen réxime de garantías dos fondos entregados.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 222 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a Asociación beneficiaria presente previamente unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de Subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

Antes de proceder ao pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

NOVENA.- SUBCONTRATACIÓN

A entidade beneficiaria da subvención poderá subcontratar ata un porcentaxe do 75 por 100 do importe da actividade subvencionada cos límites e obrigacións establecidos no artigo 29 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.

Non poderán ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei.

DÉCIMA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

*Conforme á Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) no seu art. 31.1 consideraranse gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o **15 de novembro de 2025 e o 16 de novembro de 2026**. O IVE soportado, que deberá constar desglosado, será subvencionable cando o beneficiario non poida deducilo, recuperalo ou compensalo.*

Serán gastos directos subvencionables os que figuran a continuación:

- a) As retribucións do persoal directamente vinculado ao desenvolvemento das actividades establecido na cláusula quinta do presente convenio.*
- b) A contratación dos servizos necesarios para a realización das actividades de dinamización e o resto de actividades subvencionadas.*
- c) Os seguros de accidentes e de responsabilidade civil que cubran estas continxencias para os nenos e nenas e persoas participantes nas actividades*
- d) Os gastos de comunicación, publicidade e difusión das actividades.*

*En relación cos **gastos indirectos** ou gasto xerais da Asociación (alugueros, enerxía eléctrica, auga, calefacción, teléfono, internet, e outros gastos como material de oficina e limpeza), imputaranse á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda e na medida en que estean relacionados de maneira indubitada e se realicen no período no que se desenvolva a actividade.*

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 223 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Os gastos indirectos non poden superar o 10% do presuposto que presenta a Asociación para o desenvolvemento das actividades.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais non poderán ser considerados gastos indirectos sendo subvencionable solo en caso que se traten de gastos directamente relacionados coa actividade subvencionada e sexan imprescindibles para a adecuada preparación ou execución da mesma.

Os gastos que se subvencionan neste Convenio corresponderán a gastos correntes non admitíndose os gastos de investimento en bens de equipos.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de contratos para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, salvo que non exista mercado para ditas contratacións.

Non serán admisibles xustificacións de gastos realizados para o cumprimento de fins distintos dos do proxecto subvencionado, e só admitiranse as xustificacións de gastos realizados dentro do prazo de execución establecido no parágrafo primeiro.

En virtude do art. 33 da LXS, o Concello de Vigo, poderá comprobar o valor de mercado dos gastos subvencionados empregando un ou varios dos medios taxados no referido artigo.

De conformidade co art. 30.4 da citada lei, cando as actividades fosen financiadas, ademais de con a subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

DÉCIMO PRIMEIRA.- OBRIGACIÓNS DO BENEFICIARIO.

A ASOCIACIÓN, comprométese ao cumprimento das obrigacións establecidas no art. 14 da Lei Xeral de Subvencións e das que a continuación se describen:

- 1. Realizar as actividades para a que se concede a subvención, axustándose aos termos do presente Convenio.*
- 2. Presentar mensualmente o programa das actividades a desenvolver, nos primeiros cinco días do mes seguinte.*
- 3. Acreditar ante o Concello a realización da actividade e cumprir cos requisitos e condicións que determinan a concesión da subvención.*
- 4. Someterse ás actuación de comprobación e facilitar tanta documentación e datos lle sexan solicitados en relación coas facultades de control da actividade subvencionada.*
- 5. Realizar a actividade co persoal requirido na cláusula quinta deste convenio para o desenvolvemento das actividades obxecto do mesmo.*



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 224 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

6. *Asumir toda a responsabilidade que puidese derivarse da organización e desenvolvemento das actividades definidas para alcanzar a finalidade deste Convenio de tal forma que o Concello de Vigo quede exonerada de calquera clase de responsabilidade. A tal fin, deberá contratar unha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento das actividades. A ASOCIACIÓN entregará ao Servizo de Xuventude copia da póliza e do recibo de pago correspondente antes da firma do presente convenio.*
7. *Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.*
8. *Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.*

DÉCIMO SEGUNDA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de Subvencións.

Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

DÉCIMO TERCEIRA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención, así como a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polos servizos da Concellería de Xuventude.

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 225 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

O persoal técnico do servizo de Xuventude emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada, que será incorporado á conta xustificativa para a súa tramitación.

DÉCIMO CUARTA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Servizo de Xuventude e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso a Información Pública e Bo Goberno.

DÉCIMO QUINTA .- REINTEGRO

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da Lei de Galicia 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

O incumprimento da obriga de destinar á actividade un mínimo de dúas persoas configúrase como unha obriga esencial na actividade obxecto da subvención, cuxo incumprimento dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención e ao reintegro das cantidades percibidas.

DÉCIMO SEXTA .- INFRACCIÓN E SANCIÓN

En canto ás infracción e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarse ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvenciones de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

De acordo co previsto no artigo 64 do regulamento da Lei 38/2003 xeral de subvencións, a resolución ou acordo de concesión poderase modificar, a solicitude do beneficiario, cando circunstancias sobrevidas ou imprevisibles supoñan unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, sempre que as mesmas non desvirtúen a natureza



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 226 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

ou obxectivos da subvención concedida, que a modificación non dane dereitos de terceiros e que a solicitude se presente antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.

En tal caso, a proposta de modificación haberá de comunicarse con carácter inmediato á aparición das circunstancias que a xustifiquen á Concellería de Xuventude estando suxeita á aprobación do órgano concedente da subvención. Así mesmo, unha vez adoptada a resolución da concesión, poderá realizarse un reaxuste na distribución dos gastos da actividade subvencionada, previa autorización do órgano concedente e sempre que a autorización non dane dereitos de terceiros.

O incumprimento, total ou parcial, dalgunha das condicións establecidas no presente convenio dará lugar á súa rescisión e ás accións que, no seu caso, correspondan a ambas as partes. Desta maneira, a ASOCIACIÓN quedaría obrigada ao reintegro delas cantidades percibidas indebidamente, sen prexuízo das responsabilidades en que puidese incorrer, en aplicación do disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.- RESOLUCIÓN DO CONVENIO

De acordo co previsto no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución: motivo de resolución do convenio incorrer nalgunha das seguintes causas:

- 1. O transcurso do prazo de vixencia do convenio.*
- 2. Acordo unánime de todos os asinantes.*
- 3. Incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes neste convenio. Neste caso, calquera das partes poderá notificar a parte incumpridora un requirimento para que se cumpra nun determinado prazo, transcorrido o mesmo se persistira o incumprimento, notificarase as partes asinantes a causa de resolución e se entenderá resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados, atendendo ao valor económico das obrigas deixadas de cumprir.*
- 4. Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio*
- 5. Por calquera outra causa distintas anteriores prevista no convenio ou noutras leis vigentes.*

DÉCIMO NOVENA.- PROTECCIÓN DE DATOS

A ASOCIACIÓN está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 227 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria

Os datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Xuventude.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Xuventude do Concello de Vigo.

VIXÉSIMA.- NATUREZA XURÍDICA, RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN COMPETENTE

Este convenio ten natureza administrativa e atópase excluído do ámbito da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en virtude do establecido no artigo 6 do devandito texto legal.

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e polo Regulamento de desenvolvemento desta Lei, aprobado polo RD 887/2006, de 21 de xuño, pola Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e polas restantes normas de dereito administrativo: a lexislación básica do estado en materia de réxime local; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Dada a natureza administrativa do presente Convenio, as cuestións litixiosas que puidesen suscitarse na súa execución, liquidaranse ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativo.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo no lugar e data que se indican.

*Presidente de APAMP
Asdo: Manuel Fernández Covelo*

*A Concelleira da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio,
Tecnoloxía E Relación coas empresas, Turismo e Xuventude
Asdo: Dna. Ana María Mejías Sacaluga*

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: "Aprobar a concesión da subvención nominativa a favor da entidade ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL "APAMP" para o desenvolvemento do proxecto xeral da actividade de Ludoteca Inclusiva dirixido a nenas e nenos de 4 a 10 anos e aprobar o texto do convenio que a regula.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/05/2026 09:41	Páxina 228 de 233
2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026	CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 28.000 euros a favor da entidade CONCELO DE VIGO e a ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL "APAMP", C.I.F. G36624120 e enderezo social na rúa MIGUEL HERMANDEZ, 1.- 36210 VIGO, con cargo á aplicación orzamentaria 3370.489.00.03 do vixente orzamento.

TERCEIRO: Que por ser unha entidade sen ánimo de lucro e cunha economía limitada se libre a cantidade de 14.000€ correspondentes á sinatura deste convenio, e o 50% restante (14.000 €) á finalización do mesmo, ao tratarse dunha entidade sen ánimo de lucro con fins estritamente de carácter social non se esixen garantías".

CUARTO: Ordear a publicación da concesión da subvención na Base de Datos Nacional de Subvencións, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org) aos efectos do disposto nos artigos 20 LXS e 35 do RLXS, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

.- Expediente de contratación da prestación do servizo de actuación artística de "Molotov": espectáculos de verán "Vigo en Festas 2026". Expte. 10639/335.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incurso en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 229 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

29(406).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE "MOLOTOV": ESPECTÁCULOS DE VERÁN "VIGO EN FESTAS 2026". Expte. 10639/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico de data 12/05/2026 e o informe de fiscalización do 13/05/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 12/05/2026, asinado pola técnica media de actividades culturais e educativas, a xefa do Servizo de Festas e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017 (RLCSP).
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, no que non se opoña á Lei 9/2017 (RL-CAP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución do 08/05/2026, a concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal resolveu iniciar o expediente de contratación do espectáculo do artista "MOLOTOV" dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2026"

Segundo.- No expediente tramitado para o efecto consta a seguinte documentación:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), coa resolución da concellería delegada que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 08/05/2026.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/05/2026 09:41	Páxina 230 de 233
2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026	CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

- Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2026, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 19 de decembro de 2025 e publicado no perfil de contratante, dentro do obxecto contractual “Servizo de contratación de actuacións artísticas singulares para “Vigo en Festas 2026”.
- O 17 de outubro de 2025 publicouse na Plataforma de Contratación do Estado unha “Convocatoria pública para a selección de actuacións artísticas ou espectáculos para o auditorio de Castrelos e outras localizacións no verán 2026”, no marco do expediente 10551-335.
- A Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal aprobou en data 8 de maio unha cuarta selección das actuacións artísticas ou espectáculos para o Auditorio de Castrelos e outras localizacións no verán 2026, na que está incluída esta actuación artística, que foi publicada no Perfil do Contratante con data 12/05/2026.
- Memoria económica de data 08/05/2026, relativa aos seguintes extremos:
 - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
 - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
 - Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
- Retención de crédito de data 09/05/2026 (operación nº 1202600053042).
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP) de data 11/05/2026.
- Memoria xustificativa, de data 11/05/2026, relativa aos seguintes extremos:
 - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP).
 - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP) e, no seu caso, a xustificación do establecemento de limitacións aos licitadores (artigo 99.4 da LCSP).
 - Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP)
 - Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
 - Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).
 - Xustificación da non fixación dos criterios para a consideración de ofertas anormalmente baixas (só cando son distintos aos previstos con carácter xeral nos pregos ou ben no RLCAP).
 - Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2026 09:41

Páxina 231 de 233

2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026

CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- Informe do Servizo de Contratación do 11/05/2026 sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Consta acreditado no expediente, segundo informe do Servizo de Contratación de data 11/05/2026, que a mercantil ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS SLU , ten cedidos os dereitos de exclusiva para levar a cabo a actuación de “MOLOTOV” o día 16/07/2026 no Auditorio de Castrelos.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 11/05/2026.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciarase polo órgano de contratación. Por resolucións de Alcaldía de delegacións competenciais de data 20/06/2023, 28/06/2023 e resolución de modificación de delegación de competencias do 28 de xuño de 2024, vixentes no momento da iniciación deste expediente, corresponde á Concelleira da área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal o inicio do expediente.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas particulares redactado pola Xefa do Servizo de Festas e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento negociado sen publicidade, por canto, de acordo co artigo 168.a 2º LCSP, por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só pode encomendarse a un empresario determinado.

Consta acreditado no expediente que ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS SLU, tal e como se puxo de releve nos antecedentes, ostenta os dereitos de exclusiva para a realización de este concerto.

Cuarto.- Con carácter previo á aprobación do expediente, emitirase informe preceptivo da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP).

Quinto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional 2ª.4 da LCSP). A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/05/2026 09:41	Páxina 232 de 233
2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026	CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2089/1102

PROPOSTA

Por todo o exposto, e previo informe xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria para a contratación do espectáculo do artista “MOLOTOV” dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2026”.

Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 11/05/2026 e o prego de cláusulas administrativas particulares do 11/05/2026.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe de 175.450,00 euros, sendo o valor estimado do contrato de 145.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

30(407).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez

S.ord. 15/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/05/2026 09:41	Páxina 233 de 233
2089-1102 Aprobado por XGL 22/05/2026	CSV: AFB5BA-BE334D-D5D5D3-LXZHYE-61FZJU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		